A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (gráfico 2.2) permite constatar que o tecido empresarial da comunidade galega experimenta un lixeiro aumento (0,20%), aínda que por baixo da variación rexistrada en España (1,49%).

Gráfico 2.2. Taxa de variación do número de empresas rexistradas. Galicia/España. 2003-2024



Elaboración propia con datos do INE

A información anterior pódese completar cos datos das empresas con actividade en Galicia (IGE), que inclúe empresas pero tamén as unidades locais e as organizacións do sector primario (cadro 2.1b). A análise indica que redúcese de media case un 4,5 %, sendo especialmente maior a redución na construción (-8,5%) e na industria -incluída a enerxía- (-6,3%).

Cadro 2.1b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009). 2018-2023

	Nº empresas						Evolución do Nº empresas				
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
1 Agricultura e pesca	41.233	40.945	40.918	39.552	37.879	**36.691**	-0,70%	-0,07%	-3,34%	-4,23%	-3,14%
2 Industria, incluída a enerxía	14.712	14.708	14.035	13.703	13.594	**12.735**	-0,03%	-4,58%	-2,37%	-0,80%	-6,32%
3 Construción	31.350	30.883	29.330	28.820	28.961	**26.490**	-1,49%	-5,03%	-1,74%	0,49%	-8,53%
4 Servizos	160.336	161.709	161.377	159.172	160.853	**154.585**	0,86%	-0,21%	-1,37%	1,06%	-3,90%
Total	**247.631**	**248.245**	**245.660**	**241.247**	**241.287**	**230.501**	**0,25%**	**-1,04%**	**-1,80%**	**0,02%**	**-4,47%**

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

O peso relativo das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado (cadro 2.2) en 2024 foi do 5,7%, lixeiramente por baixo de 2023 que foi do 5,8%. A participación nos últimos anos baixou dende o 6,1% que foi o máximo da serie.

Cadro 2.2

Evolución do número total de empresas. Galicia/España. 2008-2024

Ano	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	203.374	201.263	198.874	196.535	194.511	192.998	191.745	195.595	197.538
España	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576	3.199.617	3.146.570	3.119.310	3.186.878	3.236.582
%	5,9	6,0	6,0	6,0	6,1	6,1	6,1	6,1	6,1
Ano	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**	
Galicia	198.923	200.801	200.972	197.813	194.657	196.530	185.179	185.554	
España	3.282.346	3.337.646	3.363.197	3.404.428	3.366.570	3.430.663	3.207.580	3.255.276	
%	6,1	6,0	6,0	5,8	5,8	5,7	5,8	5,7	

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O cadro 2.3a completa esta información, ampliando o marco temporal de análise e engadindo a distribución xeográfica das empresas en Galicia e nas súas provincias. As principais conclusións son as seguintes:

- En 2024 prodúcese un aumento de empresas nas provincias de Pontevedra (258), A Coruña (191) e Ourense (16). Lugo é a única provincia que recolle un descenso (90).
- Por número de empresas, o peso relativo das provincias de A Coruña (41,4%) e Pontevedra (35,2%) resulta evidente. Estas dúas provincias concentran a maior parte do tecido empresarial galego, confirmando a distribución asimétrica de empresas entre as provincias galegas, onde as localizadas na Coruña e Pontevedra (sete de cada dez) son claramente superiores ás situadas nas provincias orientais.
- A evolución global do período (1995-2024) reflicte un menor dinamismo empresarial na comunidade galega. O número de empresas aumenta un 25,9%, fronte ao incremento superior ao 41,4% do número de empresas a nivel estatal. As empresas de Pontevedra superan con claridade a media de crecemento do tecido empresarial galego, acadando un 25,9%; mentres que as de A Coruña recollen un aumento do 24,7%. Os crecementos son notablemente inferiores en Lugo e Ourense, dun 14,4% e 93%, respectivamente.
- No cómputo conxunto do período, as empresas creadas en Galicia representan o 4,0% das empresas de nova creación en España nestes anos.

- En 2024 o peso relativo das empresas galegas en relación ao total nacional foi do 5,7%, recollendo un notable descenso dende 1995, onde a importancia relativa era do 6,4%.

Cadro 2.3a

Distribución das empresas por provincias. Galicia/España. 1995-2024

	Nº empresas						Peso relativo provincias/Galicia				Peso relativo Galicia/España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	41,8%	13,4%	12,9%	31,9%	6,4%
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	41,9%	13,3%	13,0%	31,9%	6,4%
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	41,9%	13,2%	12,9%	31,9%	6,4%
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	41,8%	13,2%	12,8%	32,1%	6,4%
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	40,2%	13,5%	13,1%	33,1%	6,2%
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	41,8%	13,1%	12,6%	32,5%	6,4%
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	41,7%	13,0%	12,6%	32,6%	6,3%
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	40,0%	13,2%	12,8%	34,0%	6,1%
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	41,2%	12,9%	12,4%	33,5%	6,2%
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	41,3%	12,4%	12,2%	34,0%	6,2%
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	41,5%	12,4%	12,1%	34,0%	6,1%
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	41,3%	12,4%	11,9%	34,4%	6,0%
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	41,4%	12,3%	11,8%	34,5%	6,0%
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	41,4%	12,3%	11,7%	34,6%	5,9%
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	41,6%	12,4%	11,6%	34,5%	6,0%
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	41,6%	12,4%	11,6%	34,4%	6,0%
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	41,4%	12,5%	11,7%	34,5%	6,0%
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	41,3%	12,5%	11,7%	34,4%	6,1%
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	41,6%	12,3%	11,8%	34,3%	6,1%
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	41,6%	12,3%	11,7%	34,4%	6,1%
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	41,4%	12,3%	11,6%	34,6%	6,1%
2018	83.313	24.760	23.291	69.437	200.801	3.337.646	41,5%	12,3%	11,6%	34,6%	6,0%
2019	83.316	24.792	23.166	69.698	200.972	3.363.197	41,5%	12,3%	11,5%	34,7%	6,0%
2020	81.599	24.432	22.682	69.100	197.813	3.404.428	41,3%	12,4%	11,5%	34,9%	5,8%
2021	80.233	24.059	22.322	68.043	194.657	3.366.570	41,2%	12,4%	11,5%	35,0%	5,8%
2022	81.161	24.109	22.373	68.887	196.530	3.430.663	41,3%	12,3%	11,4%	35,1%	5,7%
2023	76.652	22.600	20.839	65.088	185.179	3.207.580	41,4%	12,2%	11,3%	35,1%	5,8%
2024	**76.843**	**22.510**	**20.855**	**65.346**	**185.554**	**3.255.276**	**41,4%**	**12,1%**	**11,2%**	**35,2%**	5,7%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Por outra banda, a análise da evolución interanual recente (2010-2024) das empresas rexistradas en cada unha das provincias (cadro 2.3b) sinalan un lixeiro decrecemento en Lugo (-0,40%) . Os datos de 2024 reflicten un mellor comportamento que en 2023. En Ourense aumenta un 0,08%, en Pontevedra un 0,40% e en A Coruña un 0,25%.

Cadro 2.3b

Evolución interanual nº empresas. 2010-2024

	Variación anual nº empresas					
Ano	**A Coruña**	**Lugo**	**Ourense**	**Pontevedra**	**Galicia**	**España**
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41
2018	1,10	0,86	0,65	0,88	0,94	1,68
2019	0,00	0,13	-0,54	0,38	0,09	0,77
2020	-2,06	-1,45	-2,09	-0,86	-1,57	1,23
2021	-1,67	-1,53	-1,59	-1,53	-1,60	-1,11
2022	1,16	0,21	0,23	1,24	0,96	1,90
2023	-5,56	-6,26	-6,86	-5,51	-5,78	-6,50
2024	0,25	-0,40	0,08	0,40	0,20	1,49

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Os gráficos 2.3 e 2.4 achegan unha nova perspectiva desta evolución relativa, confirmando a concentración empresarial en torno ás provincias atlánticas. Así, en 2024 o 41% das empresas son da provincia de A Coruña e o 35% da provincia de Pontevedra. A distribución das empresas mantívose relativamente estable ao longo dos anos, con cambios menores en cada provincia. A Coruña mantén o seu liderado como a provincia con maior número de empresas, representando consistentemente arredor do 41-42% do total de empresas en Galicia. A tendencia lixeiramente ascendente en Pontevedra destaca a súa crecente importancia no contexto empresarial galego, mentres que Lugo e Ourense presentan participacións estables claramente inferiores.

Gráfico 2.3. Número de empresas por provincias. 2010-2015-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Gráfico 2.4. % provincial no total de empresas en Galicia. 2010-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A distribución das empresas por sectores económicos (cadro 2.4a) amosa unha menor participación no sector "resto de servizos" en comparación coa media estatal (58,6% en Galicia fronte ao 61,7% en España), o que suxire unha menor dependencia dos servizos en comparación co conxunto do país. O peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega. En particular, a construción e o comercio rexistran unha maior participación en Galicia, indicando unha maior relevancia destes sectores na economía galega.

Cadro 2.4a

Distribución das empresas. Por sectores económicos(1). Galicia/ España. 2012-2024

Sector	2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,9	6,7	6,8	6,6	6,6	6,4	6,4	6,2	6,2	6,0	6,3	6,1	6,5	6,2
Construción	16,3	14,5	15,6	13,5	15,4	13,1	15,2	12,7	15,1	12,6	14,9	12,3	14,8	12,4
Comercio	25,9	24,2	26,0	24,3	25,8	24,6	25,4	24,0	24,8	23,4	24,4	23,0	23,9	22,4
Resto de servizos	50,9	54,6	51,7	55,6	52,2	56,2	52,9	57,1	53,8	58,0	54,4	58,7	54,8	59,0

Sector	2019		2020		2021		2022		2023		2024	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,3	5,9	6,1	5,7	6,1	5,7	6,0	5,6	5,8	5,5	**6,0%**	**5,7%**
Construción	14,8	12,6	14,2	12,3	14,1	12,4	14,1	12,4	13,4	11,8	**12,3%**	**11,2%**
Comercio	23,6	22,0	22,9	21,3	22,7	21,2	22,2	20,8	21,6	20,2	**23,1%**	**21,5%**
Resto de servizos	55,3	59,5	56,8	60,6	57,2	60,7	57,7	61,2	59,2	62,6	**58,6%**	**61,7%**

(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.
Fonte: INE, DIRCE.

A análise da distribución das empresas por sectores económicos en Galicia e España (gráfico 2.5) revela que a participación relativa do sector industrial diminúe en ambos contextos, reflectindo unha posible tendencia de desindustrialización. A participación no sector da construción tamén diminúe, aínda que Galicia mantén unha proporción superior de empresas neste sector. A redución na participación do sector do comercio é consistente en Galicia e España, pero Galicia mantén unha lixeira vantaxe. O sector dos servizos experimenta un aumento significativo na súa participación, consolidándose como o sector máis dominante tanto en Galicia como en España.

Gráfico 2.5. Peso relativo das empresas nos sectores económicos. Galicia. 2007-2024



Elaboración propia con datos do INE.

En consecuencia, a análise da distribución empresarial por sectores (gráfico 2.6) debuxa unha transformación similar en Galicia e España, cun aumento da presenza de empresas no sector de "resto de servizos" e unha contracción nos sectores industrial, de construción e comercio. Entre 2024-2014, en Galicia, as empresas do "resto de servizos" aumentaron a súa participación en 7,9 puntos porcentuais, mentres que as industriais diminuíron en 0,9 puntos, as de construción caeron 2,1 puntos e as comerciais retrocederon 4,9 puntos. En España, o sector de servizos tamén avanzou 7,5 puntos, con caídas máis pronunciadas no sector comercial (5,1 puntos) e menos intensas na construción (-1,3) e industria (-1,0).

Gráfico 2.6. Empresas por sectores económicos. Galicia/España. 2015-2024



Disposición das barras: Industria-Construción-Comercio-Resto de servizos.
Elaboración propia con datos do INE.

A análise dos datos do IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia distribuída por provincias (cadro 2.4b e cadro 2.4c) non presenta variacións en relación co previamente comentado, máis aló das relacionadas co diferente tamaño do seu respectivo tecido empresarial.

Cadro 2.4b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009). 2018-2023

		A Coruña							
		2018	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	101.520	101.609	99.932	97.981	98.095	**93.688**	-4.407	-4,70%
	Agricultura e pesca	15.558	15.430	15.216	14.639	13.926	**13.442**	-484	-3,60%
	Industria, incluída a enerxía	5.695	5.646	5.325	5.146	5.090	**4.761**	-329	-6,91%
	Construción	12.849	12.757	12.011	11.784	11.866	**10.799**	-1.067	-9,88%
	Servizos	67.418	67.776	67.380	66.412	67.213	**64.686**	-2.527	-3,91%

		Lugo							
		2018	2019	2020	2021	2022	2023	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	37.405	37.490	37.300	36.082	35.568	**33.861**	-1.707	-5,04%
	Agricultura e pesca	11.917	11.981	12.105	11.349	10.843	**10.415**	-428	-4,11%
	Industria, incluída a enerxía	1.865	1.862	1.790	1.764	1.738	**1.637**	-101	-6,17%
	Construción	4.136	4.057	3.866	3.798	3.742	**3.431**	-311	-9,06%
	Servizos	19.487	19.590	19.539	19.171	19.245	**18.378**	-867	-4,72%

		Ourense							
		2018	2019	2020	2021	2022	2023	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	27.120	26.870	26.528	26.299	26.186	**24.816**	-1.370	-5,52%
	Agricultura e pesca	3.269	3.118	3.242	3.297	3.168	**3.026**	-142	-4,69%
	Industria, incluída a enerxía	2.088	2.058	1.954	1.915	1.894	**1.750**	-144	-8,23%
	Construción	4.180	4.038	3.820	3.752	3.734	**3.420**	-314	-9,18%
	Servizos	17.583	17.656	17.512	17.335	17.390	**16.620**	-770	-4,63%

		Pontevedra							
		2018	2019	2020	2021	2022	2023	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	81.586	82.276	81.900	80.885	81.438	**78.136**	-3.302	-4,23%
	Agricultura e pesca	10.489	10.416	10.355	10.267	9.942	**9.808**	-134	-1,37%
	Industria, incluída a enerxía	5.064	5.142	4.966	4.878	4.872	**4.587**	-285	-6,21%
	Construción	10.185	10.031	9.633	9.486	9.619	**8.840**	-779	-8,81%
	Servizos	55.848	56.687	56.946	56.254	57.005	**54.901**	-2.104	-3,83%

		Galicia							
		2018	2019	2020	2021	2022	2023	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	247.631	248.245	245.660	241.247	241.287	**230.501**	-10.786	-4,68%
	Agricultura e pesca	41.233	40.945	40.918	39.552	37.879	**36.691**	-1.188	-3,24%
	Industria, incluída a enerxía	14.712	14.708	14.035	13.703	13.594	**12.735**	-859	-6,75%
	Construción	31.350	30.883	29.330	28.820	28.961	**26.490**	-2.471	-9,33%
	Servizos	160.336	161.709	161.377	159.172	160.853	**154.585**	-6.268	-4,05%

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

Cadro 2.4c

Evolución nº empresas por provincia. 2015-2023

	Nº EMPRESAS				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2015	100.761	37.551	27.205	79.900	245.417
2016	101.083	37.337	27.106	80.764	246.290
2017	100.667	36.904	26.996	81.091	245.658
2018	101.520	37.405	27.120	81.586	247.631
2019	101.609	37.490	26.870	82.276	248.245
2020	99.932	37.300	26.528	81.900	245.660
2021	97.981	36.082	26.299	80.885	241.247
2022	**98.095**	**35.568**	**26.186**	**81.438**	**241.287**
2023	**93.688**	**33.861**	**24.816**	**78.136**	**230.501**
	Variación absoluta				
15-16	322	- 214	- 99	864	873
16-17	- 416	- 433	- 110	327	- 632
17-18	853	501	124	495	1.973
18-19	89	85	- 250	690	614
19-20	- 1.677	- 190	- 342	- 376	- 2.585
20-21	- 1.951	- 1.218	- 229	- 1.015	- 4.413
21-22	**114**	**- 514**	**- 113**	**553**	**40**
22-23	**-4.407**	**-1.707**	**-1.370**	**-3.302**	**-10.786**
	Variación relativa				
15-16	0,32%	-0,57%	-0,36%	1,08%	0,36%
16-17	-0,41%	-1,16%	-0,41%	0,40%	-0,26%
17-18	0,85%	1,36%	0,46%	0,61%	0,80%
18-19	0,09%	0,23%	-0,92%	0,85%	0,25%
19-20	-1,65%	-0,51%	-1,27%	-0,46%	-1,04%
20-21	-1,95%	-3,27%	-0,86%	-1,24%	-1,80%
21-22	**0,12%**	**-1,42%**	**-0,43%**	**0,68%**	**0,02%**
22-23	**-4,70%**	**-5,04%**	**-5,52%**	**-4,23%**	**-4,68%**

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

A análise das variacións producidas entre 2015 e 2024, con detalle anual (gráfico 2.7), reflicte fortes variacións en función dos anos. Entre 2023 e 2024 houbo un lixeiro aumento de empresas (375), debido ao aumento de A Coruña (191), Pontevedra (268) e Ourense (16). Pola contra en Lugo houbo un descenso de 90 empresas.

Gráfico 2.7. Taxa de crecemento Interanual do nº de empresas por provincia. 2008-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O cadro 2.5 permite realizar unha análise das empresas atendendo á forma xurídica na que son constituídas, segundo a información fornecida polo Rexistro Mercantil entre 2016 e 2024. Neste último ano a maioría das empresas (o 56,5% e o 58,9% en España e Galicia, respectivamente) constituídas como persoa física. A formula de persoa xurídica supón o 43,5% en España e o 41,1% en Galicia.

Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España. 2016-2024

		Total empresas	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Sociedades					Comunidades de bens	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos
					Anónimas	Resp. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas			
ESPAÑA	2016	3.236.582	1.681.838	1.554.744	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.826
	2017	3.282.346	1.747.159	1.535.187	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.863
	2018	3.337.646	1.786.037	1.551.609	78.866	1.181.391	155	81	20.707	116.119	145.405	8.885
	2019	3.363.197	1.847.996	1.515.201	67.546	1.154.289	137	70	20.830	116.391	147.010	8.928
	2020	3.404.428	1.899.810	1.504.618	63.456	1.143.625	125	72	21.111	116.504	150.701	9.024
	2021	3.366.570	1.879.120	1.487.450	60.510	1.134.632	119	72	20.808	113.358	149.002	8.949
	2022	3.430.663	1.912.800	1.517.863	58.860	1.161.848	111	65	21.131	114.621	152.263	8.964
	2023	3.207.580	1.831.133	1.376.447	49.115	1.058.429	83	60	18.743	107.171	134.211	8.635
	2024	**3.255.276**	**1.838.474**	1.416.802	**48.109**	**1.093.566**	**79**	**59**	**19.114**	**108.994**	**138.229**	**8.652**
GALICIA	2016	197.538	109.345	88.193	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	85.628	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
	2018	200.801	114.001	86.800	2.884	66.288	6	5	912	6.708	9.590	407
	2019	200.972	115.737	85.235	2.444	64.903	6	2	917	6.710	9.853	400
	2020	197.813	115.612	82.201	2.199	61.891	6	2	947	6.751	10.011	394
	2021	194.657	114.082	80.575	2.062	60.603	4	2	956	6.630	9.927	391
	2022	196.530	115.219	81.311	2.000	61.193	4	2	1.020	6.687	10.027	378
	2023	185.179	110.222	74.957	1.726	56.569	4	2	974	6.269	9.045	368
	2024	**185.554**	**109.308**	**76.246**	**1.719**	**57.445**	**3**	**2**	**1.022**	**6.403**	**9.289**	**363**
A Coruña	2016	82.156	45.758	36.398	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	34.584	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
	2018	83.313	48.112	35.201	1.193	26.618	5	1	367	1.785	5.051	181
	2019	83.316	48.866	34.450	1.013	26.050	5	1	361	1.852	4.989	179
	2020	81.599	48.779	32.820	889	24.494	5	1	355	1.938	4.961	177
	2021	80.233	48.183	32.050	820	23.900	3	1	347	1.919	4.882	178
	2022	81.161	48.795	32.366	794	24.237	3	1	368	1.967	4.824	172
	2023	76.652	46.717	29.935	674	22.526	3	1	322	1.915	4.327	167
	2024	**76.843**	**46.294**	30.549	**674**	**22.984**	**2**	**1**	**346**	**1.988**	**4.388**	**166**
Lugo	2016	24.353	14.319	10.034	233	7.143	0	0	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	9.900	222	7.187	0	0	158	1.518	756	59
	2018	24.760	14.721	10.039	226	7.288	0	0	155	1.457	855	58
	2019	24.792	14.788	10.004	187	7.206	0	0	153	1.373	1.027	58
	2020	24.432	14.667	9.765	170	6.917	0	0	151	1.339	1.127	61
	2021	24.059	14.514	9.545	163	6.777	0	0	143	1.276	1.126	60
	2022	24.109	14.520	9.589	153	6.809	0	0	141	1.233	1.196	57
	2023	22.600	13.817	8.783	144	6.300	0	0	130	1.078	1.072	59
	2024	**22.510**	**13.649**	8.861	**137**	**6.344**	**0**	**0**	**122**	**1.085**	**1.115**	**58**
Ourense	2016	23.061	13.432	9.629	369	7.073	0	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	9.289	355	7.096	0	4	109	454	1.211	60
	2018	23.291	13.844	9.447	352	7.236	0	4	106	458	1.232	59
	2019	23.166	13.820	9.346	297	7.141	0	1	111	479	1.260	57
	2020	22.682	13.639	9.043	271	6.843	0	1	117	490	1.266	55
	2021	22.322	13.409	8.913	255	6.728	0	1	116	491	1.268	54
	2022	22.373	13.469	8.904	250	6.713	0	1	121	495	1.272	52
	2023	20.839	12.709	8.130	220	6.175	0	1	113	462	1.111	48
	2024	**20.855**	**12.662**	8.193	**224**	**6.178**	**0**	**1**	**113**	**465**	**1.166**	**46**
Pontevedra	2016	67.968	35.836	32.132	1.190	24.853	2	0	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	31.855	1.146	24.890	1	0	285	2.994	2.430	109
	2018	69.437	37.324	32.113	1.113	25.146	1	0	284	3.008	2.452	109
	2019	69.696	38.263	31.435	947	24.506	1	0	292	3.006	2.577	106
	2020	69.100	38.527	30.573	869	23.637	1	0	324	2.984	2.657	101
	2021	68.043	37.976	30.067	824	23.198	1	0	350	2.944	2.651	99
	2022	68.887	38.435	30.452	803	23.434	1	0	390	2.992	2.735	97
	2023	65.088	36.979	28.109	688	21.568	1	0	409	2.814	2.535	94
	2024	**65.346**	**36.703**	28.643	**684**	**21.939**	**1**	**0**	**441**	**2.865**	**2.620**	**93**

Fonte: INE. DIRCE.

A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde estas se producen confirma o papel protagonista da Coruña e Pontevedra, que son as provincias onde se produce un maior rexistro de sociedades. Esta evolución sintetízase no gráfico 2.8.

Gráfico 2.8. Evolución do nº de sociedades en Galicia. 2023-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Consonte a preferencia pola inscrición de empresas como persoas físicas, tamén se consolida a materialización de unidades empresariais sen persoal asalariado (cadro 2.6). En 2024, o 51,8% do total das empresas galegas pertencen a esta categoría, 0,2 puntos porcentuais por baixo da media estatal. A porcentaxe de empresas galegas con unha ou dúas persoas contratadas (62,1%) é lixeiramente superior á media estatal (61,1%). Os datos desagregados por provincias non presentan variacións significativas, consolidándose unha clara tendencia de creación de empresas de tamaño reducido e con escaso volume de persoas traballadoras. A evolución recente destes datos nos últimos cinco anos amosa que non se rexistran variacións significativas nesta composición estrutural do persoal asalariado, que se concentra principalmente na Coruña e Pontevedra. Esta estabilidade reflicte a predominancia das pequenas empresas en Galicia, así como a súa limitada capacidade de crecemento en termos de contratación de persoal.

Entre 2023 e 2024 aumenta algo o número de empresas sen persoal asalariado (281 máis) (gráfico 2.9).

Cadro 2.6

Empresas segundo estrato de persoal asalariado, por provincias. Galicia/España. 2016-2024

		Sen persoal asalariado		Con persoal asalariado				
		Nº	%	Nº	De 1 a 2 (%)	Menos de 10 (%)	Menos de 50 (%)	Máis de 200 (%)
ESPAÑA	2016	1.791.909	55,4	1.444.673,0	62,0	90,4	98,4	0,4
	2017	1.823.250	55,5	1.459.096,0	61,3	90,0	98,3	0,4
	2018	1.845.881	55,3	1.491.765,0	61,0	89,8	98,3	0,4
	2019	1.882.745	56,0	1.480.452,0	61,1	89,9	98,3	0,4
	2020	1.912.010	56,2	1.492.418,0	60,8	89,7	98,2	0,4
	2021	1.879.126	55,8	1.487.444,0	61,9	90,4	98,3	0,4
	2022	1.942.319	56,6	1.488.344,0	60,9	90,1	98,3	0,4
	2023	1.719.297	53,6	1.488.283,0	60,3	89,7	98,3	0,4
	2024	**1.692.479**	**52,0**	**1.562.797,0**	**61,1**	**89,8**	**98,3**	**0,4**
GALICIA	2016	106.693	54,0	90.845,0	64,6	92,1	98,8	0,2
	2017	108.134	54,4	90.789,0	64,2	91,9	98,8	0,2
	2018	108.380	54,0	92.421,0	64,1	91,7	98,7	0,2
	2019	109.506	54,5	91.466,0	64,1	91,9	98,7	0,2
	2020	106.511	53,8	91.302,0	63,5	91,7	98,7	0,2
	2021	103.784	53,3	90.873,0	64,2	92,2	98,8	0,2
	2022	106.312	54,1	90.218,0	63,1	92,0	98,8	0,2
	2023	95.831	51,8	89.348,0	62,9	91,7	98,8	0,2
	2024	**96.112**	**51,8**	**89.442,0**	**62,1**	**91,4**	**98,7**	**0,3**
A Coruña	2016	45.671	55,6	36.485,0	64,4	91,6	98,5	0,3
	2017	46.038	55,9	36.365,0	64,0	91,5	98,5	0,3
	2018	45.970	55,2	37.343,0	64,0	91,4	98,5	0,3
	2019	46.387	55,7	36.929,0	64,1	91,6	98,6	0,3
	2020	44.725	54,8	36.874,0	63,6	91,4	98,6	0,3
	2021	43.584	54,3	36.649,0	64,0	91,9	98,7	0,3
	2022	44.741	55,1	36.420,0	63,0	91,6	98,7	0,3
	2023	40.438	52,8	36.214,0	62,7	91,4	98,6	0,3
	2024	**40.507**	**52,7**	**36.336,0**	**62,0**	**91,1**	**98,5**	**0,4**
Lugo	2016	12.781	52,5	11.572,0	65,1	93,5	99,3	0,1
	2017	13.021	53,0	11.528,0	65,7	93,4	99,3	0,1
	2018	13.021	53,0	11.672,0	65,3	93,1	99,3	0,1
	2019	13.219	53,3	11.573,0	65,2	93,2	99,3	0,1
	2020	12.956	53,0	11.476,0	64,8	93,0	99,2	0,1
	2021	12.649	52,6	11.410,0	65,5	93,5	99,3	0,1
	2022	12.862	53,3	11.247,0	64,7	93,4	99,3	0,1
	2023	11.660	51,6	10.940,0	64,1	92,9	99,2	0,1
	2024	**11.620**	**51,6**	**10.890,0**	**63,1**	**92,5**	**99,2**	**0,1**
Ourense	2016	12.404	53,8	10.657,0	66,8	93,4	99,1	0,2
	2017	12.549	54,2	10.591,0	66,5	93,0	99,1	0,2
	2018	12.505	53,7	10.786,0	66,6	93,0	99,1	0,1
	2019	12.543	54,1	10.623,0	67,0	93,3	99,2	0,2
	2020	12.099	53,3	10.583,0	66,2	93,2	99,1	0,2
	2021	11.827	53,0	10.495,0	67,2	93,7	99,2	0,2
	2022	12.064	53,9	10.309,0	66,0	93,5	99,1	0,1
	2023	10.773	51,7	10.066,0	65,5	93,3	99,1	0,2
	2024	**10.811**	**51,8**	**10.044,0**	**65,3**	**93,1**	**99,1**	**0,2**
Pontevedra	2016	35.837	52,7	32.131,0	63,7	91,8	98,8	0,2
	2017	36.526	52,7	32.305,0	63,1	91,5	98,7	0,2
	2018	36.817	52,7	32.620,0	62,8	91,2	98,7	0,2
	2019	37.357	52,7	32.341,0	62,8	91,2	98,6	0,2
	2020	36.731	53,2	32.369,0	62,0	91,0	98,6	0,2
	2021	35.724	52,5	32.319,0	62,9	91,5	98,7	0,2
	2022	36.645	53,2	32.242,0	61,8	91,4	98,7	0,2
	2023	32.960	50,6	32.128,0	61,7	91,3	98,7	0,2
	2024	**33.174**	**50,8**	**32.172,0**	**61,0**	**90,8**	**98,7**	**0,2**

Fonte: INE, DIRCE.

Gráfico 2.9. Variación relativa anual de empresas por estrato de persoal asalariado. Galicia. 2010-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O cadro 2.7a descubre onde se atopan estas persoas traballadoras, segundo os datos rexistrados en 2023 (último ano dispoñible) e sen considerar o sector de agricultura, gandaría e pesca. A maioría das empresas en Galicia non teñen persoal asalariado ou declaran un máximo de 2 empregados, especialmente nos sectores de comercio e construción. As empresas con máis de 50 empregados son poucas, concentrándose principalmente na industria manufactureira e servizos sociais.

Así mesmo, a industria manufactureira concentra a meirande parte de empresas de tamaño relativamente grande, e moi especialmente as que teñen máis de 50 e 250 persoas traballadoras. Pola súa banda, as empresas no sector de administracións públicas, defensa e seguridade social (grupo O) presentan un maior tamaño medio relativo. No seu conxunto, a distribución amosa unha concentración de empresas de menor tamaño, o que confirma a predominancia dunha estrutura empresarial composta maioritariamente por pequenas e medianas empresas (PEMEs).

Os cambios producidos entre 2020 e 2023 (cadro 2.7b) reflicten que o maior descenso dáse nas empresas que teñen menos de dúas persoas traballadoras.

Cadro 2.7a

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2023

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA					
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	118	90	55	4	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	8.122	2.732	1.556	385	57
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	537	91	29	6	0
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	179	191	115	25	2
F CONSTRUCIÓN	23.381	2.813	951	112	1
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	40.843	9.328	2.470	191	15
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	10.143	1.753	908	104	3
I HOSTALARÍA	14.352	5.006	975	38	3
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	2.955	459	292	81	8
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4.925	1.138	201	12	3
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	7.468	287	20	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	21.585	2.098	653	75	6
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	6.714	969	506	197	45
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA					
P EDUCACIÓN	6.707	1.092	1.128	326	9
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	7.998	1.700	883	272	31
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETEMENTO	5.667	817	289	26	1
S OUTROS SERVIZOS	12.184	1.432	197	12	0
TOTAL	**173.878**	**31.996**	**11.228**	**1.866**	**184**

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

Cadro 2.7b

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2020-2023

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA					
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	-13.851	77	539	128	4
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	-54	-12	-1	1	0
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	-1.129	-67	6	-9	-4
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	46	0	4	-2	0
F CONSTRUCIÓN	-38	11	10	-1	0
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	-3.138	125	43	5	0
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	-6.824	-37	18	36	0
I HOSTALARÍA	-1.860	-189	22	2	1
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	116	19	47	21	2
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	-434	-223	18	1	1
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	-119	32	1	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	-1.028	99	104	9	1
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	170	44	-1	9	-1
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA					
P EDUCACIÓN	-113	-30	29	4	1
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	-312	210	100	46	3
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETEMENTO	123	80	34	2	0
S OUTROS SERVIZOS	741	6	15	-2	0
Total	**-27.704**	**68**	**449**	**122**	**4**

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

O cadro 2.8 recolle a distribución porcentual das empresas galegas -con desagregación provincial- e en media estatal segundo teñan ou non persoal asalariado. Os resultados para 2024 non introducen apenas variacións significativas nas tendencias previamente destacadas. En concreto:

- A porcentaxe de empresas galegas con persoal asalariado case non varía nas catro provincias galegas, ao igual que no contexto estatal, aínda que neste caso prodúcese un incremento do 0,016 puntos porcentuais.

- A participación das empresas sen persoal asalariado en Galicia (51,8%) é lixeiramente inferior á rexistrada na media do Estado (52,0%).

Cadro 2.8

% Empresas con e sen persoal asalariado. Galicia e provincias, España. 2000-2024

	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
2000	45,4%	54,6%	46,1%	53,9%	44,0%	56,0%	46,2%	53,8%	43,8%	56,2%	49,5%	50,5%
2001	46,7%	53,3%	47,7%	52,3%	45,6%	54,4%	48,4%	51,6%	45,5%	54,5%	51,0%	49,0%
2002	47,4%	52,6%	49,3%	50,7%	48,1%	51,9%	49,4%	50,6%	46,4%	53,6%	51,8%	48,2%
2003	48,1%	51,9%	49,6%	50,4%	47,6%	52,4%	50,2%	49,8%	47,3%	52,7%	52,7%	47,3%
2004	49,0%	51,0%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,3%	51,7%	54,0%	46,0%
2005	48,6%	51,4%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,8%	51,2%	53,9%	46,1%
2006	49,1%	50,9%	50,9%	49,1%	48,6%	51,4%	51,7%	48,3%	49,0%	51,0%	54,0%	46,0%
2007	48,9%	51,1%	50,6%	49,4%	48,3%	51,7%	51,5%	48,5%	48,9%	51,1%	53,6%	46,4%
2008	48,7%	51,3%	50,8%	49,2%	48,6%	51,4%	51,4%	48,6%	49,0%	51,0%	53,8%	46,2%
2009	47,3%	52,7%	49,8%	50,2%	47,5%	52,5%	50,5%	49,5%	48,1%	51,9%	52,9%	47,1%
2010	46,1%	53,9%	48,7%	51,3%	46,5%	53,5%	49,9%	50,1%	47,4%	52,6%	51,4%	48,6%
2011	44,8%	55,2%	47,5%	52,5%	44,9%	55,1%	49,1%	50,9%	47,2%	52,8%	50,3%	49,7%
2012	44,8%	55,2%	47,3%	52,7%	45,1%	54,9%	48,5%	51,5%	46,8%	53,2%	49,8%	50,2%
2013	46,6%	53,4%	48,8%	51,2%	47,0%	53,0%	50,2%	49,8%	48,1%	51,9%	50,8%	49,2%
2014	46,4%	53,6%	48,4%	51,6%	46,6%	53,4%	49,7%	50,3%	47,8%	52,2%	50,4%	49,6%
2015	45,0%	55,0%	46,5%	53,5%	44,9%	55,1%	48,0%	52,0%	46,4%	53,6%	48,1%	51,9%
2016	44,6%	55,4%	46,0%	54,0%	44,4%	55,6%	47,5%	52,5%	46,2%	53,8%	47,3%	52,7%
2017	44,5%	55,5%	45,6%	54,4%	44,1%	55,9%	47,0%	53,0%	45,8%	54,2%	46,9%	53,1%
2018	44,7%	55,3%	46,0%	54,0%	44,8%	55,2%	47,1%	52,9%	46,3%	53,7%	47,0%	53,0%
2019	44,0%	56,0%	45,5%	54,5%	44,3%	55,7%	46,7%	53,3%	45,9%	54,1%	46,4%	53,6%
2020	43,8%	56,2%	46,2%	53,8%	45,2%	54,8%	47,0%	53,0%	46,7%	53,3%	46,8%	53,2%
2021	44,2%	55,8%	46,7%	53,3%	45,7%	54,3%	47,4%	52,6%	47,0%	53,0%	47,5%	52,5%
2022	43,4%	56,6%	45,9%	54,1%	44,9%	55,1%	46,7%	53,3%	46,1%	53,9%	46,8%	53,2%
2023	46,4%	53,6%	48,2%	51,8%	47,2%	52,8%	48,4%	51,6%	48,3%	51,7%	49,4%	50,6%
2024	**48,0%**	**52,0%**	**48,2%**	**51,8%**	**47,3%**	**52,7%**	**48,4%**	**51,6%**	**48,2%**	**51,8%**	**49,2%**	**50,8%**
TCA 2000-2024	**23,3%**	**-20,4%**	**19,0%**	**-16,9%**	**29,6%**	**-24,8%**	**18,9%**	**-16,9%**	**40,0%**	**-33,9%**	**-1,9%**	**1,9%**
TCA 2015-2024	**73,1%**	**-63,1%**	**39,5%**	**-35,4%**	**58,2%**	**-49,5%**	**9,8%**	**-9,1%**	**42,3%**	**-37,8%**	**27,0%**	**-25,5%**

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A evolución recente da participación das empresas galegas na distribución estatal en función dos estratos de persoal asalariado (cadro 2.9) debuxa un comportamento relativamente estable, aínda que os datos suxiren que a perda de presenza das empresas galegas pode relacionarse co descenso de representatividade das empresas de entre 20 e 49 persoas traballadoras. En 2024, Galicia representaba o 4,69% das empresas con 20-49 empregados a nivel estatal, mentres que en 2023 esta cifra era do 4,82%.

Cadro 2.9

Número de empresas, por estrato de persoal asalariado. Galicia/España. 2022-2023-2024

		Total empresas	Sen p. asalariado	Con persoal asalariado										
				1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-249	250-999	1.000-4.999	5000 ou máis
2022	Galicia	196.530	106.312	56.938	18.835	7.193	4.001	2.166	585	289	44	121	33	13
	España	3.430.663	1.942.319	905.804	308.888	126.100	78.909	43.929	12.337	6.371	1.286	3.643	898	179
	Galicia/España	**5,73%**	**5,47%**	**6,29%**	**6,10%**	**5,70%**	**5,07%**	**4,93%**	**4,74%**	**4,54%**	**3,42%**	**3,32%**	**3,67%**	**7,26%**
2023	Galicia	185.179	95.831	56.160	18.541	7.255	4.077	2.210	597	286	52	123	36	11
	España	3.207.580	1.719.297	897.786	309.528	128.079	81.822	45.896	12.646	6.373	1.290	3.710	963	190
	Galicia/España	**5,77%**	**5,57%**	**6,26%**	**5,99%**	**5,66%**	**4,98%**	**4,82%**	**4,72%**	**4,49%**	**4,03%**	**3,32%**	**3,74%**	**5,79%**
2024	Galicia	185.554	96.112	55.575	18.805	7.354	4.313	2.270	630	266	52	127	38	12
	España	3.255.276	1.692.479	955.079	316.419	131.903	84.907	48.362	13.079	6.615	1.367	3.856	1.012	198
	Galicia/España	**5,70%**	**5,68%**	**5,82%**	**5,94%**	**5,58%**	**5,08%**	**4,69%**	**4,82%**	**4,02%**	**3,80%**	**3,29%**	**3,75%**	**6,06%**

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Os datos do cadro 2.10, que amplían o período de anos considerado, confirman esta tendencia de estabilidade, con pequenas variacións anuais. Tanto en Galicia como en España hai unha lixeira diminución na proporción de empresas con 1-2 traballadores ao pasar do 62,9% en 2023 ao 62,0 % en 2024, aínda que esta segue sendo o estrato maioritario. As empresas de 3-5, 10-19 e 20-49 e 50 ou máis persoas traballadoras mostran pequenos incrementos en Galicia suxerindo un crecemento nas empresas de tamaño pequeno a mediano. Os datos indican que, malia pequenas flutuacións, a estrutura empresarial en Galicia e España mantén unha distribución relativamente estable en canto ao tamaño das empresas por número de traballadores.

Cadro 2.10

Número de empresas por estrato de persoal asalariado(1). Galicia/España. 2000-2024

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7
2012	62,4	20,3	8,6	4,8	2,6	1,3	60,5	20,1	9,2	5,5	3,0	1,7
2013	65,1	19,2	7,9	4,4	2,3	1,2	63,0	19,2	8,5	5,1	2,7	1,6
2014	66,1	19,3	7,0	4,1	2,3	1,2	63,7	19,7	7,7	4,9	2,6	1,5
2015	65,4	19,8	7,1	4,2	2,3	1,1	62,8	20,1	7,9	5,0	2,7	1,6
2016	64,6	20,2	7,4	4,2	2,4	1,2	62,0	20,2	8,1	5,2	2,8	1,6
2017	64,2	20,2	7,5	4,4	2,5	1,2	61,3	20,5	8,3	5,3	3,0	1,7
2018	64,1	20,1	7,6	4,5	2,5	1,3	61,0	20,3	8,4	5,4	3,0	1,7
2019	64,1	20,2	7,6	4,5	2,4	1,3	61,1	20,4	8,3	5,4	3,0	1,7
2020	63,5	20,4	7,8	4,5	2,5	1,3	60,8	20,5	8,4	5,4	3,1	1,8
2021	64,2	20,3	7,7	4,3	2,3	1,2	61,9	20,4	8,1	5,1	2,8	1,7
2022	63,1	20,9	8,0	4,4	2,4	0,6	60,9	20,8	8,5	5,3	3,0	0,8
2023	62,9	20,8	8,1	4,6	2,5	0,7	60,3	20,8	8,6	5,5	3,1	0,8
2024	**62,0**	**21,0**	**8,0**	**5,0**	**3,0**	**1,0**	**61,1**	**20,3**	**8,4**	**5,4**	**3,1**	**1,7**

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algunha persoa asalariada.

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

En 2022 (último dato dispoñible) rexístrase un aumento na taxa de nacementos de empresas de todos os tamaños en Galicia (gráfico 2.10). Pola súa banda, a taxa de mortalidade redúcese en case todas as categorías de tamaño, pero especialmente nas microempresas. A taxa de nacementos para as microempresas supera o 9%, mentres que para as pequenas empresas é aproximadamente do 2%, para as medianas empresas é do 1,8% e para as grandes empresas inferior ao 1%. A taxa neta resulta positiva en microempresas, pequena empresa e nas grandes empresas. Para as medianas empresas a taxa neta é negativa, pero moi pequena (-0,16%).

Gráfico 2.10

Taxa de demografía empresarial por tamaño de empresa. Galicia. 2020-2022



Fonte: IGE.

A información sobre a demografía empresarial galega pode completarse cos datos da Estatística de sociedades mercantís do INE, que achega información do número de sociedades creadas e disoltas e inclúe as operacións de modificación de capital con carácter mensual e desagregada por comunidades autónomas e provincias. Os datos de base proceden do Rexistro Mercantil Central, que centraliza toda a información provincial sobre sociedades e empresas e os actos mercantís determinados por Lei.

En 2024 reflíctese un lixeiro aumento das sociedades mercantís creadas en Galicia, que pasa de 3.979 en 2023 a 4.311 en 2024 (cadro 2.11). Este aumento do 8,3% é lixeiramente inferior ao experimentado a nivel nacional, que foi do 9,2%. Polo que respecta a sociedades disoltas, en Galicia recollese un aumento do 14,1%, mentres que a nivel nacional a porcentaxe foi moito menor, do 1,3% (gráficos 2.11 e 2.12).

Cadro 2.11

Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2015-2024

		Creadas	% variación anual	Disoltas	% variación anual
2015	Galicia	3.968	-6,99	1.512	-1,11
	España	94.644	0,52	20.758	-5,10
2016	Galicia	4.533	14,24	1.495	-1,12
	España	101.047	6,77	21.223	2,24
2017	Galicia	4.068	-10,26	1.431	-4,28
	España	94.370	-6,61	21.587	1,72
2018	Galicia	4.025	-1,06	1.440	0,63
	España	95.121	0,80	22.387	3,71
2019	Galicia	3.771	-6,31	1.479	2,71
	España	93.951	-1,24	23.310	4,06
2020	Galicia	3.212	-14,82	1.304	-11,83
	España	79.200	-15,70	20.274	-13,02
2021	Galicia	3.882	20,86	1.609	23,39
	España	101.184	27,76	23.795	17,37
2022	Galicia	3.804	-2,01	1.508	-6,28
	España	99.090	-2,07	26.215	10,17
2023	Galicia	3.979	4,60	1.311	-13,06
	España	108.100	9,09	24.772	-5,50
2024	**Galicia**	**4.311**	**8,34**	**1.505**	**14,80**
	España	**117.992**	**9,15**	**25.094**	**1,30**

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Fonte: INE.

Gráfico 2.11

Sociedades mercantís creadas. Galicia/ España. 2008-2024



Gráfico 2.12

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/ España. 2008-2024



Fonte: INE.

Os gráficos 2.13 e 2.14 permiten contextualizar, respectivamente, a creación e disolución de sociedades mercantís en Galicia en relación co acontecido no resto das comunidades autónomas (cadro 2.12) a partires da última información dispoñible. Entre 2023 e 2024 a taxa de variación en creación de sociedades mercantís é positiva en todas as CC. AA e Cidades Autónomas, destacando o comportamento rexistrado en Navarra.

Gráfico 2.13

Taxa de variación anual creación de sociedades mercantís. 2022-2024



Gráfico 2.14

Taxa de variación anual disolución de sociedades mercantís. 2022-2024



Cadro 2.12

Taxa de crecemento anual sociedades mercantís consituidas e disoltas. 2010-2023

	TCA Sociedades (2010-2023)	
	Constituídas	**Disoltas**
Andalucía	54,07%	36,97%
Aragón	5,74%	11,70%
Asturias	5,36%	14,48%
Baleares	103,55%	43,14%
Canarias	43,19%	23,81%
Cantabria	4,63%	37,44%
Castela e León	-12,68%	20,18%
Castela-A Mancha	11,98%	11,40%
Cataluña	43,57%	-28,81%
C. Valenciana	43,41%	-2,70%
Estremadura	9,32%	-9,19%
Galicia	**-1,44%**	**-2,24%**
Madrid	43,32%	123,70%
Murcia	17,30%	216,80%
Navarra	-16,41%	196,59%
País Vasco	-0,29%	12,80%
A Rioxa	3,48%	-9,87%

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Fonte: INE.

Na liña do comentado en informes precedentes, a dinámica empresarial en España segue concentrada en Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía a partires da última información dispoñible. A evolución ao longo de 2023 non introduce cambios nesta particular concentración (gráfico 2.15). A comunidade galega ocupa a quinta posición tanto no que se refire á creación de empresas coma no relacionado coa disolución de sociedades mercantís. No que atinxe á porcentaxe de sociedades galegas no total do Estado, compróbase unha lixeira redución das constituídas e disoltas (gráfico 2.16). Estes datos amosan que, a pesar das flutuacións anuais, Galicia mantén unha participación relativamente estable no contexto estatal, aínda que cun lixeiro descenso na porcentaxe de sociedades tanto constituídas como disoltas.

Gráfico 2.15

Promedio de creación e disolución de sociedades mercantís. 2010-2024



Gráfico 2.16

% Sociedades galegas no total do Estado. 2008-2024



Fonte: INE.

En termos de capital total subscrito (cadro 2.13a), Galicia mostra unha tendencia á alza pasando de 171.011 miles de euros en 2023 a 312.695 en 2024 . Contrariamente, o capital total subscrito en España amosa un descenso significativo, pasando dos 6.202.414 miles de euros en 2023 aos 5.683.110 en 2024. Este incremento a nivel galego (82,9%) contrasta coa caída observada a nivel nacional (-8,4%). Asemade, o importe medio subscrito por cada empresa galega (72.534 euros) é inferior á media de capital subscrito en ámbito estatal (48.165 euros).

Cadro 2.13a

Capital subscrito polas sociedades mercantís Galicia /España. 2017-2024

	Nº de sociedades								Capital total suscrito							
	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
España	**94.377**	**95.121**	**93.951**	**79.179**	**101.210**	**99.090**	**108.100**	**117.992**	**5.262.217**	**5.200.782**	**5.563.535**	**4.911.562**	**4.928.896**	**5.131.736**	**6.202.414**	**5.683.110**
Andalucía	15.379	16.018	15.560	13.650	17.506	17.195	19.171	20.086	644.395	712.138	559.078	635.446	670.275	785.410	908.167	780.936
Aragón	2.037	2.016	1.913	1.541	1.912	1.823	1.971	2.233	90.340	84.826	161.767	174.437	103.709	74.721	271.621	244.271
Asturias	1.342	1.188	1.164	1.035	1.271	1.142	1.298	1.498	61.770	61.191	78.419	44.330	36.937	28.410	48.055	52.164
Baleares	3.497	3.293	3.010	2.570	3.467	3.812	4.014	4.340	168.543	239.546	167.593	204.885	193.395	140.834	129.821	121.976
Canarias	3.843	3.639	3.385	2.649	3.494	3.642	3.963	4.171	186.389	92.057	127.270	249.066	72.460	127.707	120.023	103.164
Cantabria	762	754	642	592	803	758	769	897	16.607	48.402	24.272	23.274	20.090	16.354	10.854	22.090
Castela e León	2.857	2.731	2.811	2.188	2.694	2.561	2.754	2.957	147.180	141.780	167.615	123.993	141.875	95.151	152.019	142.274
Castela-A Mancha	2.618	2.836	2.739	2.232	2.940	2.796	3.048	3.378	67.129	157.701	109.297	54.165	95.006	78.234	95.170	86.411
Cataluña	18.510	17.555	18.139	15.021	19.191	18.979	20.646	22.854	1.025.090	735.932	1.143.436	901.420	1.114.388	693.876	866.389	1.050.160
C. Valenciana	10.845	11.144	10.975	9.507	11.851	11.887	13.417	14.916	752.571	803.695	1.120.314	439.213	652.129	1.025.466	1.681.628	762.057
Estremadura	1.150	1.138	1.136	1.014	1.184	1.114	1.232	1.352	64.105	51.937	26.978	56.381	47.841	55.836	96.046	45.212
Galicia	**4.066**	**4.025**	**3.772**	**3.212**	**3.882**	**3.804**	**3.979**	**4.311**	**317.054**	**271.507**	**373.797**	**364.638**	**206.030**	**181.985**	**171.011**	**312.695**
Madrid	20.431	21.637	21.784	17.964	23.691	22.836	24.671	27.094	1.256.410	1.172.567	1.038.905	1.336.736	931.696	1.437.866	1.296.074	1.397.845
Murcia	2.641	2.603	2.421	2.263	2.705	2.395	2.671	2.867	119.999	99.688	103.522	144.704	222.907	133.889	122.194	275.547
Navarra	838	834	785	633	877	738	805	1.004	60.704	226.711	85.288	42.077	59.146	40.977	27.156	41.015
País Vasco	2.960	3.075	3.091	2.604	3.138	3.055	3.137	3.438	248.472	257.129	223.352	102.882	341.941	159.766	179.674	210.877
A Rioxa	408	405	443	351	431	395	415	430	33.231	40.036	47.001	12.333	15.522	49.914	18.493	31.174

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2023.

Elaboración propia a partir de datos do INE.

O cadro 2.13b revela un aumento no número de sociedades que amplían capital en Galicia, pasando de 1.061 en 2023 a 1.135 en 2024. En España, o número de sociedades que amplían capital aumentou de 29.497 en 2023 a 29.770 en 2024. Isto representa unha aumento do 7,0% en Galicia fronte a un incremento do 1,2% en España. O capital total ampliado en Galicia tamén aumentou de 356.999 miles de euros en 2023 a 473.540 miles de euros en 2024. O capital total ampliado en España incrementou de 21.471.602 miles de euros en 2023 a 23.870.101 miles de euros en 2024. O importe medio de capital ampliado en Galicia é significativamente inferior ao importe medio en España (417.215 euros fronte a 801.817 euros, respectivamente). Os datos do capital ampliado medio (gráfico 2.17) revelan unha fenda persistente entre Galicia e España no importe medio de capital ampliado polas sociedades mercantís. En 2024, o importe medio de capital ampliado en Galicia é do 52,0% do importe medio a nivel estatal, unha lixeira mellora respecto ao

46,1% observado en 2023. Esta tendencia indica unha redución na fenda entre Galicia e a media estatal, pero aínda amosa unha diferenza considerable.

Cadro 2.13b

Sociedades mercantís que amplían capital. Galicia/España. 2017-2024

		Nº de sociedades	Capital total ampliado
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739
2018	Galicia	1.344	991.367
	España	31.241	26.425.252
2019	Galicia	1.338	796.015
	España	30.469	24.797.361
2020	Galicia	1.074	646.784
	España	25.209	19.372.543
2021	Galicia	1.199	513.324
	España	29.227	27.302.236
2022	Galicia	1.157	426.871
	España	29.036	19.726.722
2023	Galicia	1.061	356.999
	España	29.427	21.471.602
2024	**Galicia**	**1.135**	**473.540**
	España	**29.770**	**23.870.101**

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Elaboración propia a partir de datos do INE.

Gráfico 2.17

Capital ampliado medio Galicia/España. 2015-2024



A análise dos datos do cadro 2.14 amosa que a disolución voluntaria é a razón principal para a disolución de sociedades mercantís tanto en Galicia como en España. Para 2024, a nivel nacional, as porcentaxes son 83,0% (voluntarias), 8,3% (por fusión) e 8,7% (outras). En Galicia, estas porcentaxes son do 84,9% (voluntarias), 7,3% (por fusión) e 7,8% (outras). A tendencia xeral nos últimos anos reflicte unha predominancia das disolucións voluntarias en ambos contextos, con valores que se manteñen altos. En termos de variacións anuais, Galicia mostra unha maior proporción de disolucións voluntarias en comparación con España, reflectindo unha menor incidencia de factores externos como fusións ou outras causas de disolución.

En comparación co ano anterior, Galicia experimentou un aumento no total de sociedades disoltas (de 1.311 en 2023 a 1.505 en 2024) na liña do acontecido en contexto estatal (de 24.772 en 2023 a 25.094 en 2024).

Cadro 2.14

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/España. 2017-2024

		Sociedades disoltas			
		Total	**Voluntaria**	**Por fusión**	**Outras**
2017	Galicia	1.431	1.163	89	179
	España	21.587	16.633	2.270	2.684
2018	Galicia	1.440	1.180	82	178
	España	22.387	17.115	2.471	2.801
2019	Galicia	1.479	1.171	132	176
	España	23.310	17.597	3.287	2.426
2020	Galicia	1.304	1.065	89	150
	España	20.274	15.335	2.899	2.040
2021	Galicia	1.609	1.313	96	200
	España	23.808	18.601	2.631	2.576
2022	Galicia	1.510	1.264	86	160
	España	26.238	20.753	2.983	2.502
2023	Galicia	1.311	1.130	72	109
	España	24.772	20.360	2.447	1.965
2024	**Galicia**	**1.505**	**1.278**	**110**	**117**
	España	**25.094**	**20.834**	**2.087**	**2.173**

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Fonte: INE.

O índice de rotación (gráfico 2.18) compara a evolución das sociedades disoltas e constituídas, indicando cantas sociedades se constitúen por cada cen sociedades disoltas. En 2024, este índice redúcese lixeiramente para a media estatal, pasando dun 0,23 en 2023 a un 0,21 en 2024, e un aumento do 0,33 en Galicia en 2023 a un 0,35 en 2024. Este aumento pon de manifesto unha lixeira aceleración na creación de novas sociedades en relación ás disolucións para Galicia.

Gráfico 2.18

Índice de rotación. Galicia/España. 2017-2024



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O sector empresarial galego (cadro 2.35) representa a metade do gasto total en I+D en 2023 (47,8%). En segundo lugar, os centros de ensino superior achegan o 38,6% do gasto. O resto das achegas repártense entre as administracións públicas (13,3%) e as institucións privadas sen ánimo de lucro (IPSFL) cun 0,3%. Malia esta presenza dominante, tanto o sector empresarial como as administracións públicas en Galicia teñen unha participación no gasto total de I+D inferior á media estatal (cadro 2.36), a costa dunha participación claramente superior dos centros de ensino superior. É relevante tamén observar a distribución do gasto interno total en I+D por sectores industriais en Galicia en 2023 (gráfico 2.35). A meirande parte do gasto concéntrase no sector servizos, seguido pola industria e, finalmente, a agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, cunha participación moi inferior. A predominancia do sector servizos en termos de investimento en I+D é consistente coas tendencias observadas noutras rexións desenvolvidas.

Cadro 2.35

Gastos internos totais en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2023

	Total	% sobre PIB	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)
Andalucía	2.285.666	1,14	785.073	463.385	1.032.287	4.921
Aragón	543.624	1,16	321.648	114.882	106.163	931
Asturias	278.980	0,98	156.343	44.830	77.515	293
Baleares	201.008	0,48	83.710	46.566	70.581	152
Canarias	309.304	0,57	89.179	101.048	116.269	2.808
Cantabria	161.454	0,96	59.367	26.767	70.950	4.370
Castela e León	963.634	1,36	588.277	82.285	292.701	372
Castela-A Mancha	332.831	0,62	190.075	51.041	91.150	565
Cataluña	5.364.909	1,90	3.450.417	870.131	1.025.008	19.353
C. Valenciana	1.713.279	1,23	797.251	208.205	705.962	1.861
Estremadura	179.329	0,72	46.530	50.547	..	..
Galicia	**962.801**	**1,24**	**460.586**	**127.572**	**371.362**	**3.282**
Madrid	6.039.560	2,06	3.465.544	1.533.085	1.019.577	21.354
Murcia	426.454	1,06	206.717	54.384	165.213	139
Navarra	446.706	1,78	300.238	41.747	..	..
País Vasco	2.062.113	2,35	1.575.506	154.049	331.027	1.531
A Rioxa	96.928	0,91	39.158	21.507	..	..
España	**22.379.154**	**1,49**	**12.615.739**	**3.992.243**	**5.708.661**	**62.511**

Datos en miles de euros.
(1) Institucións privadas sen ánimo de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Cadro 2.36

Distribución porcentual dos gastos internos totais en I+D. Por CC.AA. e sector de execución. 2023

	Total	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL[1]
Andalucía	2.285.666	34,3%	20,3%	45,2%	0,2%
Aragón	543.624	59,2%	21,1%	19,5%	0,2%
Asturias	278.980	56,0%	16,1%	27,8%	0,1%
Baleares	201.008	41,6%	23,2%	35,1%	0,1%
Canarias	309.304	28,8%	32,7%	37,6%	0,9%
Cantabria	161.454	36,8%	16,6%	43,9%	2,7%
Castela e León	963.634	61,0%	8,5%	30,4%	0,0%
Castela-A Mancha	332.831	57,1%	15,3%	27,4%	0,2%
Cataluña	5.364.909	64,3%	16,2%	19,1%	0,4%
C. Valenciana	1.713.279	46,5%	12,2%	41,2%	0,1%
Estremadura	179.329	25,9%	28,2%	(…)	(…)
Galicia	**962.801**	**47,8%**	**13,3%**	**38,6%**	**0,3%**
Madrid	6.039.560	57,4%	25,4%	16,9%	0,4%
Murcia	426.454	48,5%	12,8%	38,7%	0,0%
Navarra	446.706	67,2%	9,3%	(…)	(…)
País Vasco	2.062.113	76,4%	7,5%	16,1%	0,1%
A Rioxa	96.928	40,4%	22,2%	(…)	(…)
España	**22.379.154**	**56,4%**	**17,8%**	**25,5%**	**0,3%**

En porcentaxe (agás a primeira columna, que está en miles de euros)
(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Gráfico 2.35

Gasto en I+D por sectores industriais. Galicia. 2023



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

No conxunto do Estado, o gasto total en I+D pivota entre o sector servizos (53,3%) e a industria (45,0%) (cadro 2.37). No primeiro caso, destaca o gasto realizado polas actividades profesionais, científicas e técnicas, seguido a distancia polo executado polos servizos de información e comunicacións. No relacionado coa industria, cabe salientar o gasto realizado pola industria farmacéutica, o do vinculado a vehículos de motor e o doutro material de transporte. Esta participación protagonista reproduce a mesma clasificación do ano 2020. Ademais, é importante destacar que o sector servizos non só lidera en termos de gasto total, senón tamén no número de persoal dedicado a actividades de I+D, con especial énfase no persoal investigador, que representa o 64,9% do total. Esta concentración de recursos humanos en servizos suxire unha forte orientación cara á innovación continua e á adaptación ás novas tecnoloxías, cruciais para a competitividade no mercado global. No caso da industria, a alta inversión na industria farmacéutica e no sector automotriz indica un foco en áreas de alto valor engadido e tecnoloxía avanzada.

Cadro 2.37

Gastos totais en I+D (por sector). España. 2023

	Gastos internos (miles de euros)		Persoal en I+D en EXC: total persoal		Persoal en I+D en EXC: persoal investigador	
	Total	%	Total	%	Total	%
TOTAL EMPRESAS	**12.615.739**	**100,0%**	**182.136**	**100,0%**	**90.723**	**100,0%**
1. AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA (CNAE 01, 02, 03)	**100.172**	**0,8%**	**2.180**	**1,2%**	**625**	**0,7%**
TOTAL INDUSTRIA	**5.676.806**	**45,0%**	**69.485**	**38,2%**	**30.153**	**33,2%**
2. Industrias extractivas e do petróleo (CNAE 05, 06, 07, 08, 09, 19)	100.538	**0,8%**	752	**0,4%**	342	**0,4%**
3. Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12)	289.171	**2,3%**	5.982	**3,3%**	2.155	**2,4%**
4. Téxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15)	50.805	**0,4%**	1.413	**0,8%**	413	**0,5%**
5. Madeira, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18)	57.566	**0,5%**	1.329	**0,7%**	551	**0,6%**
6. Química (CNAE 20)	378.560	**3,0%**	6.586	**3,6%**	2.773	**3,1%**
7. Farmacia (CNAE 21)	**885.481**	**7,0%**	**7.400**	**4,1%**	**2.714**	**3,0%**
8. Caucho e plásticos (CNAE 22)	119.327	**0,9%**	2.708	**1,5%**	856	**0,9%**
9. Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23)	48.471	**0,4%**	1.082	**0,6%**	437	**0,5%**
10. Metalurxia (CNAE 24)	76.897	**0,6%**	1.666	**0,9%**	818	**0,9%**
11. Manufacturas metálicas (CNAE 25)	176.319	**1,4%**	4.079	**2,2%**	1.479	**1,6%**
12. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos (CNAE 26)	321.901	**2,6%**	5.087	**2,8%**	3.031	**3,3%**
13. Material e equipo eléctrico (CNAE 27)	218.445	**1,7%**	3.070	**1,7%**	1.358	**1,5%**
14. Outra maquinaria e equipo (CNAE 28)	311.320	**2,5%**	6.621	**3,6%**	2.760	**3,0%**
15. Vehículos de motor (CNAE 29)	**1.510.146**	**12,0%**	**7.396**	**4,1%**	**2.743**	**3,0%**
16. Outro material de transporte (CNAE 30)	**811.564**	**6,4%**	**7.198**	**4,0%**	**4.207**	**4,6%**
17. Mobles (CNAE 31)	19.900	**0,2%**	483	**0,3%**	123	**0,1%**
18. Outras actividades de fabricación (CNAE 32)	79.803	**0,6%**	1.239	**0,7%**	665	**0,7%**
19. Reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 33)	21.002	**0,2%**	749	**0,4%**	260	**0,3%**
20. Enerxía e auga (CNAE 35, 36)	157.774	**1,3%**	3.741	**2,1%**	2.124	**2,3%**
21. Saneamento, xestión de residuos e descontaminación (CNAE 37, 38, 39)	41.816	**0,3%**	904	**0,5%**	345	**0,4%**
22. Construción (CNAE 41, 42, 43)	111.504	**0,9%**	2.835	**1,6%**	1.074	**1,2%**
TOTAL SERVIZOS	**6.727.257**	**53,3%**	**107.635**	**59,1%**	**58.871**	**64,9%**
23. Comercio (CNAE 45, 46, 47)	533.163	**4,2%**	8.405	**4,6%**	3.576	**3,9%**
24. Transportes e almacenamento (CNAE 49, 50, 51, 52, 53)	91.289	**0,7%**	1.297	**0,7%**	668	**0,7%**
25. Hostalaría (CNAE 55, 56)	3.909	**0,0%**	94	**0,1%**	46	**0,1%**
26. Información e comunicacións (CNAE 58, 59, 60, 61, 62, 63)	1.929.893	**15,3%**	38.454	**21,1%**	18.683	**20,6%**
27. Actividades financeiras e de seguros (CNAE 64, 65, 66)	102.485	**0,8%**	1.775	**1,0%**	473	**0,5%**
28. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)	9.218	**0,1%**	152	**0,1%**	69	**0,1%**
29. Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75)	**3.747.497**	**29,7%**	**50.305**	**27,6%**	**31.275**	**34,5%**
30. Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 77, 78, 79, 80, 81, 82)	98.220	**0,8%**	2.076	**1,1%**	859	**0,9%**
31. Actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86, 87, 88)	161.880	**1,3%**	3.851	**2,1%**	2.588	**2,9%**
32. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CNAE 90, 91, 92, 93)	11.472	**0,1%**	240	**0,1%**	65	**0,1%**
33. Outros servizos (CNAE 85-854, 94, 95, 96)	38.230	**0,3%**	986	**0,5%**	568	**0,6%**

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

En correspondencia coas achegas dos respectivos sectores ao gasto total nas actividades de I+D, as empresas son as principais empregadoras de persoal para estas actividades (cadro 2.38). A participación no emprego das empresas galegas respecto a media estatal é practicamente a mesma (47,7 % vs 47,8%). Resulta menor para as administracións públicas (14,2% vs 16,9%), que se compensa cunha maior achega en Galicia por parte das institucións de ensino superior (37,6 % vs 35 %) (cadro 2.39). O 65,4% destas persoas empregadas son persoal investigador (cadro 2.40).

A este respecto Galicia presenta unha distribución do persoal investigador lixeiramente superior á media estatal (65,4% vs 62,0%). O que reflicte o compromiso da comunidade galega co desenvolvemento de proxectos innovadores e co avance do coñecemento científico. A elevada proporción de investigadores dentro do persoal total en I+D é un indicador positivo do potencial dos esforzos de investigación en Galicia. Na mesa liña Galicia destaca en termos de implicación das institucións de ensino superior no sector de I+D. Este feito subliña a relevancia das universidades e centros de investigación na comunidade galega, tanto na súa vertente de foco de coñecemento e innovación, coma na de motor económico a través da xeración de emprego cualificado e a atracción de talento.

Cadro 2.38

Persoal en actividades en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2023

	PERSOAL	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)
Andalucía	32.474	10.311	7.092	14.952	118
Aragón	8.058	4.191	1.402	2.436	29
Asturias	4.715	1.938	644	2.125	8
Baleares	3.526	1.181	670	1.671	4
Canarias	4.644	1.447	1.263	1.900	35
Cantabria	2.527	864	589	1.012	61
Castela e León	11.741	4.768	1.056	5.905	12
Castela-A Mancha	3.943	1.787	715	1.427	15
Cataluña	60.173	30.814	10.867	18.249	243
C. Valenciana	25.290	11.259	2.949	11.048	33
Estremadura	2.655	772	648	..	..
Galicia	**13.856**	**6.619**	**1.968**	**5.206**	**63**
Madrid	69.886	34.928	14.683	20.031	244
Murcia	7.346	2.895	656	3.791	5
Navarra	5.921	3.412	484	..	..
País Vasco	23.997	17.016	1.802	5.160	19
A Rioxa	1.413	591	259	..	..
España	**282.415**	**134.793**	**47.756**	**98.957**	**909**

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Cadro 2.39. Distribución do persoal actividades en I+D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2023

	Total	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)
Andalucía	32.474	31,8%	21,8%	46,0%	0,4%
Aragón	8.058	52,0%	17,4%	30,2%	0,4%
Asturias	4.715	41,1%	13,7%	45,1%	0,2%
Baleares	3.526	33,5%	19,0%	47,4%	0,1%
Canarias	4.644	31,1%	27,2%	40,9%	0,7%
Cantabria	2.527	34,2%	23,3%	40,1%	2,4%
Castela e León	11.741	40,6%	9,0%	50,3%	0,1%
Castela-A Mancha	3.943	45,3%	18,1%	36,2%	0,4%
Cataluña	60.173	51,2%	18,1%	30,3%	0,4%
C. Valenciana	25.290	44,5%	11,7%	43,7%	0,1%
Estremadura	2.655	29,1%	24,4%	(…)	(…)
Galicia	**13.856**	**47,8%**	**14,2%**	**37,6%**	**0,5%**
Madrid	69.886	50,0%	21,0%	28,7%	0,3%
Murcia	7.346	39,4%	8,9%	51,6%	0,1%
Navarra	5.921	57,6%	8,2%	(…)	(…)
País Vasco	23.997	70,9%	7,5%	21,5%	0,1%
A Rioxa	1.413	41,8%	18,3%	(…)	(…)
España	**282.415**	**47,7%**	**16,9%**	**35,0%**	**0,3%**

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Cadro 2.40. Persoal investigador en actividades en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2023

	PERSOAL	PERSOAL INVESTIGADOR	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)	% persoal investigador s/ total
Andalucía	32.474	19.828	4.962	3.577	11.258	31	61,1%
Aragón	8.058	4.917	2.052	770	2.082	14	61,0%
Asturias	4.715	3.364	1.117	263	1.978	6	71,4%
Baleares	3.526	2.220	378	370	1.469	4	63,0%
Canarias	4.644	3.046	763	624	1.646	14	65,6%
Cantabria	2.527	1.701	450	416	780	55	67,3%
Castela e León	11.741	7.889	2.540	542	4.799	9	67,2%
Castela-A Mancha	3.943	2.052	722	499	827	4	52,0%
Cataluña	60.173	34.327	15.513	5.996	12.694	124	57,0%
C. Valenciana	25.290	15.510	5.787	1.698	8.002	24	61,3%
Estremadura	2.655	1.786	372	284	..	..	67,3%
Galicia	**13.856**	**9.057**	**4.221**	**944**	**3.840**	**51**	**65,4%**
Madrid	69.886	44.010	18.611	7.746	17.520	132	63,0%
Murcia	7.346	4.683	1.164	325	3.189	5	63,7%
Navarra	5.921	3.434	1.483	269	..	..	58,0%
País Vasco	23.997	16.171	10.827	856	4.475	13	67,4%
A Rioxa	1.413	934	273	157	..	..	66,1%
España	**282.415**	**175.044**	**71.235**	**25.338**	**77.974**	**498**	**62,0%**

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A información dispoñible permite desagregar o gasto de persoal destinado a mulleres e homes en 2023 (cadro 2.41). No conxunto estatal, as mulleres representan o 40,9% do gasto total de persoal en actividades de I+D, e o 39,6% no referente a persoal investigador. No ámbito da comunidade galega esta participación é moi parecida ca estatal (40,5% e 38,4% para persoal e investigadoras respectivamente). A desagregación das mulleres empregadas en actividades de I+D en función da institución empregadora (cadro 2.42) permite observar que a participación das mulleres en Galicia supera a media estatal no caso das administracións públicas (10,4 puntos mais) e as IPSFL (14,2 puntos máis). Nas institucións de ensino superior e practicamente a mesma porcentaxe. Pola contra, reflíctese unha presenza relativamente inferior nas empresas respecto a media estatal (4 puntos menos).

Cadro 2.41

Porcentaxe de mulleres no persoal de actividades en I+D por comunidades autónomas. 2023

	Persoal	Investigadoras
Andalucía	41,4	40,2
Aragón	38,3	40,5
Asturias	39,7	40,6
Baleares	41,5	45,3
Canarias	39,5	38,3
Cantabria	42,7	44,1
Castela e León	43,3	43,5
Castela-A Mancha	42,3	43,2
Cataluña	41,8	38,7
C. Valenciana	41,3	40,0
Estremadura	39,8	38,0
Galicia	**40,5**	**38,4**
Madrid	41,1	39,8
Murcia	40,0	39,2
Navarra	41,0	42,3
País Vasco	37,4	36,8
A Rioxa	42,6	45,4
España	**40,9**	**39,6**

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Cadro 2.42

Porcentaxe total do persoal por sectores e comunidades autónomas (mulleres). 2023

	PERSOAL				INVESTIGADORAS			
	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL(1)
Andalucía	28,7	52,3	45,0	25,4	28,4	48,2	42,8	37,0
Aragón	27,3	47,3	51,9	48,1	29,9	44,4	49,4	39,3
Asturias	31,3	56,1	42,4	38,0	32,6	54,6	43,2	32,8
Baleares	23,8	57,5	47,5	19,0	27,8	54,8	47,4	17,1
Canarias	29,8	43,2	44,6	25,1	27,2	39,1	43,2	19,3
Cantabria	26,0	60,4	46,9	39,4	29,8	59,7	44,7	34,1
Castela e León	31,1	59,2	50,2	73,0	31,0	57,9	48,3	73,6
Castela-A Mancha	34,2	57,5	45,1	32,0	33,3	56,7	43,8	23,3
Cataluña	33,7	52,8	48,6	61,6	32,3	46,6	42,6	52,9
C. Valenciana	31,7	57,7	46,7	46,1	31,2	56,0	42,9	29,7
Estremadura	29,7	49,8	..	..	26,9	52,5	..	..
Galicia	**27,9**	**64,9**	**47,1**	**66,7**	**27,8**	**61,3**	**44,2**	**60,9**
Madrid	33,3	55,1	44,4	62,2	31,9	52,4	42,4	58,6
Murcia	33,9	47,5	43,3	34,0	30,5	46,1	41,6	34,0
Navarra	33,2	52,5	..	..	35,3	46,6	..	..
País Vasco	30,9	62,0	50,1	71,6	31,4	47,5	47,7	77,8
A Rioxa	29,4	53,2	..	..	29,2	58,0	..	..
España	**31,9**	**54,5**	**46,6**	**52,5**	**31,2**	**50,5**	**43,7**	**49,2**

(…) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

As respectivas dotacións de gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas, inxeridas nunha serie histórica, dende 2000 ata 2023 (cadro 2.43), permite detectar unha tendencia á alza en relación cos anos precedentes no conxunto estatal, coas pequenas diferenzas previamente sinaladas (1,49 % en 2023, 1,44 % en 2022 e 1,43% en 2021). O cadro 2.44 resume a situación a nivel internacional. A evolución das achegas respectivas do Estado e a comunidade autónoma nos últimos anos (gráfico 2.36) recollen certa converxencia nos últimos anos.

Cadro 2.43

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas. 2001-2023

	2001(*)	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009(**)	2010	2011	2012(***)
Andalucía	0,60	0,60	0,85	0,76	0,84	0,89	1,02	1,03	1,11	1,22	1,16	1,07
Aragón	0,69	0,71	0,70	0,69	0,79	0,87	0,90	1,03	1,12	1,13	0,97	0,98
Asturias	0,69	0,62	0,67	0,65	0,70	0,88	0,92	0,97	1,01	1,06	0,97	0,92
Baleares	0,23	0,24	0,24	0,26	0,27	0,29	0,33	0,36	0,38	0,43	0,37	0,35
Canarias	0,54	0,58	0,52	0,58	0,58	0,65	0,64	0,63	0,60	0,63	0,60	0,54
Cantabria	0,57	0,53	0,45	0,44	0,45	0,79	0,88	1,01	1,17	1,24	1,11	1,04
C. León	0,82	0,80	0,86	0,93	0,89	0,97	1,10	1,27	1,15	1,11	1,04	1,17
C. A Mancha	0,34	0,43	0,42	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72	0,63	0,69	0,70	0,62
Cataluña	1,10	1,19	1,27	1,33	1,35	1,42	1,48	1,62	1,70	1,66	1,60	1,55
C. Valenciana	0,74	0,77	0,83	0,89	0,98	0,95	0,95	1,05	1,11	1,08	1,05	1,06
Estremadura	0,59	0,59	0,62	0,41	0,68	0,72	0,74	0,86	0,90	0,88	0,85	0,75
Galicia	**0,72**	**0,79**	**0,85**	**0,85**	**0,87**	**0,89**	**1,03**	**1,04**	**0,94**	**0,94**	**0,94**	**0,90**
Madrid	1,67	1,76	1,69	1,64	1,81	1,96	1,92	2,02	2,05	2,06	2,00	1,76
Murcia	0,62	0,54	0,68	0,65	0,73	0,76	0,91	0,86	0,87	0,92	0,86	0,86
Navarra	1,16	1,05	1,34	1,80	1,68	1,91	1,88	1,94	2,19	2,04	2,12	2,01
País Vasco	1,36	1,29	1,39	1,51	1,48	1,58	1,87	1,98	2,13	2,03	2,15	2,29
A Rioxa	0,62	0,54	0,63	0,66	0,66	1,04	1,16	1,01	1,08	1,06	1,02	0,91
España	**0,95**	**0,99**	**1,05**	**1,06**	**1,12**	**1,20**	**1,27**	**1,35**	**1,39**	**1,40**	**1,36**	**1,30**

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021 (P)	2022 (A)	2023
Andalucía	1,08	1,06	1,02	0,92	0,92	0,92	0,93	1,09	1,06	**1,05**	**1,14**
Aragón	0,93	0,93	0,92	0,91	0,88	0,92	0,94	0,96	1,02	**1,07**	**1,16**
Asturias	0,88	0,83	0,74	0,74	0,81	0,81	0,82	0,91	0,87	**0,84**	**0,98**
Baleares	0,33	0,32	0,32	0,32	0,36	0,39	0,40	0,53	0,48	**0,46**	**0,48**
Canarias	0,52	0,49	0,50	0,47	0,50	0,47	0,47	0,56	0,56	**0,55**	**0,57**
Cantabria	0,93	0,84	0,84	0,83	0,82	0,86	0,84	0,94	0,96	**0,90**	**0,96**
C. León	1,03	1,02	1,01	1,11	1,22	1,30	1,34	1,38	1,37	**1,35**	**1,36**
C. A Mancha	0,56	0,55	0,55	0,56	0,57	0,53	0,60	0,66	0,80	**0,67**	**0,62**
Cataluña	1,54	1,50	1,52	1,46	1,48	1,53	1,51	1,70	1,78	**1,89**	**1,90**
C. Valenciana	1,06	1,05	1,01	1,01	1,00	1,05	1,09	1,18	1,21	**1,17**	**1,23**
Estremadura	0,76	0,68	0,65	0,57	0,58	0,61	0,68	0,66	0,74	**0,70**	**0,72**
Galicia	**0,87**	**0,88**	**0,88**	**0,86**	**0,95**	**0,95**	**0,98**	**1,09**	**1,10**	**1,08**	**1,24**
Madrid	1,79	1,70	1,70	1,65	1,66	1,70	1,69	1,95	1,93	**1,96**	**2,06**
Murcia	0,85	0,87	0,86	0,92	0,92	0,97	1,00	1,15	1,09	**1,08**	**1,06**
Navarra	1,84	1,79	1,65	1,65	1,76	1,72	1,70	1,93	1,91	**1,81**	**1,78**
País Vasco	2,15	2,08	1,95	1,94	1,94	2,02	1,99	2,20	2,32	**2,23**	**2,35**
A Rioxa	0,81	0,93	0,89	0,84	0,90	0,81	0,77	0,79	0,76	**0,87**	**0,91**
España	**1,27**	**1,24**	**1,22**	**1,19**	**1,21**	**1,24**	**1,25**	**1,41**	**1,43**	**1,44**	**1,49**

Dende 2001 (*) ata 2009 PIB pm base 2000.
Dende 2009 (**) ata 2012 PIB pm base 2008.
Dende 2012 (***) en adelante PIB Revisión Estadística 2019.
Fonte: INE, Estadística de I+D.

Cadro 2.44

Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa: 2016-2023

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Australia	..	1,79	..	1,79	..	1,66	..	**..**
Austria	3,12	3,06	3,09	3,13	3,20	3,26	3,18	**3,29**
Bélgica	2,52	2,67	2,86	3,16	3,39	3,39	3,29	**3,32**
Canadá	1,73	1,69	1,74	1,76	1,93	1,86	1,81	**1,81**
Chile	0,37	0,36	0,37	0,34	0,33	..	0,39	**..**
Colombia	0,27	0,26	0,31	0,32	0,29	..	..	**..**
Costa Rica	0,44	0,43	0,37	..	0,33	0,27	..	**..**
República Checa	1,67	1,77	1,90	1,93	1,99	2,00	1,89	**1,83**
Dinamarca	3,09	2,93	2,97	2,90	2,97	2,76	2,87	**2,99**
Estonia	1,24	1,28	1,41	1,62	1,75	1,77	1,76	**1,84**
Finlandia	2,72	2,73	2,76	2,80	2,91	2,99	2,98	**3,09**
Francia	2,22	2,20	2,20	2,19	2,27	2,22	2,22	**2,19**
Alemania	2,94	3,05	3,11	3,17	3,13	3,13	3,07	**3,11**
Grecia	1,01	1,15	1,21	1,27	1,51	1,46	1,48	**1,49**
Hungría	1,18	1,32	1,51	1,47	1,59	1,64	1,39	**1,39**
Islandia	2,11	2,08	2,00	2,34	2,49	2,80	2,59	**2,65**
Irlanda	1,18	1,25	1,11	1,16	1,15	1,11	1,53	**1,58**
Israel	4,60	4,76	4,93	5,37	5,82	5,77	6,18	**6,35**
Italia	1,37	1,37	1,42	1,46	1,51	1,43	1,37	**1,31**
Japón	3,11	3,17	3,22	3,22	3,26	3,28	3,40	**3,44**
Corea	3,99	4,29	4,52	4,63	4,80	4,91	4,85	**4,96**
Letonia	0,44	0,51	0,64	0,64	0,73	0,75	0,81	**0,82**
Lituania	0,84	0,90	0,94	0,99	1,13	1,10	1,05	**1,05**
Luxemburgo	1,27	1,24	1,17	1,18	1,10	1,04	1,05	**1,03**
México	0,38	0,32	..	..	..	..	..	**..**
Países Bajos	2,15	2,18	2,14	2,18	2,32	2,27	2,18	**2,23**
Nueva Zelanda	..	1,35	..	1,41	..	1,47	..	**..**
Noruega	2,03	2,08	2,03	2,14	2,24	1,89	1,55	**1,85**
Polonia	0,97	1,04	1,21	1,32	1,39	1,43	1,44	**1,56**
Portugal	1,28	1,32	1,35	1,40	1,61	1,67	1,69	**1,69**
República Eslovaca	0,79	0,88	0,84	0,82	0,90	0,92	0,98	**1,04**
Eslovenia	2,01	1,87	1,95	2,04	2,14	2,13	2,10	**2,13**
Suecia	3,25	3,36	3,32	3,39	3,49	3,40	3,47	**3,60**
Suiza	..	3,08	..	3,20	..	3,31	..	**..**
Turquía	1,12	1,18	1,27	1,32	1,37	1,40	1,32	**1,42**
Reino Unido	2,32	2,33	2,71	2,67	2,94	2,90	2,80	**..**
Estados Unidos	2,84	2,88	2,99	3,15	3,42	3,48	3,49	**3,45**
Argentina	0,53	0,56	0,49	0,48	0,54	0,52	0,55	**0,60**
Bulgaria	0,77	0,74	0,75	0,83	0,85	0,77	0,75	**0,79**
China	2,10	2,12	2,14	2,24	2,41	2,43	2,49	**2,58**
Croacia	0,85	0,85	0,95	1,08	1,24	1,24	1,42	**1,39**
Rumanía	0,49	0,51	0,50	0,48	0,47	0,47	0,46	**0,52**
Federación Rusa	1,10	1,11	0,99	1,04	1,10	..	..	**..**
Singapur	2,07	1,90	1,81	1,89	2,16	..	1,85	**..**
Sudáfrica	0,75	0,76	0,69	0,61	0,60	..	0,61	**..**
China Taipéi	3,09	3,19	3,35	3,49	3,61	3,77	3,96	**3,98**
Galicia	**0,86**	**0,95**	**0,95**	**0,97**	**1,09**	**1,10**	**1,08**	**1,24**
España	**1,19**	**1,21**	**1,24**	**1,25**	**1,41**	**1,41**	**1,41**	**1,49**
UE27	**1,99**	**2,03**	**2,07**	**2,11**	**2,18**	**2,15**	**2,11**	**2,13**
OCDE	**2,37**	**2,41**	**2,49**	**2,56**	**2,72**	**2,72**	**2,68**	**2,70**

Fonte: OCDE e INE

Gráfico 2.36
Evolución do gasto en I+D sobre PIB. Diferencial coa media EU-27 Galicia/España. 2008-2023



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

Comparando coa media da UE27 e a OCDE, o gasto en I+D en España e Galicia mantense consistentemente por debaixo destes estándares internacionais. A media da UE27 situouse no 2,11% en 2022, mentres que a OCDE foi do 2,73%. Isto indica que tanto España como Galicia teñen un significativo espazo para mellorar os seus investimentos en I+D para poder competir a nivel global.

Asemade, a análise da tendencia histórica amosa que, a pesar das pequenas melloras nos últimos anos, Galicia non conseguiu acadar os niveis de investimento necesarios para igualar a media da UE ou da OCDE, o que subliña a necesidade de políticas e estratexias máis agresivas para fomentar o investimento en I+D. A converxencia lenta pero positiva observada no gráfico 2.36 suxire que as políticas implantadas tanto a nivel estatal como autonómico están a ter un efecto, aínda que o ritmo é insuficiente para acadar os obxectivos de converxencia a curto prazo.

2.5. Innovación tecnolóxica nas empresas

A Enquisa de innovación tecnolóxica nas empresas, realizada polo INE, permite coñecer a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño etc.). O cadro 2.45 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas con actividades innovadoras no ano 2022 (último dato

dispoñible), a partir do INE desagregados por comunidades autónomas. Nese ano, a comunidade galega contaba cun total de 1.092 empresas innovadoras, un 4,5% do total destas empresas no conxunto do Estado. Xa que logo a comunidade galega mantén o sexto posto no que se refire a participación de empresas con actividades innovadoras. A intensidade de innovación do total de empresas galegas é inferior á media estatal, ao igual que a intensidade de innovación das empresas con actividades innovadoras.

A intensidade de innovación das empresas galegas, medida como o gasto en I+D en relación ao total de empresas, é do 0,69%, mentres que a media estatal é do 0,93%. No que atinxe á intensidade de innovación nas empresas que xa realizan actividades innovadoras, Galicia presenta unha cifra de 1,17% fronte ao 1,61% da media nacional. Isto suxire que, aínda que Galicia conta cun número significativo de empresas innovadoras, estas non están investindo en I+D coa mesma intensidade que as súas homólogas noutras comunidades autónomas.

Ademais, observamos que a intensidade de innovación nas empresas galegas con actividades de I+D é do 1,12%, tamén por debaixo da media estatal do 1,90%. Esta fenda indica a necesidade de continuar no deseño de políticas de fomento do investimento en I+D nas empresas galegas.

Cadro 2.45

Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa e comunidades autónomas. 2022

	Empresas con gasto en innovación	Intensidade de innovación (1)		
		Do total de empresas	Das empresas con gasto en innovación	Das empresas con actividades de I+D
Andalucía	3.049	0,51	1,42	1,80
Aragón	1.003	0,59	1,07	1,17
Asturias	430	0,63	1,04	0,89
Baleares	489	0,46	1,30	4,93
Canarias	750	0,45	1,95	6,01
Cantabria	364	0,57	0,82	0,76
Castela e León	1.050	1,29	2,84	3,45
Castela-A Mancha	888	0,75	1,80	2,75
Cataluña	5.979	1,31	2,35	3,07
C. Valenciana	3.222	1,03	1,70	2,64
Estremadura	302	0,39	1,27	1,06
Galicia	**1.225**	**0,69**	**1,17**	**1,12**
Madrid	4.018	0,83	1,27	1,43
Murcia	892	0,49	0,98	1,11
Navarra	543	1,11	2,01	2,09
País Vasco	2.127	1,83	3,01	3,30
A Rioxa	230	0,57	1,28	1,31
España	**24.065**	**0,93**	**1,61**	**1,90**

1) Intensidade de innovación=(Gasto actividades innovadoras/cifra de negocios)x100
Fonte : INE.

No cómputo total do período 2020-2021 (últimos datos dispoñibles) rexístranse un total de 1.746 empresas innovadoras en Galicia (cadro 2.46), entre as cales destacan as de innovación xeral, as de proceso e as de produto, unha distribución similar á reflectida no conxunto do Estado. Nomeadamente, podemos observar que 943 empresas galegas foron innovadoras de produto, das cales 238 se centran exclusivamente na innovación de produto. Ademais, 1.508 empresas innovaron en procesos, con 803 dedicándose exclusivamente a esta área. Por último, 705 empresas innovaron tanto en produto como en proceso. Estes datos acreditan unha dinámica de innovación diversificada en Galicia. Comparando cos datos nacionais, Galicia representa unha parte substancial das empresas innovadoras, aínda que cunha intensidade de innovación que, como se mencionou previamente, é menor que a media estatal.

Cadro 2.46

Empresas innovadoras por comunidades autónomas e tipo de innovación. 2020-2022

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	C.-A Mancha
Empresas innovadoras no período 2020-2022	**36.880**	4.748	1.146	479	762	1.441	389	1.269	1.128
- Empresas innovadoras de produto	**18.517**	2.184	592	266	344	669	208	749	608
-- Exclusivamente innovadoras de produto	**4.567**	575	132	68	134	211	90	258	140
- Empresas innovadoras de proceso	**32.313**	4.173	1.014	411	629	1.230	298	1.011	988
-- Exclusivamente innovadoras de proceso	**18.363**	2.564	553	213	418	771	180	519	520
- Empresas innovadoras de produto e proceso	**13.950**	1.609	460	198	210	459	118	491	468
	Cataluña	Valencia	Estremadura	**Galicia**	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Rioxa
Empresas innovadoras no período 2020-2022	8.291	4.264	581	**1.746**	6.197	1.134	678	2.316	269
- Empresas innovadoras de produto	4.028	2.132	234	**943**	3.150	582	350	1.316	137
-- Exclusivamente innovadoras de produto	880	550	59	**238**	704	145	66	286	22
- Empresas innovadoras de proceso	7.411	3.714	522	**1.508**	5.494	988	612	2.030	247
-- Exclusivamente innovadoras de proceso	4.263	2.132	347	**803**	3.048	551	328	1.000	133
- Empresas innovadoras de produto e proceso	3.147	1.582	175	**705**	2.446	437	283	1.030	115

Fonte: INE.

A participación das empresas galegas no conxunto das empresas innovadoras do Estado é variable, atendendo ao tipo de innovación. Como se pode comprobar no gráfico 2.37, as empresas galegas representan unha proporción significativa nas categorías de innovación de produto e de proceso, contribuíndo ao 5,1% e 4,7% do total estatal nas respectivas categorías.

Gráfico 2.37

Empresas Innovadoras por tipo de innovación. % Galicia sobre total España. 2020-2022



Fonte: INE.

As empresas que declaran algún tipo de actividade innovadora en 2022 (última información dispoñible) en Galicia son 1.225 (cadro 2.47). Polo tanto, Galicia achega un 5,36% do total estatal, pasando a ocupar o sexto lugar en función desta participación no volume de empresas. O gasto en innovación destas empresas supón un 4,0% do total de gasto en innovación en España, situando á comunidade galega coma a sétima en volume de gasto.

A pesar de que Galicia mantén unha posición destacada en canto ao número de empresas innovadoras, o gasto en innovación por empresa é lixeiramente inferior á media estatal (gráfico 2.38). Así, o gasto medio en actividades para a innovación tecnolóxica realizado polas empresas galegas en 2022 acadou 672 mil euros, un valor inferior á media estatal, que se sitúa en 866 mil euros por empresa (gráfico 2.38).

Comparando con outras comunidades, Madrid e Cataluña lideran tanto en número de empresas innovadoras como en gasto total en innovación, o que reflicte unha maior concentración de recursos e un ecosistema máis robusto de apoio á innovación. Galicia, pola súa banda, ten potencial para aumentar o seu gasto en innovación.

Cadro 2.47

Empresas e gasto en actividades innovadoras segundo onde se realiza o gasto. 2022 (miles de €)

	Nº de empresas con gasto en innovación	Gasto en innovación
Andalucía	3.049	1.195.516
Aragón	1.003	469.667
Asturias	430	204.572
Baleares	489	180.113
Canarias	750	230.564
Cantabria	364	120.772
Castela e León	1.050	811.292
Castela-A Mancha	888	411.815
Cataluña	5.979	5.452.850
C. Valenciana	3.222	1.815.254
Estremadura	302	96.636
Galicia	**1.225**	**823.545**
Madrid	4.018	6.289.155
Murcia	892	364.844
Navarra	543	362.355
País Vasco	2.127	1.900.624
A Rioxa	230	84.048
España	**24.065**	**20.836.041**

Fonte: INE.

Gráfico 2.38

Gasto medio en innovación das empresas (2022). Miles de €.



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

A porcentaxe de empresas galegas que obteñen financiamento para actividades innovadoras mediante a emisión de accións é superior á media española (cadro 2.48). Por outra banda, tamén en 2022 (último dato dispoñible) a vía preferente de financiamento destas actividades en Galicia é a través de créditos ou emisión de débeda, aínda que nunha porcentaxe inferior á que supón esta vía de financiamento na media estatal. Así, o 33,4% das empresas galegas usaron a emisión de accións para financiar actividades innovadoras, fronte ao 27,1% da media estatal, o que manifesta unha maior predisposición das empresas galegas a utilizar o mercado de capitais para apoiar a innovación. Ademais, o 45,6% das empresas galegas con actividades innovadoras usaron a emisión de accións, superando tamén a media estatal do 42,8%.

Por outra banda, preto dun 30% das empresas galegas obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda, 4 puntos máis que a media estatal (25,8%). Pola súa banda, a porcentaxe de empresas que usaron estes créditos especificamente para actividades innovadoras é igual tanto en Galicia como no conxunto de España (14,2%). Por último, o 40,5% das empresas galegas con actividades innovadoras obtiveron financiamento mediante créditos e/ou débeda, superando a media estatal (37,4%).

No seu conxunto, estes datos perfilan un escenario de acceso ao financiamento máis favorable para as empresas galegas, tanto mediante accións como mediante débeda, o que podería ser determinante no fomento das actividades innovadoras na comunidade galega. Ademais, a combinación de diferentes fontes de financiamento pode ofrecer maior flexibilidade e soporte ás empresas para levar a cabo proxectos de innovación.

Cadro 2.48

% Empresas con actividades innovadoras por tipo de financiamento privado. Galicia/España. 2020-2022

Actividades innovadoras no período 2020-2022	España	Galicia
% de empresas que obtiveron financiamento mediante emisión de accións (1)	0,2	0,5
% de empresas que usaron a emisión de accións para actividades innovadoras (2)	27,1	33,4
% de empresas que obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda (1)	25,8	29,5
% de empresas que usaron os créditos e/ou emisión de débeda para actividades innovadoras (2)	14,2	14,2
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento mediante emisión de accións (3) (4)	2,9	1,5
% de empresas con actividades innovadoras que usaron a emisión de accións para actividades innovadoras (3) (5)	42,8	45,6
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda (3) (4)	37,4	40,5
% de empresas con actividades innovadoras que usaron os créditos e/ou emisión de débeda para actividades innovadoras (3) (5)	37,5	40,4

Notas:
(1) % sobre o total de empresas.
(2) % sobre as empresas que obtiveron financiamento dese tipo.
(3) Empresas con innovacións completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o periodo de estudo.
(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.
(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento dese tipo.
Fonte: INE.

Igualmente importante é o papel das Administracións públicas e institucións como alternativa de financiamento das actividades innovadoras (cadro 2.49), que en Galicia é máis activo que na media estatal para o caso das Administracións locais e autonómicas. Por outra banda, cómpre destacar tamén o rol da UE como entidade financiadora, tanto a título individual coma a través do programa Horizon 2020.

Tomando coma referencia o período 2020-2022, o 28,0% das empresas galegas obtiveron financiamento das Administracións locais ou autonómicas, superando o 21,3% da media estatal. Ademais, o 17,8% das empresas galegas usaron este financiamento para realizar actividades innovadoras, fronte ao 14,5% en España. No que respecta ao financiamento da Administración do Estado, o 22,2% das empresas galegas obtiveron este tipo de apoio, mentres que a media estatal é do 16,6%.

Destaca especialmente o elevado uso do financiamento do programa Horizon 2020 para actividades innovadoras en Galicia, onde o 86,2% das empresas que obtiveron este financiamento o utilizaron para innovación, en comparación co 58,7% a nivel estatal. Ademais, o 54,4% das empresas galegas con actividades innovadoras usaron financiamento doutras institucións da UE, superando a media estatal do 49,7%. No seu conxunto, estes datos poñen de manifesto a boa capacidade das empresas galegas para acceder a fondos europeos, importante para complementar os recursos nacionais e autonómicos destinados á innovación.

Cadro 2.49

% Empresas con actividades innovadoras por tipo de financiamento público. Galicia/España. 2021-2023

Actividades innovadoras no período 2021-2023	España	Galicia
% de empresas que obtiveron financiación das Administracións locais ou autonómicas (6) (1)	21,3	28,0
% de empresas que usaron o financiamento das Administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (2)	14,5	17,8
% de empresas que obtiveron financiamento da Administración do Estado (6) (1)	16,6	22,2
% de empresas que usaron o financiamento da Admón. do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (2)	19,7	17,4
% de empresas que obtiveron financiamento do programa Horizon 2020 (1)	1,6	2,1
% de empresas que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (2)	58,7	86,2
% de empresas que obtiveron financiamento doutras institucións da UE (1)	4,0	3,9
% de empresas que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (2)	24,7	25,2
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento das Administracións locais ou autonómicas (6) (3) (1)	33,6	44,8
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento financiación das Administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2)	35,2	43,4
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento da Admón. do Estado (6) (3) (1)	29,1	34,8
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento da Administración do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2)	42,9	41,2
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento do programa Horizon 2020 (3) (1)	4,7	7,5
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (3) (2)	77,8	95,6
% de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento doutras institucións da UE (3) (1)	7,6	7,1
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (3) (2)	49,7	54,4

Notas:
(1) % sobre o total de empresas.
(2) % sobre as empresas que obtiveron financiamento dese tipo.
(3) Empresas con innovacións completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o periodo de estudo.
(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.
(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento dese tipo.
(6) As organizacións do sector público inclúen as entidades públicas como as administracións central, autonómica e local e axencias, universidades, hospitais e outros proveedores de servizos públicos.
Fonte: INE.

Finalmente, as organizacións empresariais parecen usar fundamentalmente tecnoloxía preexistente na propia empresa para desenvolver as súas innovacións (cadro 2.50). No período 2020-2022 (últimos datos dispoñibles), o 32,3% das empresas galegas compraron tecnoloxía xa usada pola empresa ou fixeron actualizacións, superando a media estatal (30,1%); e o 8,9% das empresas galegas compraron tecnoloxía nova non utilizada previamente pola empresa, unha participación tamén lixeiramente superior á media estatal do 8,7%. No seu conxunto, as empresas galegas dan prioridade á optimización das súas tecnoloxías actuais. Aínda que tamén se observa certo investimento en nova tecnoloxía, a tendencia xeral é aproveitar e mellorar os recursos xa dispoñibles.

Cadro 2.50

% Empresas por tipo de tecnoloxía máis importante. Galicia/España. 2020-2022

Actividades innovadoras no período 2020-2022	España	Galicia
% de empresas que compraron tecnoloxía xa usada pola empresa ou unha actualización	30,1	32,3
% de empresas que compraron tecnoloxía nova non utilizada previamente pola empresa	8,7	8,9

(1) % sobre o total de empresas.
Fonte: INE.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 3 —

ECONOMÍA SOCIAL

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA
INSPECTOR DE TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

3.1. A ECONOMÍA SOCIAL. INTRODUCIÓN

3.2. A ECONOMÍA SOCIAL NO CONXUNTO DO ESTADO

3.3. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

3.4. COOPERATIVAS

CADRO 3.1. COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS NOS REXISTROS PROVINCIAIS E NO REXISTRO CENTRAL, SEGUNDO A CLASE DE COOPERATIVA, E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS.GALICIA. 2024

CADRO 3.2. COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS POR ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2024

3.5. SOCIEDADES LABORAIS

CADRO 3.3. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS POR PROVINCIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.4. SOCIEDADES LABORAIS: ACTOS INSCRITOS SEGUNDO A PROVINCIA DO DOMICILIO SOCIAL. GALICIA. 2024

CADRO 3.5. SOCIEDADES LABORAIS. MODIFICACIÓNS ESTATUTARIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.6. SOCIEDADES LABORAIS QUE CAUSARON BAIXA POR PROVINCIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.7. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO NÚMERO SOCIOS DESAGREGADA POR SEXO E TIPO DE PARTICIPACIÓN

NAS SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS. GALICIA. 2024

CADRO 3.8. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS, SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 3.9. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS, SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA, TIPO DE PARTICIPACIÓN E SEXO. GALICIA. 2024

3.6. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

CADRO 3.10. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO CONSTITUÍDOS. GALICIA. 2024

3.7. OUTRAS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Capítulo 3. ECONOMÍA SOCIAL

3.1. A economía social. Introdución

A economía social está presente nos foros internacionais multilaterais máis importantes. Por citar un só deles, pero de moita relevancia, temos que referirnos á resolución aprobada en 2023 pola ONU, a primeira da súa historia nesta materia, que identifica á economía social como un factor clave para un desenvolvemento sostible e da Axenda 2030. No proceso de impulso que levou a esta resolución, xogou un destacado papel o Goberno de España, a través do Ministerio de Traballo e Economía Social.

A vixente lei española de economía social (Lei 5/2011, do 29 de marzo) describe, no seu artigo 4, os seus principios orientadores, sinalando como tales "a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta na xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas aportacións de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas aportacións ao capital social. b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo aportado e o servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade. c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sostibilidade. d) Independencia respecto aos poderes públicos".

Así mesmo, e de acordo co artigo 5.1 da Lei, "Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior".

Pola súa parte, o artigo 5 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, establece que "As entidades de economía social, inspiradas polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas, están informadas polos seguintes principios orientadores: a) A primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, ca en relación

coas súas achegas ao capital social. b) A aplicación dos resultados obtidos da actividade económica, principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou da actividade realizados polas socias e os socios ou polas persoas integrantes, se for o caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sustentable, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral. c) A promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e máis a sustentabilidade. d) A independencia a respecto dos poderes públicos. e) O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro. f) O fortalecemento da democracia institucional e económica".

Por fin, o artigo 6 da Lei 6/2016 determina que "1. Forman parte da economía social de Galicia: a) as sociedades cooperativas galegas, b) as mutualidades, c) as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, d) as sociedades laborais, e) as empresas de inserción, f) os centros especiais de emprego, g) as confrarías de pescadores, h) as sociedades agrarias de transformación, i) as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, e j) as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos nesta lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial. 2. Así mesmo, poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios regulados no artigo 5, e que sexan incluídas no Catálogo de entidades da economía social, regulado no seguinte artigo".

3.2. A economía social no conxunto do Estado

O informe sobre a "análise do impacto socioeconómico dos valores e principios da economía social en España", correspondente ao ano 2023, e publicado pola Confederación Empresarial Española da Economía Social (en adiante, CEPES), supón unha importante radiografía da relevancia deste sector no conxunto da economía española. Este informe pon de manifesto que as empresas e entidades deste ámbito da economía son 43.000, que dan ocupación a 2,5 millóns de persoas e aportan á sociedade 11.026 millóns de euros anuais, que son case 5.000 millóns de euros máis que en 2019. A súa facturación supón o 10 % do PIB de España.

Por outra banda, 6,3 de cada 100 organizacións do sector privado da economía pertencen á economía social, con importantes diferencias aquí entre as distintas comunidades autónomas. Así, destaca o informe que comentamos que en comunidades autónomas con baixa densidade empresarial, a economía social ten unha importancia maior. É o caso de Estremadura, onde

alcanza o 9,5% do total do tecido produtivo, ou de Castela-A Mancha, onde esa porcentaxe é do 8,4%. Noutras comunidades autónomas, por razóns históricas, culturais ou institucionais, o desenvolvemento da economía social, segue a dicir o informe de CEPES, ten sido tamén maior. É o caso de Navarra, onde representa o 9,8% do tecido produtivo, ou do País Vasco (o 8,7%). Pola contra, nas Illas Baleares (4,7%), Canarias (4,8%) e Madrid (3,9%) o peso da economía social non supera o 5%. Segundo, CEPES, en Galicia esa porcentaxe é do 5,6%.

Continúa o informe de CEPES sinalando a importancia relativa desigual da economía social no tecido produtivo de cada sector de actividade. Así, no subsector de coidados e outros servizos sociais, o peso da economía social alcanza o 43%; no subsector de cultura e ocio, o 35,2%; no subsector de educación, o 26,0%; na agricultura o 12,8%; e na enerxía e auga o 10,9%. Pola contra, a súa presenza é moi reducida na construción (1,3%) e na hostalaría e restauración (1,3%).

3.3. A economía social en Galicia

En Galicia, contamos co “Informe da Economía Social en Galicia 2023”, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), ligado á Universidade de Santiago de Compostela.

As grandes cifras da economía social en Galicia, indícannos, seguindo fontes da Xunta de Galicia, que esta representa o 7% do PIB galego, cun impacto anual de 850 millóns de euros, xerando máis de 17.000 empregos directos.

Pasamos a facer unha descrición do acontecido en 2024 (con datos referidos a 2023 ou a 2022, cando non se conta con datos de 2024) nas entidades que integran a economía social, máis pormenorizada nas tres que veñen constituíndo o eixo da análise deste sector, nos sucesivos informes deste Consello Galego de Relacións Laborais: cooperativas, sociedades laborais e centros especiais de emprego.

3.4. Cooperativas

De acordo co informe do CECOOP correspondente a 2022, a 31.12.2022 había inscritas en Galicia 1.265 cooperativas con actividade, situadas principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra, atopándose os seus domicilios máis en territorios rurais que urbanos. A pesares disto, Vigo é o concello que máis cooperativas activas ten, en concreto o 14% de todas a cooperativas de Galicia.

E tomando como base os datos facilitados pola Consellería Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, sobre o número de cooperativas constituídas e rexistradas nos rexistros provinciais e autonómico en 2024, e atendendo tamén aos recollidos en informes anteriores, resulta que, en 2024, constituíronse en Galicia 190 cooperativas, que integran 586 socios, fronte ás 138 cooperativas, que integraban 434 socios, en 2023; ás 142 cooperativas, que integraban 542 socios, de 2022; ás 135 cooperativas, con 443 socios, de 2021; e ás 98 cooperativas, das que

formaban parte 255 socios, de 2020. De conformidade con estes datos (cadro 3.1) a provincia que amosou un maior dinamismo neste punto foi, un ano máis, a de Pontevedra, provincia na que se constituíu o 65,8% das cooperativas do total galego (o 51,4% en 2023), que agrupan ao 64% das persoas socias (o 36,4% en 2023). Por tipo de cooperativa, o protagonismo case absoluto (o 83,7% do total de cooperativas constituídas en 2024; o 75,4% en 2023) corresponde ao cooperativismo de traballo asociado, como, tamén aquí, ven ocorrendo ano tras ano.

Cadro 3.1

Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa, e número de persoas socias promotoras. Galicia. 2024

	REXISTRO DE COOPERATIVAS DE GALICIA											
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Central		Total	
	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios
Agrarias	1	4					1	4			**2**	**8**
Consumidores e usuarios			2	62			1	60	1	9	**4**	**131**
Ensino											**0**	**0**
Ensino-traballo asociado											**0**	**0**
Explotación comunitaria da terra	1	2									**1**	**2**
Mar											**0**	**0**
Mixtas traballo asociado											**0**	**0**
Sanitarias de traballo asociado											**0**	**0**
Servizos									1	5	**1**	**5**
Servizos-traballo asociado											**0**	**0**
Traballo asociado	30	62	6	13	13	28	107	241	3	7	**159**	**351**
Transportistas							1	2			**1**	**2**
Transportistas-traballo asociado											**0**	**0**
Vivenda	4	11					5	43			**9**	**54**
Crédito											**0**	**0**
Integración social	1	2									**1**	**2**
Xuvenil-explotación comunitaria da terra											**0**	**0**
Xuvenil-traballo asociado	2	6					10	25			**12**	**31**
Segundo grao											**0**	**0**
Total	**39**	**87**	**8**	**75**	**13**	**28**	**125**	**375**	**5**	**21**	**190**	**586**

Fonte: Consellería de Emprego,Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Dende o punto de vista da actividade desenvolvida, a metade das cooperativas constituídas en Galicia en 2023 pertencen, e por esta orde, aos subsectores do comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas; hostalaría; construción; e actividades profesionais, científicas e técnicas.

Cadro 3.2

Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras por actividade económica. Galicia. 2024

		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Rex. Central		Total	
Cód.	Actividade	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios
A	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	3	10			1	2	1	4	1	5	**6**	**21**
B	Industrias extractivas											**0**	**0**
C	Industria manufactureira	7	14	1	2			13	27			**21**	**43**
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado											**0**	**0**
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			2	62			1	60			**3**	**122**
F	Construción	5	13	1	3	1	2	10	55			**17**	**73**
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	4	3	6	3	8	28	63	1	3	**37**	**84**
H	Transporte e almacenamento	1	2					3	6			**4**	**8**
I	Hostalaría	4	8			1	2	18	47			**23**	**57**
J	Información e comunicación	2	6					6	12	1	2	**9**	**20**
K	Actividades financeiras e de seguros											**0**	**0**
L	Actividades inmobiliarias							2	4			**2**	**4**
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	6	12			1	2	10	24			**17**	**38**
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	2			2	4	8	19			**11**	**25**
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria											**0**	**0**
P	Educación	1	2					3	7			**4**	**9**
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	10	1	2			4	8	1	9	**11**	**29**
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	4			1	2	8	18	1	2	**12**	**26**
S	Outros servizos					3	6	10	21			**13**	**27**
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio											**0**	**0**
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais											**0**	**0**
	Total	**39**	**87**	**8**	**75**	**13**	**28**	**125**	**375**	**5**	**21**	**190**	**586**

Fuente: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

3.5. Sociedades laborais

O informe da CECOOP sinala que, en 2023, había en Galicia 689 sociedades laborais activas (653 en 2022), atopándose a maioría delas nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Segundo o informe CECOOP, A maioría exercen a súa actividades nos servizos (71,3%), seguidas pola industria (13,6%), a construción (12,6%) e a agricultura (2,5%).

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, (cadro 3.3) en 2024 constituíronse en Galicia 77 sociedades laborais, supoñendo as constituídas na provincia de Pontevedra o 70,1% do total (o 66.1% en 2023). No que ten que ver coa evolución deste parámetro no período 2011/2024, podemos constatar unha tendencia á baixa, con importantes

repuntas en 2023 e 2024, sen embargo. algunhas repuntas puntuais. En sintonía coa tendencia apuntada, o número das sociedades laborais que causaron baixa en 2023 e 2024 é o menor desde 2011 (cadro 3.6).

Cadro 3.3

Sociedades laborais constituídas por provincias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	20	26	18	18	13	7	6	15	8	8	8	1	**6**	**13**
Lugo	2	7	2	5	1	1	0	3	2	0	1	2	**11**	**5**
Ourense	10	15	3	6	5	3	4	3	2	2	2	2	**2**	**5**
Pontevedra	16	13	22	13	16	18	19	24	20	13	17	19	**37**	**54**
Galicia	**48**	**61**	**45**	**42**	**35**	**29**	**29**	**45**	**32**	**23**	**28**	**24**	**56**	**77**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.4

Sociedades laborais: Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Galicia. 2024

	Constituídas	Mod. Estat.	Baixa	Totais
A Coruña	13	8	9	**30**
Lugo	5	3	10	**18**
Ourense	5	2	3	**10**
Pontevedra	54	13	15	**82**
Galicia	**77**	**26**	**37**	**140**

Cadro 3.5

Sociedades laborais. Modificacións estatutarias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	7	11	15	11	6	12	8	37	22	4	13	7	**4**	**8**
Lugo	2	7	2	1	1	3	2	12	1	3	4	6	**5**	**3**
Ourense	5	4	1	4	2	0	1	5	3	1	1	1	**1**	**2**
Pontevedra	10	14	13	12	11	9	12	26	9	4	8	7	**7**	**13**
Galicia	**24**	**36**	**31**	**28**	**20**	**24**	**23**	**80**	**35**	**12**	**26**	**21**	**17**	**26**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.6

Sociedades laborais que causaron baixa por provincias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	26	20	18	23	15	19	41	50	60	9	13	22	**7**	**9**
Lugo	15	14	23	8	8	4	25	15	9	3	6	3	**2**	**10**
Ourense	11	14	14	13	14	5	10	10	10	2	3	11	**3**	**3**
Pontevedra	25	23	24	20	20	11	25	50	32	24	21	23	**16**	**15**
Galicia	**77**	**71**	**79**	**64**	**57**	**39**	**101**	**125**	**111**	**38**	**43**	**59**	**28**	**37**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Desde o punto de vista societario, o 94,3% 97,8% das persoas socias das sociedades laborais constituídas en 2024 son socias de traballo (o 97,8% en 2023 e o 98,3% en 2022), e un 63,3% homes (o 68,1% en 2023 e o 55,9% en 2022).

Cadro 3.7

Distribución provincial do número socios desagregada por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas. Galicia. 2024

	Totais socios		Totais socios por sexo		Socios por tipo de participación			
	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Homes	Mulleres	Homes socios traballo	Mulleres socias traballo	Homes socios capital	Mulleres socias capital
A Coruña	35	0	20	15	17	13	3	2
Lugo	15	0	9	6	8	6	1	0
Ourense	11	0	8	3	8	2	0	1
Pontevedra	116	0	75	41	72	41	3	0
Total	**177**	**0**	**112**	**65**	**105**	**62**	**7**	**3**

Fonte: Consellería de Emprego,Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Unha de cada catro (exactamente, o 26,0%; o 26,8% en 2023) das sociedades laborais constituídas en Galicia en 2024 (cadro 3.8) están encadradas no subsector do comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas.

Cadro 3.8

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica. Por provincias. Galicia. 2024

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios
A	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	2	6							**2**	**6**
B	Industrias extractivas										
C	Industria manufactureira							3	7	**3**	**7**
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado										
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
F	Construción	2	5					5	11	**7**	**16**
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	10	2	8	1	3	12	25	**18**	**46**
H	Transporte e almacenamento							2	4	**2**	**4**
I	Hostalaría	3	7	1	2	1	2	11	24	**16**	**35**
J	Información e comunicacións							3	6	**3**	**6**
K	Actividades financeiras e de seguros										
L	Actividades inmobiliarias			1	3			1	2	**2**	**5**
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	1	2					3	9	**4**	**11**
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares							4	8	**4**	**8**
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria										
P	Educación							2	4	**2**	**4**
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais							1	2	**1**	**2**
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento					2	4	2	4	**4**	**8**
S	Outros servizos	2	5	1	2	1	2	5	10	**9**	**19**
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total		**13**	**35**	**5**	**15**	**5**	**11**	**54**	**116**	**77**	**177**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.9

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, tipo de participación e sexo. Galicia. 2024

Cód.	Actividade	Nº SS LL	Total persoas socias	Persoas socias		Sexo		
				De traballo	De capital	Home	Muller	Persoa xurídica
A	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	2	6	6		4	2	
B	Industrias extractivas							
C	Industria manufactureira	3	7	7		6	1	
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado							
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación							
F	Construción	7	16	15	1	10	6	
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	18	46	42	4	30	16	
H	Transporte e almaceamento	2	4	4		3	1	
I	Hostalaría	16	35	32	3	15	20	
J	Información e comunicacións	3	6	6		5	1	
K	Actividades financeiras e de seguros							
L	Actividades inmobiliarias	2	5	4	1	3	2	
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	4	11	10	1	9	2	
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	4	8	8		4	4	
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria							
P	Educación	2	4	4		3	1	
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	2	2		1	1	
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	8	8		8		
S	Outros servizos	9	19	19		11	8	
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio							
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais							
Total		**77**	**177**	**167**	**10**	**112**	**65**	**0**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. e Igualdade. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

3.6. Centros especiais de emprego

Esta modalidade de organización produtiva, que persegue a integración laboral das persoas con diversidade funcional, contaba en 2023, segundo o informe do CECOOP, con 128 centros (153 en 2022). En torno ao 82% destes centros adopta a forma xurídica de sociedade limitada. Case a metade (o 45,3%) leva a cabo actividades dentro do sector servizos, maioritariamente en actividades administrativas e de servizos auxiliares, en concreto tarefas de limpeza xeral de edificios e xardinería.

En 2024 (cadro 3.10), constituíronse en Galicia 8 centros (7 centros en 2023 e os mesmos en 2022). O 90,6% dos seus integrantes son persoas con discapacidade, deles tan só o 21,9% homes (o 79,7% en 2023).

Cadro 3.10

Centros especiais de emprego constituídos. Galicia. 2024

Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Persoas traballadoras		Persoas con discapacidade		Persoas sen discapacidade	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
8	8	7	25	7	22	0	3

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

3.7. Outras entidades da economía social en Galicia

- Empresas de inserción. O informe da CECOOP cifra en 14 as empresas de inserción existentes en Galicia en 2023 (13 en 2022), a maioría na provincia da Coruña e do sector servizos.
- Confrarías de pescadores. Segundo o Informe da CECOOP son 63 as confrarías de pescadores existentes en Galicia en 2023 (as mesmas que en 2022), que representan o 31,8% do total das que hai no conxunto do Estado. A provincia de A Coruña conta con 35, Pontevedra con 22 e Lugo con 6. Están organizadas en tres federacións, que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores.
- Sociedades agrarias de transformación. A CECOOP cifra en 1.039 as existentes en Galicia en 2023 (1050 en 2022), nas que participan 10.028 socios (10.104 en 2022). A Coruña e Lugo son as provincias que acollen o maior número de SAT.
- Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común. En 2023, segundo CECOOP, había 3.376 montes veciñais de man común (3.371 en 2022), cunha superficie de preto de 660.000 hectáreas. Ourense ocupa o 38,6% desta superficie e Lugo o 27,2%. A súa titularidade ven ostentada por 36 mancomunidades e 3.024 comunidades de montes veciñais en man común, con cerca de 117.000 comuneiros..
- Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social. Segundo o informe de CECOOP, en 2023 tiñan a súa sede en Galicia unha mutua de seguros e tres mutualidades de previsión social pertencentes á economía socia, as mesmas que en 2022.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 4 —

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

4.1. A POBOACIÓN GALEGA

4.1.1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN

CADRO 4.1. POBOACIÓN DAS 5 COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE MÁIS HABITANTES. 2001/2011-2024

CADRO 4.2. EVOLUCIÓN ANUAL DA POBOACIÓN. POR PROVINCIAS. 2001/2011-2024

CADRO 4.3. SERIE HISTÓRICA DE POBOACIÓN SEGUNDO GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE. GALICIA. 2001-2024

CADRO 4.4. POBOACIÓN SEGUNDO COMARCAS. GALICIA. 2001, 2011-2024

4.1.2. A POBOACIÓN ESTRANXEIRA

CADRO 4.5. POBOACIÓN ESTRANXEIRA SEGUNDO SEXO. GALICIA. 2001, 2011-2024

CADRO 4.6. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. POR PROVINCIAS. 2024

4.1.3. MOVEMENTOS NATURAIS DE POBOACIÓN

CADRO 4.7. NACEMENTOS, MORTES E CRECEMENTO NATURAL. GALICIA, ESPAÑA. 2023

CADRO 4.8. MOVEMENTOS NATURAIS DE POBOACIÓN. GALICIA. 2001/2011-2023

CADRO 4.9. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE NATALIDADE. GALICIA. 2001/2011-2023

CADRO 4.10. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE MORTALIDADE. GALICIA. 2001/2011-2023

CADRO 4.11. SALDO VEXETATIVO [1] POR 1.000 HABITANTES. GALICIA, ESPAÑA, UE. 2001/2011-2023

4.1.4. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

CADRO 4.12. EMIGRACIÓN. INMIGRACIÓNS E SALDO MIGRATORIO. GALICIA. 2001/2011-2023

4.2. RESUMO DAS PRINCIPAIS VARIABLES LABORAIS

CADRO 4.13. POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS, POR ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2001/2011-2024

CADRO 4.14. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. GALICIA, ESPAÑA E UE. 2015-2024

4.3. POBOACIÓN ACTIVA E TAXA DE ACTIVIDADE

4.3.1. POBOACIÓN ACTIVA

CADRO 4.15. POBOACIÓN ACTIVA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2024

4.3.2. TAXA DE ACTIVIDADE

CADRO 4.16. TAXAS DE ACTIVIDADE DA POBOACIÓN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2024

CADRO 4.17. TAXA DE ACTIVIDADE. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO. 2015-2024

4.4. POBOACIÓN OCUPADA. TAXA DE OCUPACIÓN

4.4.1. POBOACIÓN OCUPADA

CADRO 4.18. POBOACIÓN OCUPADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2024

4.4.2. TAXA DE OCUPACIÓN

CADRO 4.19. TAXAS DE OCUPACIÓN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2024

CADRO 4.20. TAXAS DE EMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXOS. 2015-2024

CADRO 4.21. TAXAS DE OCUPACIÓN DA POBOACIÓN 15-64 ANOS. ESPAÑA/UE. 2001/2011-2024

CADRO 4.22. TAXAS DE OCUPACIÓN DAS SETE MAIORES CIDADES DE GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.23. TAXA DE OCUPACIÓN. POR SEXO E PROVINCIA. 2015-2024

4.4.3. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS, SECTORES ECONÓMICOS, GRUPO DE IDADE, SITUACIÓNS PROFESIONAIS E TIPO DE CONTRATO

CADRO 4.24. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.25. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2024

CADRO 4.26. POBOACIÓN OCUPADA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.27. CONTRATACIÓN INDEFINIDA E TEMPORAL. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.28. DURACIÓN DOS CONTRATOS TEMPORAIS. GALICIA. 2024

CADRO 4.29. PERSOAL ASALARIADO POR TIPO DE XORNADA. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.30. PERSOAL ASALARIADO. SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. GALICIA. 2015-2024

4.5. POBOACIÓN DESEMPREGADA E TAXA DE PARO

4.5.1. POBOACIÓN DESEMPREGADA

CADRO 4.31. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. GALICIA. 2015-2024

4.5.2. TAXA DE DESEMPREGO

CADRO 4.32. TAXAS DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.33. TAXA DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXOS. 2015-2024

CADRO 4.34. TAXAS DE DESEMPREGO DOS SETE MAIORES CONCELLOS DE GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.35. TAXA DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN. POR SEXO. GALICIA. 2015-2024

4.5.3. DESEMPREGO DOS FOGARES TEMPO NA PROCURA DE EMPREGO

CADRO 4.36. DESEMPREGO NOS FOGARES. GALICIA. 2023-2024

CADRO 4.37. POBOACIÓN DESEMPREGADA QUE TRABALLOU ANTERIORMENTE. POR TEMPO DE BÚSQUEDA DE EMPREGO. GALICIA. 2015-2024

4.6. O PARO REXISTRADO

CADRO 4.38. PARO REXISTRADO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2024

CADRO 4.39. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO. GALICIA. 2015-2024

CADRO 4.40. PARO REXISTRADO. POR PROVINCIAS E IDADES. GALICIA. 2024

CADRO 4.41. PARO REXISTRADO POR IDADES E SEXOS. GALICIA. 2024

CADRO 4.42. PARO REXISTRADO. POR SECTORES. GALICIA. 2024

CADRO 4.43. PARO REXISTRADO. POR NIVEL ACADÉMICO E PROVINCIAS. 2024

4.7. A POBOACIÓN INACTIVA

CADRO 4.44. POBLACIÓN INACTIVA POR TIPO DE INACTIVIDADE. GALICIA-PROVINCIAS. 2015-2024

CADRO 4.45. POBOACIÓN INACTIVA POR SITUACIÓN DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

CADRO 4.46. POBOACIÓN INACTIVA POR CLASE PRINCIPAL DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXE RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

CADRO 4.47. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPOS DE IDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXES RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

4.8. O SUBSISTEMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

4.8.1. INTRODUCIÓN. ANTECEDENTES

4.8.2. REGULACIÓN ACTUAL DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

4.8.2.1. LEI 30/2015 DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL

4.8.2.2. REAL DECRETO 694/2017, DO 3 DE XULLO, POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 30/2015, DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL

4.8.2.3. REAL DECRETO-LEI 36/2020 POLO QUE SE APROBAN AS MEDIDAS URXENTES PARA A MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E A EXECUCIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

4.8.3. FORMACIÓN DE DEMANDA

CADRO 4.48. FORMACIÓN DE DEMANDA. EVOLUCION DOS PRINCIPAIS INDICADORES. ÁMBITO ESTATAL. 2019-2024

CADRO 4.49. FORMACIÓN DE DEMANDA. EVOLUCION DE LOS PRINCIPALES INDICADORES. GALICIA. 2019-2024

CADRO 4.50. FORMACIÓN DE DEMANDA. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS HORAS DE FORMACIÓN. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2024

CADRO 4.51. FORMACIÓN DE DEMANDA. PRINCIPALES INDICADORES POR PROVINCIAS. GALICIA 2024

CADRO 4.52. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR IDADE. GALICIA 2024

CADRO 4.53. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR NIVEL DE ESTUDOS. GALICIA 2024

CADRO 4.54. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR TAMAÑO DA EMPRESA E SECTOR DE ACTIVIDADE. GALICIA 2024

CADRO 4.55. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN. GALICIA 2022-2024

CADRO 4.56. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO FAMILIA PROFESIONAL. ESPAÑA-GALICIA 2024

4.8.4. FORMACIÓN DE OFERTA

4.8.4.1. OFERTA FORMATIVA PARA PERSOAS OCUPADAS:

CADRO 4.57. FORMACIÓN SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2024

CADRO 4.58. FORMACIÓN SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS POR MODALIDADE E NIVEL DE ESTUDOS E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2024

4.8.4.2. OFERTA FORMATIVA PARA PERSOAS DESEMPREGADAS

4.8.5. OUTRAS INICIATIVAS DE FORMACIÓN

4.8.5.1. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN (PIF)

CADRO 4.59. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN. PARTICIPANTES E HORAS DE PERMISO. GALICIA/ESPAÑA. 2024

4.8.5.2. FORMACIÓN EN ALTERNANCIA CO EMPREGO

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

4.1. A poboación galega

4.1.1. Evolución da poboación

En 2024 a poboación en Galicia aumentou en 6.409 persoas (0,2%), ata chegar aos 2.705.833 habitantes. No cadro 4.1 recóllese a evolución demográfica das cinco CC.AA. máis poboadas, cunha dobre perspectiva temporal: a un prazo máis longo, tomando como referencia 2001, e nos últimos 14 anos (2011-2024). En 2024, Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana, por esta orde, concentran 28.972.646 habitantes, un 59,5% da poboación española.

No cadro salienta o contraste entre a suba da poboación española entre 2001 e 2024 (7.954.150 habitantes, un 19,6%) e o pequeno aumento da poboación galega, 7.808 habitantes (0,3%). No que atinxe ao período 2011-2024, a poboación galega diminuíu en 67.582 persoas (-2,4%).

Cadro 4.1

Poboación das 5 comunidades autónomas de máis habitantes, 2001/2011-2024

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Andalucía	7.323.031	8.332.087	8.377.809	8.387.986	8.381.239	8.388.994	8.392.046	8.394.017	8.396.464	8.412.222	8.461.039	8.484.804	8.511.167	8.584.147	8.631.862
Cataluña	6.314.849	7.493.252	7.514.992	7.488.664	7.432.833	7.420.890	7.440.692	7.480.778	7.539.364	7.624.625	7.720.323	7.749.896	7.761.823	7.901.963	8.012.231
Madrid	5.379.087	6.394.239	6.425.573	6.411.525	6.372.553	6.375.737	6.411.466	6.459.297	6.529.923	6.618.078	6.720.310	6.726.640	6.743.254	6.871.903	7.009.268
C. Valenciana	4.135.183	4.999.211	5.009.647	4.988.365	4.960.213	4.945.092	4.939.888	4.943.821	4.958.584	4.989.308	5.046.482	5.067.911	5.108.116	5.216.195	5.319.285
Galicia	**2.698.025**	**2.773.415**	**2.771.916**	**2.760.720**	**2.745.817**	**2.732.801**	**2.719.095**	**2.708.955**	**2.703.048**	**2.700.210**	**2.702.605**	**2.698.177**	**2.692.825**	**2.699.424**	**2.705.833**
España	**40.665.545**	**46.667.175**	**46.818.216**	**46.712.650**	**46.495.744**	**46.425.722**	**46.418.884**	**46.497.393**	**46.645.070**	**46.918.951**	**47.318.050**	**47.400.798**	**47.486.727**	**48.085.361**	**48.619.695**

Fonte: INE, a 1de xaneiro de cada ano.

A desagregación provincial recóllese no cadro 4.2:

- En 2024 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.076.318), un 76,7% do total da poboación en Galicia.
- O devalar demográfico en Galicia é especialmente intenso nas provincias de Ourense e Lugo, cunha perda de poboación dende 2011 ata 2024 de 25.552 e 24.477 persoas, respectivamente. Malia esta tendencia de descenso poboacional, entre 2023 e 2024, Lugo gañou 781 habitantes.

Cadro 4.2

Evolución anual da poboación. Por provincias. 2001/2011-2024

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	1.095.881	1.140.069	1.141.178	1.137.890	1.132.596	1.127.596	1.123.015	1.120.302	1.120.074	1.120.432	1.121.994	1.120.501	1.119.164	1.123.884	1.128.449
Lugo	359.818	349.525	347.629	344.603	341.495	338.430	335.752	333.152	331.128	329.070	327.573	326.068	324.240	324.267	325.048
Ourense	339.681	330.019	328.188	325.140	321.472	318.288	314.476	311.385	309.290	307.764	306.825	305.297	304.223	304.563	304.467
Pontevedra	902.645	953.802	954.921	953.087	950.254	948.487	945.852	944.116	942.556	942.944	946.213	946.311	945.198	946.710	947.869

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

O cadro 4.3 amosa a desagregación por grupos de idade a longo prazo. Os datos reflicten o notable avellentamento demográfico de Galicia ao comparar a situación entre 2001 y 2024, xa que o grupo de idade de 85 ou máis anos multiplica por 2,18 o valor de 2001, pasa de 62.837 a 136.989 persoas. En correspondencia, obsérvase unha diminución notable nos grupos de idade máis novos: o de 0-4 anos pasou de 93.594 en 2001 a 77.506 en 2024, e o grupo de 5-9 anos reduciuse de 105.119 a 101.947 no mesmo período, indicativo dunha baixa taxa de natalidade. Pola súa banda, a poboación das franxas de idade intermedias tamén experimentou variacións, cunha tendencia xeral ao descenso dende 2001. Por último, cómpre salientar que os grupos de idade de 60-84 anos tamén experimentaron un incremento significativo, destacando o envellecemento progresivo da poboación galega.

Cadro 4.3

Serie histórica de poboación segundo grupos quinquenais de idade. Galicia. 2001-2024

	2001	2006	2014	2019	2020	2021	2022	2023	2024
0-4	93.594	103.716	107.857	94.978	91.856	87.982	83.444	79.893	77.506
5-9	105.119	98.513	113.457	109.807	107.866	105.924	104.499	103.782	101.947
10-14	126.065	109.671	106.633	115.032	116.864	117.380	117.466	118.213	116.159
15-19	166.204	130.641	104.715	108.746	111.024	112.306	114.324	117.565	121.031
20-24	213.597	169.871	124.053	107.907	108.478	109.784	111.173	113.662	117.159
25-29	210.965	217.213	146.622	124.490	122.230	119.747	117.289	116.518	116.095
30-34	201.386	215.370	193.149	145.308	140.861	136.899	133.872	132.912	132.318
35-39	192.982	207.372	228.086	191.365	182.412	173.257	163.926	158.433	153.500
40-44	189.714	197.626	216.618	226.785	225.488	221.332	214.390	207.233	198.600
45-49	171.193	192.760	208.677	215.016	218.060	222.198	226.044	229.051	231.845
50-54	171.108	172.649	198.278	206.773	209.443	211.542	213.570	215.969	217.978
55-59	158.809	171.235	182.777	195.104	197.004	197.548	199.677	203.610	207.604
60-64	141.256	158.141	168.401	179.237	183.388	187.957	190.617	192.581	194.200
65-69	167.010	138.842	165.992	164.098	163.877	165.617	169.714	172.563	176.205
70-74	140.368	158.009	133.395	157.631	159.394	157.643	155.890	158.267	157.340
75-79	110.629	125.273	130.709	121.843	130.639	134.692	139.742	142.326	145.116
80-84	75.190	88.776	113.221	109.820	101.983	100.452	97.123	97.613	104.241
85 e máis	62.837	74.421	103.177	126.270	131.738	135.917	140.065	139.233	136.989
Total	**2.698.025**	**2.730.097**	**2.745.817**	**2.700.210**	**2.702.605**	**2.698.177**	**2.692.825**	**2.699.424**	**2.705.833**

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

O cadro 4.4 sintetiza a evolución da distribución da poboación galega por comarcas, no que subliñamos as doce demarcacións que a 1 de xaneiro de 2024 contan con máis de 50.000 habitantes. A partir da comparación respecto ao ano 2001, salienta o seguinte:

- Nas provincias de Lugo e Ourense, tan só a comarca da capital de provincia medrou, namentres na Coruña aumentou en dúas (A Coruña e Santiago de Compostela) e en Pontevedra en seis (Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, o Condado, O Morrazo e O Salnés).
- Ferrol é a única das comarcas das sete principais cidades galegas que reduciu o seu número de habitantes, cunha diminución de 11.603 persoas entre 2001 e 2024.
- En varias das comarcas galegas (Terras de Caldelas, A Fonsagrada, Terra de Trives, Os Ancares, A Baixa Limia, A Paradanta, Ortegal, Viana, Quiroga, O Ribeiro, Terra de Celanova, Meira, Chantada, Terra de Soneira) a poboación caeu máis dun 25% entre 2001 e 2024; e entre un 20%-25% en Muros, A Limia, Xallas, A Ulloa, Terra Chá e Tabeirós-Terra de Montes).
- Finalmente, indicar que no período 2015-2024, só nove das 53 comarcas galegas subiu a poboación: Lugo, O Salnés, O Condado, O Baixo Miño, Betanzos, Pontevedra, Vigo, Santiago y A Coruña.

Cadro 4.4

Poboación segundo comarcas. Galicia. 2001, 2011-2024

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Arzúa	19.184	17.364	17.226	17.057	16.909	16.828	16.678	16.500	16.351	16.241	16.138	16.041	15.835	15.685	15.656
Barbanza	66.323	68.311	68.336	68.199	67.776	67.331	66.940	66.672	66.405	66.095	66.063	66.089	66.112	66.095	66.061
A Barcala	11.800	11.179	11.046	10.940	10.763	10.634	10.556	10.424	10.382	10.277	10.203	10.164	10.144	10.233	10.252
Bergantiños	70.815	70.209	69.834	69.438	68.928	68.428	67.890	67.357	67.173	66.927	66.840	66.791	66.641	66.440	66.544
Betanzos	39.142	39.632	39.419	39.065	38.768	38.452	38.079	37.975	38.011	38.083	38.309	38.581	39.013	39.129	39.463
A Coruña	**358.302**	**396.864**	**398.025**	**398.412**	**397.254**	**396.728**	**397.520**	**398.730**	**400.995**	**403.386**	**406.873**	**405.925**	**406.044**	**410.413**	**413.977**
Eume	28.842	26.391	26.124	25.539	25.490	25.184	25.000	24.834	24.639	24.360	24.223	24.228	23.967	23.710	23.534
Ferrol	162.261	162.531	161.541	160.666	159.422	158.029	156.159	154.802	153.581	152.494	151.822	151.395	150.655	150.215	150.658
Fisterra	25.175	23.677	23.136	22.747	22.461	22.255	22.000	21.770	21.631	21.483	21.368	21.379	21.364	21.310	21.278
Muros	15.971	14.399	14.042	13.785	13.493	13.244	13.004	12.852	12.726	12.513	12.326	12.253	12.210	12.086	11.984
Noia	37.292	35.623	35.269	34.775	34.459	34.062	33.758	33.527	33.312	33.054	32.839	32.780	32.611	32.467	32.304
Ordes	38.193	38.683	38.411	38.153	37.687	37.313	36.960	36.702	36.583	36.456	36.237	36.203	36.136	36.200	36.320
Ortegal	16.923	14.347	13.772	13.166	12.942	12.990	12.776	12.531	12.238	11.978	11.814	11.632	11.466	11.523	11.336
Santiago	**146.555**	**163.576**	**164.519**	**164.621**	**165.083**	**165.361**	**165.887**	**166.692**	**167.142**	**168.601**	**169.571**	**169.620**	**170.237**	**171.274**	**172.466**
O Sar	17.718	16.814	16.730	16.459	16.373	16.235	16.091	15.922	15.741	15.664	15.621	15.520	15.469	15.411	15.271
Terra de Melide	14.820	13.137	12.679	12.379	12.533	12.371	12.238	12.153	12.003	11.872	11.800	11.835	11.803	11.877	12.011
Terra de Soneira	21.694	19.426	19.168	18.706	18.386	17.943	17.620	17.360	17.041	16.801	16.565	16.533	16.347	16.299	16.167
Xallas	16.992	14.961	14.634	14.054	14.008	13.808	13.643	13.491	13.397	13.311	13.203	13.165	13.126	13.079	13.038
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951	10.719	10.474	10.265	10.019	9.873	9.662	9.561	9.365	9.259	9.164
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055	13.876	13.639	13.499	13.389	13.141	13.012	12.946	12.794	12.743	12.737
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563	5.432	5.316	5.185	5.075	4.921	4.830	4.741	4.651	4.579	4.476
Lugo	**112.895**	**120.548**	**120.737**	**120.802**	**120.320**	**119.579**	**119.394**	**118.906**	**118.758**	**118.931**	**118.955**	**118.104**	**117.637**	**118.532**	**119.619**
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860	29.542	29.373	29.185	29.149	28.955	28.829	28.685	28.689	28.614	28.624
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729	26.370	26.122	25.929	25.792	25.659	25.537	25.505	25.439	25.344	25.302
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741	16.598	16.477	16.357	16.245	16.170	16.113	16.193	16.129	16.081	16.215
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447	5.425	5.335	5.231	5.125	5.124	5.119	5.091	5.041	5.032	4.969
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618	5.514	5.406	5.333	5.245	5.178	5.107	5.086	5.047	5.017	4.939
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720	23.466	23.194	22.994	22.735	22.569	22.421	22.248	22.087	22.012	22.161
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336	41.860	41.290	40.770	40.336	39.935	39.702	39.515	39.047	38.608	38.370
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876	31.530	31.132	30.754	30.370	30.151	29.780	29.525	29.241	29.309	29.545
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532	9.475	9.375	9.226	9.089	8.980	8.879	8.813	8.822	8.826	8.721
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637	14.466	14.268	14.181	14.089	14.083	14.074	14.123	14.196	14.216	14.128
Baixa Limia	9.925	8.421	8.212	7.930	7.636	7.409	7.126	6.936	6.782	6.676	6.519	6.506	6.482	6.573	6.508
O Carballiño	30.074	29.240	28.891	28.588	27.979	27.512	27.108	26.765	26.576	26.549	26.443	26.193	26.222	26.234	26.224
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964	21.525	21.111	20.658	20.340	20.075	19.803	19.657	19.518	19.319	19.252
Ourense	**143.142**	**146.165**	**146.135**	**146.190**	**145.563**	**144.810**	**144.372**	**144.011**	**144.004**	**143.851**	**144.440**	**143.765**	**143.187**	**143.973**	**144.673**
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195	16.817	16.547	16.336	15.985	15.808	15.571	15.444	15.508	15.371	15.175
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223	3.141	3.064	2.990	2.842	2.789	2.764	2.767	2.754	2.772	2.756
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749	18.367	17.960	17.620	17.433	17.497	17.230	17.108	17.123	17.094	16.947
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430	4.348	4.227	4.111	4.023	3.924	3.835	3.848	3.850	3.820	3.762
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000	26.762	26.531	26.134	25.755	25.500	25.381	25.336	25.194	25.076	25.053
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555	27.081	26.556	26.022	25.653	25.217	24.999	24.938	24.775	24.644	24.676
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362	6.153	5.983	5.916	5.811	5.682	5.591	5.538	5.471	5.458	5.438
O Baixo Miño	**45.949**	**51.116**	**51.096**	**50.630**	**50.402**	**50.282**	**49.998**	**49.828**	**49.646**	**49.464**	**50.252**	**50.599**	**50.697**	**50.696**	**50.866**
Caldas	35.397	35.322	35.154	34.958	34.757	34.623	34.456	34.197	34.067	33.837	33.701	33.577	33.380	33.207	33.047
O Condado	**37.998**	**43.318**	**42.917**	**42.790**	**42.286**	**41.992**	**41.828**	**41.693**	**41.551**	**41.621**	**41.780**	**41.829**	**42.002**	**42.314**	**42.481**
Deza	47.314	44.355	42.630	41.849	41.412	40.792	40.471	40.310	40.063	40.014	40.046	39.787	39.721	39.771	39.691
O Morrazo	**79.817**	**83.669**	**83.313**	**83.340**	**83.613**	**83.347**	**83.109**	**82.711**	**82.445**	**82.269**	**82.226**	**82.439**	**82.318**	**82.241**	**82.020**
A Paradanta	18.118	15.970	14.000	13.497	13.228	12.945	12.663	12.531	12.259	12.168	12.060	12.130	12.154	12.141	12.042
Pontevedra	**115.571**	**124.356**	**124.075**	**124.132**	**124.094**	**123.639**	**123.583**	**125.278**	**125.032**	**125.120**	**125.280**	**125.367**	**125.237**	**124.916**	**125.525**
O Salnés	**104.184**	**111.849**	**111.541**	**111.089**	**110.534**	**110.422**	**109.937**	**109.882**	**109.715**	**109.540**	**109.570**	**110.076**	**110.255**	**110.306**	**110.501**
Tabeirós-Terra de Montes	29.588	28.100	27.489	27.149	26.753	26.536	26.293	24.223	24.112	23.867	23.659	23.529	23.300	23.267	23.266
Vigo	**402.240**	**425.456**	**426.213**	**425.616**	**423.842**	**422.796**	**422.008**	**422.078**	**422.882**	**424.765**	**426.834**	**424.942**	**423.951**	**425.386**	**426.160**

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

4.1.2. A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro nos últimos anos do século XX e principios do século XXI foi moi importante no conxunto de España, pero non tanto en Galicia. Nesta comunidade, o máximo da serie acádase en 2024 (155.281), o que supón un incremento de 53.591 persoas respecto a 2013.

O cadro 4.5 permite observar:

- A suba continuada da poboación estranxeira feminina residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI. Entre 2014 e 2015 baixa lixeiramente, despois entre o 2015 e 2016 sube e continúa con esta tendencia ata a actualidade, primeiro timidamente e despois con forza. En 2024, residen 80.812 mulleres estranxeiras, 30.317 máis que en 2013.
- A evolución da poboación estranxeira masculina residente en Galicia caracterízase polo mesmo patrón de comportamento. Como lle pasou ás mulleres, en 2013 a cifra comeza a diminuír, pero cun importante aumento entre 2019-2024. En 2024, o número de estranxeiros varóns foi de 74.469, 23.274 máis que en 2013.

Cadro 4.5

Poboación estranxeira segundo sexo. Galicia. 2001/2011-2024

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Homes	15.658	52.153	52.576	51.195	46.709	44.318	43.617	43.288	44.367	47.223	52.461	54.962	57.617	66.673	74.469
Mulleres	17.400	50.987	51.208	50.495	45.316	42.929	42.821	42.789	45.711	49.571	56.147	59.064	61.557	72.633	80.812
Total	**33.058**	**103.141**	**103.785**	**101.690**	**92.025**	**87.247**	**86.438**	**86.077**	**90.078**	**96.794**	**108.608**	**114.026**	**119.174**	**139.306**	**155.281**

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

A desagregación por provincias e sexos da poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2024 figura no cadro 4.6. A concentración deste colectivo é elevada: as provincias da Coruña e Pontevedra acollen 111.166 persoas (un 71,6% do total galego). Lugo e Ourense presentan cifras significativamente menores, indicando un menor atractivo para a poboación estranxeira. Cómpre sinalar tamén o equilibrio de xénero observado nas cifras con lixeiras variacións entre provincias.

Cadro 4.6

Poboación estranxeira. Por provincias. 2024

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	29.352	32.883	**62.235**
Lugo	11.421	11.163	**22.584**
Ourense	10.287	11.244	**21.531**
Pontevedra	23.409	25.522	**48.931**

Fonte: INE, datos a 1 de xaneiro.

4.1.3. Movementos naturais de poboación

Galicia rexistrou no 2023 un descenso absoluto da súa poboación natural (18.778 habitantes menos). No total estatal, houbo unha redución de 115.468 persoas. O cadro 4.7 resume estes resultados. A perspectiva temporal dos movementos naturais da poboación galega aparece no cadro 4.8 (2001 e 2011 ata 2023). Constátase unha diminución constante dos nacementos en Galicia neste período, ao tempo que aumentaron as defuncións, agravando o saldo natural negativo. Esta tendencia contribúe ao avellentamento da poboación galega e á diminución da poboación total.

Cadro 4.7

Nacementos, mortes e crecemento natural. Galicia, España. 2023

	Nacementos	Mortes	Crecemento natural
Galicia	14.004	32.782	-18.778
España	320.656	436.124	-115.468

Fonte: INE, Movemento natural de poboación. Datos provisionais.

Cadro 4.7

Movementos naturais de poboación. Galicia. 2001/2011-2023

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
2001	19.361	28.300	-8.939
2011	21.594	29.879	-8.285
2012	21.089	30.871	-9.782
2013	19.727	30.433	-10.706
2014	19.630	29.929	-10.299
2015	19.427	31.688	-12.261
2016	19.062	31.757	-12.695
2017	18.445	31.962	-13.517
2018	16.560	32.419	-15.859
2019	15.718	31.268	-15.550
2020	15.247	32.845	-17.610
2021	14.787	32.853	-18.066
2022	14.495	34.996	-20.501
2023	**14.004**	**32.782**	**-18.778**

Fonte: INE, Movemento natural da población.

Os cadros 4.9 e 4.10 proporcionan unha visión clara da evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade en Galicia e nas súas provincias durante o período 2001-2023. A taxa de natalidade en Galicia diminúe de forma constante dende 2001, pasando de 7,2 nacementos por cada 1.000 habitantes en 2001 a 5,2 en 2023. Na análise por provincias, as maiores caídas prodúcense en Pontevedra (3,3 puntos no total do período) e A Coruña (2). A provincia de Lugo amosa unha tendencia estable, mentres que Ourense presenta unha das taxas de natalidade máis baixas, pasando de 5,3 en 2001 a 4,4 en 2022.

No que se refire á taxa de mortalidade, aumentou de 10,5 en 2001 a 12,1 en 2023. Lugo e Ourense teñen taxas de mortalidade superiores, indicando un maior avellentamento nestas provincias.

Cadro 4.9

Serie histórica. Taxa bruta de natalidade. Galicia. 2001/2011-2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	7,3	5,3	5,3	8,5	7,2
2011	8,1	6,3	6,0	8,6	7,8
2012	7,9	6,5	5,9	8,3	7,6
2013	7,5	6,1	5,8	7,7	7,2
2014	7,3	6,3	5,8	7,8	7,2
2015	7,5	6,5	5,8	7,4	7,1
2016	7,4	6,3	5,7	7,2	7,0
2017	6,9	6,3	5,5	7,3	6,8
2018	6,4	6,0	4,8	6,4	6,1
2019	5,9	5,2	4,8	6,3	5,8
2020	5,8	5,1	4,8	6,0	5,7
2021	5,6	5,0	4,6	5,8	5,5
2022	5,5	5,4	4,4	5,6	5,4
2023	**5,3**	**5,3**	**4,4**	**5,2**	**5,2**

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

Cadro 4.10

Serie histórica. Taxa bruta de mortalidade. Galicia. 2001/2011-2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	10,0	13,8	13,1	8,8	10,5
2011	10,3	13,8	14,1	9,1	10,8
2012	10,5	14,6	14,5	9,5	11,2
2013	10,7	14,4	14,1	9,3	11,1
2014	10,7	14,4	13,8	9,1	10,9
2015	11,2	15,2	14,8	9,8	11,6
2016	11,2	15,5	14,9	9,9	11,7
2017	11,3	15,6	15,2	10,0	11,8
2018	11,7	15,4	15,4	10,1	12,0
2019	11,1	14,6	15,4	9,9	11,6
2020	11,5	15,6	16,7	10,3	12,2
2021	11,9	15,4	15,4	10,4	12,2
2022	12,5	16,7	16,4	11,2	13,0
2023	**11,6**	**15,7**	**15,6**	**10,5**	**12,1**

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

O cadro 4.11 resume o comportamento do saldo vexetativo por 1.000 habitantes para Galicia, España e a UE, tanto en 2001 como para o conxunto do período 2011-2023. Galicia presenta un saldo vexetativo consistentemente negativo, que se acentuou nos últimos anos, sinalando un envellecemento poboacional significativo e unha baixa taxa de nacementos. Os datos máis recentes, de 2023, en Galicia (-6,9 por cada 1.000 habitantes) contrastan coa redución do 2,3 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 2,6 por cada 1.000 habitantes da UE27.

Cadro 4.11

Saldo vexetativo(1) por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
UE (27)	0,4	0,3	-0,1	-0,3	0,0	-0,7	-0,3	-0,7	-1,0	-1,1	-2,5	-2,7	-2,9	-2,6
España	1,2	1,8	1,1	0,8	0,7	0,0	0,0	-0,7	-1,2	-1,2	-3,2	-2,4	-2,8	-2,3
Galicia	**-3,3**	**-3,0**	**-3,7**	**-3,9**	**-3,8**	**-4,5**	**-4,7**	**-5,0**	**-5,9**	**-5,8**	**-6,5**	**-6,7**	**-7,6**	**-6,9**

(1) Nacementos menos defuncións.
Fonte: Eurostat.

4.1.4. Movementos migratorios

No cadro 4.12 aparece a evolución en 2001 e entre 2011-2023 das emigracións, inmigracións e saldo migratorio para Galicia. En 2023, Galicia experimentou un aumento significativo tanto nas emigracións externas como nas inmigracións externas en comparación co ano anterior. En 2023, houbo 36.028 persoas que emigraron de Galicia, o que representa un aumento notable respecto ás 32.697 persoas que emigraron en 2022. A maioría destas persoas optaron por trasladarse a outras comunidades autónomas de España (19.950 persoas). Por outra banda, o número de persoas que inmigraron a Galicia tamén experimentou un incremento considerable, pasando de 59.948 en 2022 a 61.766 en 2023. Desta cifra, 39.415 persoas viñeron do estranxeiro, o que demostra un fluxo migratorio internacional positivo.

En correspondencia, o saldo migratorio externo en 2023 foi positivo, con 23.337 persoas máis chegando a Galicia do estranxeiro do que marchando. Este é un aumento importante en comparación co saldo de 11.197 en 2021.O saldo migratorio co resto de España foi positivo, pero máis modesto (2.401 persoas), o que indica que aínda que máis persoas se trasladaron a outras comunidades autónomas, tamén houbo un número considerable de persoas que se trasladaron a Galicia dende outras partes de España.

Cadro 4.12

Emigracións, inmigracións e saldo migratorio. Galicia. 2001/2011-2023

	Emigración externa *	A outra comunidade	Ao estranxeiro	Inmigración externa	Doutra comunidade	Do estranxeiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2001	16.028	16.028	..	23.194	11.799	11.395	..	-4.229	..
2011	29.880	20.563	9.317	34.688	20.841	13.847	4.808	278	4.530
2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85
2015	30.707	19.993	10.714	29.933	17.839	12.094	-774	-2.154	1.380
2016	29.532	18.745	10.787	32.557	16.821	15.736	3.025	-1.924	4.949
2017	30.249	18.380	11.869	36.932	17.854	19.078	6.683	-526	7.209
2018	30.366	19.198	11.168	42.757	18.574	24.183	12.391	-624	13.015
2019	28.853	19.778	9.075	46.600	19.668	26.932	17.747	-110	17.857
2020	21.001	14.862	6.139	35.617	21.070	14.547	14.616	6.208	8.408
2021	26.702	18.180	8.522	41.150	21.431	19.719	14.448	3.251	11.197
2022	32.697	19.283	13.414	59.948	20.667	39.281	27.251	1.384	25.867
2023	**36.028**	**19.950**	**16.078**	**61.766**	**22.351**	**39.415**	**25.738**	**2.401**	**23.337**

*A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.
Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros porporcionados polo INE.

4.2. Resumo das principais variables laborais

Os datos do cadro 4.13 amosan os catro compoñentes en que adoita dividirse a poboación de 16 e máis anos, segundo a súa situación en 2001 e entre o período 2011-2024.

- En 2024, a poboación activa en Galicia sitúase en 1.262.000 persoas, mostrando un lixeiro aumento do 1,0% respecto a 2023. Porén, en comparación con 2011, houbo unha diminución do 4,1%, equivalente a 54.000 persoas menos activas.

- A poboación ocupada amosou unha tendencia de crecemento dende 2015, acadando en 2024 os 1.144.000 empregos. Este aumento é significativo, cun crecemento do 1,4% respecto ao ano anterior (2023).

- O número de persoas en paro estimadas pola EPA en 2024 é de 118.000, o que representa unha redución do 2,6% en comparación con 2023.

- A poboación inactiva en 2024 é de 1.110.000 persoas, mostrando unha lixeira diminución en comparación cos anos anteriores.

Polo tanto, os datos de 2024 amosan resultados positivos no mercado laboral de Galicia. A poboación ocupada medrou por riba da activa (1,4% e 1,0%, respectivamente), mentres que o desemprego diminuíu notablemente. Aínda que a poboación activa experimentou unha

diminución a longo prazo dende 2011, os recentes incrementos na ocupación e as reducións no paro suxiren unha mellora nas condicións laborais.

Cadro 4.13

Poboación de 16 e máis anos, por actividade económica. Galicia. 2001/2011-2024

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Poboación activa	1.159	1.317	1.318	1.291	1.274	1.261	1.256	1.248	1.244	1.241	1.221	1.229	1.241	1.250	1.262
Poboación ocupada	1.031	1.089	1.047	1.006	998	1.017	1.041	1.053	1.078	1.095	1.074	1.087	1.104	1.129	1.144
Poboación parada	128	227	271	285	276	243	215	196	166	146	147	142	137	121	118
Poboación inactiva	1.171	1.087	1.078	1.091	1.095	1.098	1.094	1.094	1.091	1.094	1.118	1.116	1.109	1.109	1.110

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A análise feita pódese inserir nun marco territorial estatal e europeo. O cadro 4.14 posibilita este exercicio para o período 2015-2024. No conxunto da UE27, Eurostat estima que a poboación activa subiu dende o cuarto trimestre de 2015 ata o mesmo de 2024 en 12,4 millóns de persoas (5,9%); e no conxunto de España aumentou en 1,7 millóns de persoas (un 7,7% máis). Para o total da UE27, Eurostat estima que a poboación ocupada aumentou nese mesmo período en máis de 20 millóns de persoas, en España fíxoo en máis de 3,9 millóns. En Galicia o aumento da ocupación foi de 136.000 persoas.

A poboación desempregada na UE27 baixou en más de 7,7 millóns de persoas no período sinalado; en España o descenso foi de 2,2 millóns. En Galicia o descenso foi de 134.000 persoas. Da comparación da evolución das taxas de crecemento entre 2023 e 2024 poden sinalarse os seguintes puntos:

- En 2024, a poboación activa en Galicia medrou o 1,0% respecto a 2023. Este incremento é maior en comparación co crecemento de España (0,8%) e a media da UE27 (0,5%).
- O incremento da poboación ocupada en Galicia é positivo (2,2%) e superior á media da UE27 (0,7%) e similar ao rexistrado en media estatal.
- En 2024, o número de persoas desempregadas en Galicia reduciuse un 9,9% respecto a 2023. En España, a redución foi do 9,3%, mentres que na UE27 houbo un descenso do 4,3%.

No seu conxunto, o mercado de traballo en Galicia mellorou no período 2015-2024. A poboación ocupada aumentou e o desemprego reduciuse de forma notable.

Cadro 4.14

Balance do mercado de traballo en Galicia, España e UE. 2014-2024

	2015			2016			2017		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.261	22.710	207.361	1.256	22.572	208.088	1.248	22.569	208.745
Poboación ocupada	1.017	17.906	186.968	1.041	18.327	188.807	1.053	18.807	192.246
Poboación desempregada	243	4.812	20.470	215	4.252	18.647	196	3.770	16.589
	2018			2019			2020		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.244	22.653	208.948	1.241	23.159	208.525	1.221	23.064	205.938
Poboación ocupada	1.078	19.333	193.991	1.095	19.967	194.343	1.074	19.344	190.303
Poboación desempregada	166	3.329	15.042	146	3.192	14.279	147	3.720	15.734
	2021			2022			2023		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
CADRO 7.5. CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN DO POSTO. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2. MODALIDADES CONTRACTUAIS

7.2.1. CONTRATO POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN

CADRO 7.6. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN. SEGUNDO SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.7. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.8. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMIBRO 2024

7.2.2. CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO

7.2.2. BIS CONTRATO DE MELLORA DA OCUPABILIDADE

CADRO 7.9. CONTRATOS VENCELLADOS A PPAA DE EMPREGO. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.10. CONTRATOS VENCELLADOS A PPAA DE EMPREGO. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.11. CONTRATOS VENCELLADOS A PPAA DE EMPREGO. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.3 CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN

CADRO 7.12. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.13. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.14. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. DECEMBRO 2024

7.2.4. CONTRATO PARA A FORMACIÓN EN ALTERNANCIA

CADRO 7.15. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.16. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.5. CONTRATO PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA

CADRO 7.17. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.18. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.19. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.6. CONTRATACIÓN EN SUBSTITUCIÓN POR ANTICIPACIÓN DA IDADE DE XUBILACIÓN

CADRO 7.20. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN POR XUBILACIÓN AOS 64 ANOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.21. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN POR XUBILACIÓN AOS 64 ANOS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.7. CONTRATO DE RELEVO E XUBILACIÓN PARCIAL

CADRO 7.22. CONTRATOS DE RELEVO. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.23. CONTRATOS DE RELEVO. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.24. CONTRATOS DE RELEVO. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.25. CONTRATOS POR XUBILACIÓN PARCIAL. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.26. CONTRATOS POR XUBILACIÓN PARCIAL. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.8. CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE

CADRO 7.27. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.28. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.29. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.30. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.31. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.32. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. SEGUNDO SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.9. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS (BONIFICADOS E NON BONIFICADOS)

CADRO 7.33. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.34. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.10. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS

CADRO 7.35. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.36. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS SEGUNDO COLECTIVO DE BONIFICACIÓN. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.11. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS

CADRO 7.37. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. AMBOS OS DOUS SEXOS. GALICIA. 2024

CADRO 7.38. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. HOMES. GALICIA. 2024

CADRO 7.39. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. MULLERES. GALICIA. 2024

CADRO 7.40. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.41. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.12. CONTRATOS INDEFINIDOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CADRO 7.42. CONTRATOS INDEFINIDOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.43. CONTRATOS INDEFINIDOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.13. CONTRATACIÓNS A COLECTIVOS ESPECIAIS

CADRO 7.44. CONTRATACIÓNS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.45. CONTRATACIÓNS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CEE. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.46. CONTRATACIÓNS DE INVESTIGADOR DOUTOR. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.47. CONTRATOS DE INVESTIGADOR PREDOUTORAL. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.14. ADSCRICIÓNS EN COLABORACIÓN SOCIAL

CADRO 7.48. ADSCRICIÓNS TEMPORAIS EN COLABORACIÓN SOCIAL. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.49. ADSCRICIÓNS TEMPORAIS EN COLABORACIÓN SOCIAL.POR SEXOS, SECTORES DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.2.15. PRÓRROGAS

CADRO 7.50. PRÓRROGAS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.51. PRÓRROGAS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 7.52. PRÓRROGAS. POR SEXOS, IDADE, SECTOR DE ACTIVIDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

7.3. CONTRATACIÓN A PERSOAS TRABALLADORAS ESTRANXEIRAS

CADRO 7.53. CONTRATOS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2024

CADRO 7.54. CONTRATOS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO SEXO, IDADE E SECTORES POR PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2024

CONCLUSIÓNS DA CONTRATACIÓN

CADRO 7.55. ROTACIÓN DO PERSOAL ASALARIADO CON CONTRATO TEMPORAL. GALICIA/ ESPAÑA. 2023/2024

CADRO 7.56. PERSOAL ASALARIADO SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. POR TIPO DE CONTRATO E SEXO. GALICIA. 2023- 2024

CADRO 7.57. PERSOAL ASALARIADO SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. POR TIPO DE CONTRATO E SEXO. ESPAÑA. 2023-2024

7.4. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

CADRO 7.58. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL, CESIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS E CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN, SEGUNDO SUPOSTOS DE UTILIZACIÓN, POR PROVINCIA DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL. GALICIA. 2024

CADRO 7.59. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL, CESIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS E CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN, SEGUNDO SUPOSTOS DE UTILIZACIÓN, POR COMUNIDADE AUTÓNOMA DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL. 2024

CADRO 7.60. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN POR SECTOR E DIVISIÓN DA ACTIVIDADE DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA USUARIA. ESPAÑA. 2024

CADRO 7.61. PERSOAS TRABALLADORAS POSTAS A DISPOSICIÓN POLAS EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA, SEGUNDO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. 2024

CADRO 7.62. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN REALIZADOS NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA, SEGUNDO O ÁMBITO DE ACTUACIÓN E A MODALIDADE DE CONTRATACIÓN. 2024

CADRO 7.63. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN REALIZADOS NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA. EVOLUCIÓN 2015-2024

CADRO 7.64. CONTRATOS DE POSTA Á DISPOSICIÓN NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA. EVOLUCIÓN 2015-2024

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

7.1. Introdución

Logo da entrada en vigor no ano 2022 do RDL 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, con efectos na regulación da contratación temporal e no reforzo da presunción de indefinición dos contratos laborais, no ano 2023 consolidou plenamente os seus efectos.

Basicamente, desaparece o contrato por obra ou servizo determinado, introdúcese o contrato por circunstancias da produción (que ven substituír o tradicional contrato eventual); o contrato de interinidade vese substituído polo contrato de substitución e reformúlanse unha vez máis os contratos formativos. Emerxe tamén, moi renovado e potenciado, o contrato de traballadores fixos descontinuos.

Se logo da crise motivada pola COVID 19, o ano 2021 supuxo unha certa recuperación da normalidade, que se reflectía en todas as variables e de xeito particularmente intenso en materia de contratación, no ano 2022 prodúcese unha recuperación total e aprécianse os efectos da muda na regulación e esa tendencia continúa no ano 2023.

Se no ano 2022 baixa o número de contratos totais, pero se multiplica por cinco o número de contratos indefinidos, no caso do Estado ata os 5.675.962, e no caso de Galicia ata os 201.029, no ano 2023 continúa esta tendencia froito da reforma normativa. Baixa no Estado en máis de dous millóns o número de contratos, mentres que en Galicia baixa en case 80.000 contratos, e seguen a subir os indefinidos en case medio millón no estado e máis de 6.000 en Galicia. No ano 2024 baixan en case 111.000 os contratos indefinidos en España e en case 6.000 en Galicia, mentres que medran en 22.000 o total de contratos iniciais en España e testimonialmente en 121 en Galicia.

Mención especial merece que se concertaron en Galicia 52.800 contratos fixos descontinuos en 2023 e 59.138 contratos fixos descontinuos en 2022, sendo o 65,04% das contratacións en mulleres.

Se atendemos ás empresas de traballo temporal, experimentan un ascenso na súa actividade cunha suba de todas as variables de actividade, especialmente nos contratos de posta a disposición celebrados en Galicia. En canto ao número de persoas traballadoras con contratos rexistrados nos servizos públicos de emprego por ETT autorizadas en Galicia, sube notablemente no noso pais.

O contrato de traballo constitúe o núcleo esencial da relación laboral. Asinado entre a empresa e a persoa traballadora, en virtude del, a persoa traballadora comprométese a prestar uns servizos, por conta da empresa, baixo a súa dirección, percibindo a cambio unha retribución.

Dentro da regulación da contratación, o Estatuto dos traballadores (ET) establece no seu artigo 16 que as empresas están obrigadas a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentarase copia do contrato para o seu rexistro e, se non existe a devandita obriga, presentarase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **contratos iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en prorrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos iniciais:

1-Indefinido (bonificados/non bonificados): é o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo descontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto-lei 10/2011, Real decreto-lei 1/2011, Real decreto lexislativo 2/2015, Real decreto-lei 32/2021).

2-Indefinido para persoas con discapacidade: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa duración é temporal. Desde o 30 de marzo de 2022 non se poden celebrar de este tipo, (RDL 32/2021), razón pola que non poden constar xa como contratos iniciais, manténdose para caracterizar este contrato na transformación en indefinidos e nas prórrogas. de contratos (art. 15 do ET, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

4- Circunstancias da produción: contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, poderase concertar polo incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, sempre que non respondan aos supostos incluídos no artigo 16.1.

Entre as oscilacións a que se refire o parágrafo anterior entenderanse incluídas aquelas que derivan das vacacións anuais.

Cando o contrato de duración determinada obedeza a estas circunstancias da produción, a súa duración no poderá ser superior a seis meses. Por convenio colectivo de ámbito sectorial poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano. No caso de que o contrato se concertase por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderá prorrogarse, mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poida exceder da dita duración máxima.

Igualmente, as empresas poderán formalizar contratos por circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada nos termos previstos neste parágrafo. As empresas solo poderán utilizar este contrato un máximo de noventa días no ano natural, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un dos ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato (art. 15 do ET, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

5- Substitución: contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial. O contrato de substitución poderá realizarse para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución. En tal suposto, a prestación de servizos poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño axeitado do posto e, como máximo, durante quince días.

Así mesmo, o contrato de substitución poderá concertarse para completar a xornada reducida por outra persoa traballadora, cando a dita redución se ampare en causas legalmente establecidas ou reguladas no convenio colectivo e se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución.

O contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo, sen que a súa duración poida ser neste caso superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido en convenio colectivo, nin poida celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada a dita duración máxima. (art. 15 do ET, Real decreto-lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007, Real decreto-lei 32/2021).

6-Temporal para persoas con discapacidade: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa traballadora á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina con quen se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para persoas traballadoras desempregadas que substitúan outras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato para a obtención da práctica profesional: destinado a completar a formación de persoas traballadoras con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente O contrato de traballo para a obtención da práctica profesional poderase concertar con aqueles que estean en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, ou de certificado de profesionalidade de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos cinco anos, ou de sete anos, cando o contrato se concerte cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos (art. 11 do ET, RD 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

11-Contrato de formación en alternancia: destinado a compatibilizar a actividade laboral retribuída cos correspondentes procesos formativos no ámbito da formación profesional, os estudos universitarios ou do catálogo de especialidades formativas do sistema nacional de emprego, neste último caso só a menores de 30 anos. Levarán asociado un plan formativo individual asociado ao contrato. Substitúe o contrato de formación e aprendizaxe (art. 11 do ET, Lei 3/2012, RD 1529/2012, Real decreto-lei 32/2021).

12-Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís etc. Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, teñen algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese caso produciríase unha duplicidade, dado que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prórrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son os seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2023-2024, pódese observar que o número total de contratos en 2024 descende respecto do ano anterior. Este descenso obsérvase, no caso de Galicia, en case todas as modalidades contractuais temporais, (agás temporal de persoas con discapacidade, xubilación parcial, formación en alternancia e outros), baixando logo de tres anos de ascenso os contratos indefinidos.

Cadro 7.1
Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social. Galicia/España. 2023-2024

	Total España 2023	%	Total Galicia 2023	%	Total España 2024	%	Total Galicia 2024	%
Indefinido ordinario (bonif./ non bonif.)	6.113.022	40,88	207.271	29,70	6.022.108	40,21	201.265	28,83
Persoas con discapacidade	17.167	0,11	1.303	0,19	15.230	0,10	1.165	0,17
Obra ou servizo								
Circunstancias produción	6.484.917	43,37	382.675	54,83	6.544.824	43,70	379.920	54,43
Substitución	1.366.257	9,14	67.635	9,69	1.412.283	9,43	66.876	9,58
Temporal persoas con discapacidade	21.346	0,14	1.086	0,16	20.721	0,14	1.110	0,16
Relevo	8.383	0,06	230	0,03	8.844	0,06	226	0,03
Xubilación parcial	24.073	0,16	1.029	0,15	24.590	0,16	1.040	0,15
Substitución xubilación 64 anos	122	0,00	0	0,00	116	0,00	1	0,00
Obtención práctica prof.	48.902	0,33	2.922	0,42	43.376	0,29	2.705	0,39
Formación en alternancia	50.049	0,33	3.093	0,56	54.987	0,37	3.215	0,46
Outros	819.173	5,48	30.626	4,27	828.371	5,53	40.468	5,80
Total contratos iniciais	**14.953.411**	**100,00**	**697.870**	**100,00**	**14.975.450**	**100,00**	**697.991**	**100,00**
Convertidos en indefinidos	490.794		26.535		444.654		25.586	
Adscricións en colaboración social								
Total contratos e adscricións	**15.444.205**		**724.405**		**15.420.104**		**723.577**	

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Nunha primeira observación podemos apreciar que, rachada en 2022 a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación asalariada con contratos temporais, segue a tendencia á baixa en 2024. Por provincias, A Coruña é a provincia na que máis baixa a contratación, seguida de Pontevedra. Nas catro provincias baixa a contratación temporal e baixa tamén a indefinida ordinaria en todas tamén.

Cadro 7.2

Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2023-2024

Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Duración temporal:										
Obra circunstacias produción	158.669	155.150	33.243	33.888	29.787	30.248	160.976	160.634	382.675	379.920
Substitución	28.811	29.069	8.020	7.826	6.859	6.657	23.945	23.324	67.635	66.876
Temporal persoas discapacidade	481	452	88	63	75	96	442	499	1.086	1.110
Relevo	117	134	6	12	27	20	80	60	230	226
Xubilación parcial	436	450	103	93	91	81	399	416	1.029	1.040
Substitución jubil 64	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
Obtención práctica profesional	1.200	1.174	332	291	266	251	1.124	989	2.922	2.705
Formación	1.020	962	595	572	626	713	852	968	3.093	3.215
Outros	16.949	23.684	2.605	3.232	2.145	2.800	8.927	10.752	30.626	40.468
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	89.229	86.969	24.865	23.824	18.512	17.640	74.665	72.832	207.271	201.265
Persoas con discapacidade	487	465	149	156	127	108	540	436	1.303	1.165
Total contratos	**297.399**	**298.510**	**70.006**	**69.957**	**58.515**	**58.614**	**271.950**	**270.910**	**697.870**	**697.991**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Distribución do total de contratos en Galicia. 2024



Evolución do total de contratos en Galicia



Se tomamos o sector económico como punto de comparación observamos, como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións, seguido a moita distancia pola industria, a construción, e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura e pesca.

Cadro 7.3

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia. 2024

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	11.022	19.585	17.523	153.135	**201.265**
Indefinido persoas con discapacidade	30	123	106	906	**1.165**
Obra ou servizo	0	0	0	0	**0**
Circunstancias produción	9.917	70.500	7.261	292.242	**379.920**
Substitución	974	7.452	630	57.820	**66.876**
Temporal persoas con discapacidade	9	127	30	944	**1.110**
Relevo	0	36	6	184	**226**
Xubilación parcial	1	392	33	614	**1.040**
Substitución xubilación 64 anos	0	0	0	1	**1**
Obtención práctica profesional	12	448	179	2.066	**2.705**
Formación	32	94	166	2.923	**3.215**
Outros contratos	413	28	73	39.954	**40.468**
Galicia	**22.410**	**98.785**	**26.007**	**550.789**	**697.991**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.



Por actividade económica, a hostalaría e a industria manufactureira son as dúas actividades nas que máis contratación se produce, o que se corresponde co dato de que foran as que máis tiveran tamén nos tres anos anteriores. Por grupo principal de ocupación, o maior volume de contratación dáse no grupo de persoas traballadoras dos servizos de restauración e comercio, seguido de peóns e persoas traballadoras non cualificadas en servizos. No caso da hostalaría, hai unha tendencia á baixa, pasando de 140.684 contratos en 2022 e 135.043 en 2023 a 134.532 en 2024.

Cadro 7.4

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. Galicia. 2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	7.511	4.169	2.522	8.208	**22.410**
B. industrias extractivas	87	62	155	75	**379**
C. Industria manufactureira	31.250	6.205	9.811	45.530	**92.796**
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	259	20	13	80	**372**
E. Fornecemento de auga, actividades saneamento, xestión residuos e descontaminación	3.543	367	276	1.052	**5.238**
F. Construción	13.031	2.336	2.440	8.200	**26.007**
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	40.053	8.724	7.395	29.391	**85.563**
H. Transporte e almacenamento	19.588	4.736	3.587	42.594	**70.505**
I. Hostalaría	54.840	17.141	11.387	51.164	**134.532**
J. Información e comunicacións	16.616	425	570	4.907	**22.518**
K. Actividades financieiras e seguros	1.448	348	286	1.354	**3.436**
L. Actividades inmobiliarias	474	84	64	334	**956**
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	9.840	1.268	1.385	6.542	**19.035**
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	32.442	5.987	3.674	19.231	**61.334**
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	4.747	3.119	2.351	4.119	**14.336**
P. Educación	10.183	1.640	2.350	8.213	**22.386**
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	17.631	5.130	4.522	12.754	**40.037**
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	25.023	6.131	3.418	18.525	**53.097**
S. Outros servizos	5.668	1.162	1.256	6.248	**14.334**
T. Act. fogares como empregadores persoal doméstico, e como produtores bens e servizos uso propio	4.264	903	1.103	2.381	**8.651**
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	12	0	49	8	**69**
Total	**298.510**	**69.957**	**58.614**	**270.910**	**697.991**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. Galicia. 2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos e xerentes	1.284	206	150	538	**2.178**
B.Técnicos e profesionais da saúde e o ensino	9.019	2.014	1.859	8.428	**21.320**
C. Outros técnicos, científicos e intelectuais	26.509	4.078	2.965	14.402	**47.954**
D. Técnicos profesionais de apoio	26.669	4.139	3.736	23.228	**57.772**
E. Empregados oficina non públicos	8.188	1.668	1.575	6.045	**17.476**
F. Empregados oficina públicos	9.033	1.827	1.439	11.032	**23.331**
G.Traballadores dos servizos de restauración e comercio	74.326	20.963	14.663	60.479	**170.431**
H. Traballadores dos servizos de saúde	20.889	6.716	4.914	15.228	**47.747**
I. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	3.411	874	751	2.708	**7.744**
J. Traballadores cualificados na agricultura e gandaría	2.661	1.764	657	2.391	**7.473**
K. Traballadores cualificados na construción	7.382	1.270	1.657	5.680	**15.989**
L. Traballadores cualificados das industrias manufactureras	18.792	4.589	2.583	18.798	**44.762**
M. Operadores de instalacións industriais de maquinaria	5.056	1.299	3.364	9.911	**19.630**
N. Condutores e operadores de maquinaria móbil	10.827	3.991	3.533	24.238	**42.589**
O. Traballadores non cualificados en servizos, agás transportes	37.988	8.203	6.480	25.867	**78.538**
P. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufactureira	36.474	6.355	8.286	41.930	**93.045**
Q. Forzas armadas	2	1	2	7	**12**
Total	**298.510**	**69.957**	**58.614**	**270.910**	**697.991**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

7.2. Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1. Contrato por circunstancias da produción

En 2023 Rexistráronse en Galicia 382.675 contratos eventuais fronte aos 379.920 de 2024.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son os segundos máis contratados no grupo 30 a 39 anos (50.149 en 2024 e 51.739 en 2023) sendo o primeiro o tramo dos maiores de 45 anos (52.143), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 39.974 no grupo de 30 a 39 anos e 51.951 para as maiores de 45 anos.

Cadro 7.6

Contratos por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	18.848	11.760	17.931	9.272	20.189	19.881	11.998	15.682	8.212	21.377	**155.150**
Lugo	3.787	2.337	3.925	1.884	4.677	4.141	2.413	4.051	1.932	4.741	**33.888**
Ourense	3.523	2.624	4.230	1.677	4.127	3.074	1.948	3.285	1.672	4.088	**30.248**
Pontevedra	18.826	12.246	24.063	10.225	23.150	14.172	9.698	16.956	9.553	21.745	**160.634**
Galicia	**44.984**	**28.967**	**50.149**	**23.058**	**52.143**	**41.268**	**26.057**	**39.974**	**21.369**	**51.951**	**379.920**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, con 270.119 contratos no 2024, os máis concertados, seguidos dos de 1 a 3 meses con 78.710, os de 3 a 6 meses, e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con 2.664 en 2024. Estas cifras reflicten un descenso de maior entidade nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a redución da rotación laboral que se produce na comunidade galega que aínda con iso, segue cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais.

Cadro 7.7

Contratos por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses				Total
	<= 1	>1 a <=3	>3 a <=6	>6	
A Coruña	109.783	32.963	11.300	1.104	**155.150**
Lugo	24.258	6.716	2.658	256	**33.888**
Ourense	19.089	7.416	3.434	309	**30.248**
Pontevedra	116.989	31.615	11.035	995	**160.634**
Galicia	**270.119**	**78.710**	**28.427**	**2.664**	**379.920**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.



A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra 237.990 contratos para a xornada completa e 141.930 para a xornada a tempo parcial. Se temos en conta a variable sexo, un 28,41% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 47,34% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o duodécimo ano consecutivo no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados con homes, mesmo incrementándose a diferenza. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi do 71,59% e dun 52,66% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina.

Cadro 7.8

Contratos por circunstancias da produción. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. Decembro 2024

	Homes			Mulleres			Ambos os sexos		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	77.370	27.923	50.077	76.850	41.461	35.689	**155.150**	**69.384**	**85.766**
Lugo	16.610	4.949	11.661	17.278	8.592	8.686	**33.888**	**13.541**	**20.347**
Ourense	16.181	4.270	11.911	14.067	6.395	7.672	**30.248**	**10.665**	**19.583**
Pontevedra	88.510	19.410	69.100	72.124	28.930	43.194	**160.634**	**48.340**	**112.294**
Galicia	**198.671**	**56.552**	**142.749**	**180.319**	**85.378**	**95.241**	**379.920**	**141.930**	**237.990**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.





7.2.2. Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta (art. 15.1 a ET, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021). Desaparece en marzo de 2022 coa reforma laboral.

7.2.2. Bis Contrato de mellora da ocupabilidade

O Real Decreto-lei 32/2021 modifica o texto refundido da Lei de emprego, respecto dos contratos vinculados a programas de activación para o emprego. O novo apartado 1 da disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego queda redactado do seguinte xeito: “Disposición adicional novena. Contratos vinculados a programas de activación para o emprego. 1. As administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de emprego, cuxa duración non poderá exceder de

doce meses". De acordo coa letra desta disposición, a contratación de duración determinada vinculada aos programas de activación para o emprego poderá realizarse no marco dun contrato temporal de causa específica, distinta ás modalidades ás que fai referencia o artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

En 2024 concertáronse en Galicia 4.099 contratos, sendo máis empregada esta modalidade nos homes que nas mulleres. Máis do 58,5% dos contratos concertados foi na franxa de maiores de 45 anos. No que atinxe á súa duración, 2.778 contratos concertados tiveron una duración entre seis e doce meses. O 63,89% concertáronse a xornada completa e o 36,11% restante a tempo parcial.

Cadro 7.9

Contratos vencellados a p.p.a.a. emprego. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	44	36	46	48	463	72	68	143	90	276	**1.286**
Lugo	29	13	24	20	142	23	22	53	36	89	**451**
Ourense	54	33	47	30	239	34	25	42	38	126	**668**
Pontevedra	48	51	84	72	653	64	82	125	104	411	**1.694**
Galicia	**175**	**133**	**201**	**170**	**1.497**	**193**	**197**	**363**	**268**	**902**	**4.099**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.



Cadro 7.10

Contratos vencellados a p.p.a.a. de emprego. Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3	>3 a <=6	>6 a <=12	>12 a <=18	>18 a <=24	>24 meses	ndeterminada	
A Coruña	19	6	8	114	352	782	5	0	0	0	**1.286**
Lugo	0	0	1	39	31	379	1	0	0	0	**451**
Ourense	1	0	0	87	60	508	10	2	0	0	**668**
Pontevedra	12	5	24	118	425	1.109	1	0	0	0	**1.694**
Galicia	**32**	**11**	**33**	**358**	**868**	**2.778**	**17**	**2**	**0**	**0**	**4.099**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Cadro 7.11

Contratos vencellados a p.p.a.a. de emprego. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2024

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	637	180	457	649	309	340	**1.286**	**489**	**797**
Lugo	228	63	165	223	112	111	**451**	**175**	**276**
Ourense	403	55	348	265	92	173	**668**	**147**	**521**
Pontevedra	908	297	611	786	372	414	**1.694**	**669**	**1.025**
Galicia	**2.176**	**595**	**1.581**	**1.923**	**885**	**1.038**	**4.099**	**1.480**	**2.619**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.





7.2.3 Contrato de substitución

Este contrato ten por obxecto substituír unha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva (art. 15.1 c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007, Real decreto-lei 32/2021).

En 2023 rexistráronse en Galicia 67.635 contratos de substitución fronte aos 68.876 de 2024. Hai polo tanto unha tendencia á baixa, xa iniciada os dous anos anteriores respecto dos de interinidade.

Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina segue a ser superior en 2024.

Cadro 7.12

Contratos de substitución. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.847	1.676	2.434	1.146	2.659	2.986	3.067	4.277	2.278	6.699	**29.069**
Lugo	462	457	667	305	684	762	745	1.222	628	1.894	**7.826**
Ourense	321	373	579	250	562	638	655	1.037	537	1.705	**6.657**
Pontevedra	1.486	1.513	2.195	970	2.266	2.326	2.227	3.580	1.796	4.965	**23.324**
Galicia	**4.116**	**4.019**	**5.875**	**2.671**	**6.171**	**6.712**	**6.694**	**10.116**	**5.239**	**15.263**	**66.876**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 83,83% dos casos en 2024 e nun 82,69% en 2023. Os contratos menores de 7 días supoñen en 2024 un 5,36% e os que duran entre 15 días e un mes, un 2,14%.

Cadro 7.13

Contratos de substitución. Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3	>3 a <=6	>6 a <=12	>12 a <=18	>18 a <=24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	1.221	393	566	1.166	676	197	28	6	37	24.779	**29.069**
Lugo	439	127	155	261	182	61	14	5	8	6.574	**7.826**
Ourense	500	170	208	203	189	128	6	4	8	5.241	**6.657**
Pontevedra	1.428	297	500	749	579	253	18	3	30	19.467	**23.324**
Galicia	**3.588**	**987**	**1.429**	**2.379**	**1.626**	**639**	**66**	**18**	**83**	**56.061**	**66.876**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 63,85% en 2024 e un 36,15% os que foron a tempo parcial, cifras moi semellantes ás de 2023. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial, 19.157, fronte ao colectivo de homes, 5.021, aínda que se produce un descenso da parcialidade nos dous grupos.

Cadro 7.14

Contratos de substitucion. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Decembro 2024

	Homes			Mulleres			Ambos sexos		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	9.762	2.344	7.418	19.307	8.947	10.360	**29.069**	**11.291**	**17.778**
Lugo	2.575	517	2.058	5.251	1.985	3.266	**7.826**	**2.502**	**5.324**
Ourense	2.085	399	1.686	4.572	1.677	2.895	**6.657**	**2.076**	**4.581**
Pontevedra	8.430	1.761	6.669	14.894	6.548	8.346	**23.324**	**8.309**	**15.015**
Galicia	**22.852**	**5.021**	**17.831**	**44.024**	**19.157**	**24.867**	**66.876**	**24.178**	**42.698**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.





7.2.4. Contrato para a formación en alternancia

O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2024 foi de 3.215 e 3.093 en 2023.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos que en 2024 un 52,97% destes contratos se concertan con homes e un 47,03% con mulleres, volvendo a unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de homes que se iniciara en 2019, e que se interrompera hai dous anos.

Cadro 7.15

Contratos de formación en alternancia. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	232	75	41	14	133	158	81	57	30	141	**962**
Lugo	120	41	37	18	96	92	43	38	12	75	**572**
Ourense	114	67	49	25	148	73	51	44	23	119	**713**
Pontevedra	245	102	37	28	81	174	92	53	27	129	**968**
Galicia	**711**	**285**	**164**	**85**	**458**	**497**	**267**	**192**	**92**	**464**	**3.215**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.



Un 94,12% en 2024 e un 95,25% en 2023 concértanse por un tempo igual ou inferior a 12 meses.

Cadro 7.16

Contratos de formación en alternancia por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	179	718	11	28	26	**962**
Lugo	126	437	1	8	0	**572**
Ourense	58	642	2	11	0	**713**
Pontevedra	208	658	3	20	79	**968**
Galicia	**571**	**2.455**	**17**	**67**	**105**	**3.215**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.



7.2.5. Contrato para a obtención de práctica

Este tipo de contrato alcanzou en 2023 os 2.922 concertos e 2.705 en 2024 (217 menos que o ano anterior, sendo o cuarto ano de baixada).

Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 57,84% de homes e cun 42,16% de mulleres en 2023 e cun 56,15% de homes e cun 43,83% de mulleres en 2024. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é moi parello en mulleres e en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.

Por grupos de idade, realizáronse maior numero de contratacións ao colectivo de menores de 25 anos con 1.661 contratos, seguido do colectivo entre 25 e 29 anos con 682 contratos.

Cadro 7.17

Contratos para a obtención de práctica. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	424	158	31	6	11	351	127	33	15	18	**1.174**
Lugo	92	32	17	1	4	78	39	22	4	2	**291**
Ourense	72	43	18	1	8	53	34	12	4	6	**251**
Pontevedra	369	149	50	12	21	222	100	39	12	15	**989**
Galicia	**957**	**382**	**116**	**20**	**44**	**704**	**300**	**106**	**35**	**41**	**2.705**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Segundo a duración do contrato, os de duración entre seis e doce meses son maioría. Aqueles que alcanzaron a duración superior a 12 meses seguen a supoñer, ao igual que en anos anteriores, unha porcentaxe irrisoria.

Cadro 7.18

Contrato obtención de práctica. Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <24	máis de 24	
A Coruña	577	594	2	0	1	**1.174**
Lugo	154	136	1	0	0	**291**
Ourense	117	133	1	0	0	**251**
Pontevedra	475	513	0	1	0	**989**
Galicia	**1.323**	**1.376**	**4**	**1**	**1**	**2.705**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Tempo de duración dos contratos en prácticas



Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 84,44% celebrouse a xornada completa e o 15,56% a parcial.

Cadro 7.19

Contrato para a obtención de práctica. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2024

	Homes			Mulleres			Ambos sexos		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	630	73	557	544	108	436	**1.174**	**181**	**993**
Lugo	146	7	139	145	13	132	**291**	**20**	**271**
Ourense	142	10	132	109	25	84	**251**	**35**	**216**
Pontevedra	601	97	504	388	88	300	**989**	**185**	**804**
Galicia	**1.519**	**187**	**1.332**	**1.186**	**234**	**952**	**2.705**	**421**	**2.284**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.





7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación

Esta medida ten por finalidade a contratación de persoas inscritas como desempregadas en substitución daquelas que anticipen a súa idade ordinaria de xubilación de 65 a 64 anos (art.1 e ss. RD 1194/1985) (Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011 e Lei 3/2012).

No 2023 en Galicia non se realizaron contratos desta modalidade en Galicia, e no ano 2024 tan só 1, a unha muller, na provincia da Coruña.

Cadro 7.20

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	**1**
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
Galicia	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1**	**1**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Cadro 7.21

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses				Total
	12	>12 e >18	>18 e >24	> 24	
A Coruña	1	0	0	0	**1**
Lugo	0	0	0	0	**0**
Ourense	0	0	0	0	**0**
Pontevedra	0	0	0	0	**0**
Galicia	**1**	**0**	**0**	**0**	**1**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

7.2.7. Contrato de relevo e xubilación parcial

É o que se concerta cunha persoa desempregada ou que estivese contratada pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente unha persoa traballadora da empresa que accede á xubilación parcial (Lei 14/2000 e Lei 3/2012).

A xubilación parcial da persoa substituída é aquela que se inicia despois de cumprir os 61 anos e ata o momento da xubilación total, que se combina cun contrato a tempo parcial e se encontra vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a idade de xubilación téñense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan (Lei 12/2001 e Lei 40/2007).

No ano 2024 asináronse en Galicia 226 contratos de relevo e 230 en 2023.

Segundo a actividade económica foi máis utilizado no sector servizos.

Por sexo e idade, o 53,54% celebráronse con homes en 2024 e o 47,39% en 2023 e entre eles, o colectivo de máis de 45 anos foi o máis empregado seguido do grupo de máis de 30 a 39 anos. No grupo de mulleres concertáronse o 46,46% dos contratos de relevo, e o tramo de máis de 45 anos é o que ten maior representación con 31 contratos en 2024.

Segundo a duración, en 2024 o 51,77% foron por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 38,05% foi a completa e o 61,95% a tempo parcial, experimentando esta última un ascenso notable respecto de 2023.

A parcialidade foi menor nos homes, representando un 54,54%, mentres que nas mulleres supuxo un 70,48%.

Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	5	13	9	11	27	5	19	13	10	22	**134**
Lugo	0	1	0	1	3	0	4	2	1	0	**12**
Ourense	1	1	8	1	4	0	0	2	1	2	**20**
Pontevedra	5	6	14	1	10	2	8	6	1	7	**60**
Galicia	**11**	**21**	**31**	**14**	**44**	**7**	**31**	**23**	**13**	**31**	**226**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.





Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 días	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3	>3 a <= 6	>6 a <= 12	>12 a <= 18	>18 a <= 24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	0	0	0	2	6	13	21	28	64	0	**134**
Lugo	0	0	0	0	0	1	1	4	6	0	**12**
Ourense	0	0	0	0	1	1	3	2	13	0	**20**
Pontevedra	2	0	0	1	2	7	4	10	34	0	**60**
Galicia	**2**	**0**	**0**	**3**	**9**	**22**	**29**	**44**	**117**	**0**	**226**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Cadro 7.24

Contratos de relevo. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2024

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	65	41	24	69	49	20	**134**	**90**	**44**
Lugo	5	2	3	7	7	0	**12**	**9**	**3**
Ourense	15	11	4	5	3	2	**20**	**14**	**6**
Pontevedra	36	12	24	24	15	9	**60**	**27**	**33**
Galicia	**121**	**66**	**55**	**105**	**74**	**31**	**226**	**140**	**86**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Contratos de xubilación parcial concertáronse 1.040 en Galicia en 2024 e 1.029 en 2023. Do total, un 73,46% concertouse con homes e só un 26,54% con mulleres en 2024 e un 76,58% e un 23,42% en 2024. Esta diferenza está explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder ás pensións de xubilación, diferenzas que xa comezaron a diminuír. Tanto nun grupo coma noutro, os dous anos o 100% concertouse con maiores de 45 anos.

Ao igual que no contrato anterior, a maioría, un 61,73%, celebrouse por un tempo superior a 24 meses.

Cadro 7.25

Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2024

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	333	0	0	0	0	117	**450**
Lugo	0	0	0	0	76	0	0	0	0	17	**93**
Ourense	0	0	0	0	59	0	0	0	0	22	**81**
Pontevedra	0	0	0	0	296	0	0	0	0	120	**416**
Galicia	**0**	**0**	**0**	**0**	**764**	**0**	**0**	**0**	**0**	**276**	**1.040**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

Cadro 7.26

Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincias. Galicia. 2024

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3	>3 a <= 6	>6 a <= 12	>12 a <= 18	>18 a <= 24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	4	0	0	1	1	19	32	49	262	82	**450**
Lugo	2	0	0	0	0	3	3	10	68	7	**93**
Ourense	1	0	0	1	0	2	6	9	45	17	**81**
Pontevedra	1	0	0	0	3	15	22	49	267	59	**416**
Galicia	**8**	**0**	**0**	**2**	**4**	**39**	**63**	**117**	**642**	**165**	**1.040**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2024.

7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo domestico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo.

Estas contratacións son pouco representativas, supoñen 4.388 contratos en 2023 e 1.189 en 2024, e son os de duración igual ou inferior a 7 días (34,73%) os máis celebrados. Case superan en 150 os contratos celebrados con homes aos celebrados con mulleres e o 24,39% son do colectivo de 30 a 39 anos.

CADRO 8.I. CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS. 2024

CADRO 8.II. CONVENIOS COLECTIVOS REVISADOS. 2024

CADRO 8.III. CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS EN FUNCIÓN DO NO DE PERSOAS TRABALLADORAS. EMPRESA. 2024

CADRO 8.IV. CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS EN FUNCIÓN DO NO DE PERSOAS TRABALLADORAS. SECTOR. 2024

CADRO 8.V. VIXENCIAS MEDIAS DOS CONVENIOS ASINADOS DE EMPRESA. PORCENTAXE SOBRE O TOTAL. 2024

CADRO 8.VI. VIXENCIAS MEDIAS DOS CONVENIOS ASINADOS DE SECTOR. ANO 2023. PORCENTAXE SOBRE O TOTAL. 2024

CADRO 8.VII. MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO.

CADRO 8.VIII. MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO POR SECTORES DE ACTIVIDADE. 2024

CADRO 8.IX. CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS CON CLÁUSULA DE GARANTÍA SALARIAL. 2024

CADRO 8.X. CONVENIOS COLECTIVOS REVISADOS CON CLÁUSULA DE GARANTÍA SALARIAL. 2024

CADRO 8.XI. XORNADA PACTADA. MEDIA PONDERADA

CADRO 8.XII. XORNADA POR SECTOR DE ACTIVIDADE 2024

CADRO 8.XIII. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS. CONVENIOS COLECTIVOS ASIENADOS DE SECTOR. INCREMENTO SALARIAL E XORNADA ANUAL PACTADOS. 2024

ANEXO I

ANÁLISE DAS INAPLICACIÓNS DE CONVENIOS REXISTRADAS EN 2024 EN GALICIA

CADRO 8.I. INAPLICACIÓNS REXISTRADAS. POR SECTORES ECONÓMICOS E PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 8.II. CONDICIÓNS DE TRABALLO QUE SE INAPLICAN MEDIDA SALARIAL ADOPTADA

CADRO 8.III. CONVENIOS OBXECTO DE INAPLICACIÓN. 2024

CADRO 8.IV. INAPLICACIÓNS REXISTRADAS. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA POR PROVINCIAS. GALICIA 2024

CADRO 8.V. VIXENCIAS INDICADAS NAS INAPLICACIÓNS. PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE INAPLICACIÓNS REXISTRADAS. POR PROVINCIAS. GALICIA 2024

CADRO 8.VI. INAPLICACIÓNS DE CONVENIOS REXISTRADAS. POR TRABALLADORES/AS DA EMPRESA E PROVINCIAS

CADRO 8.VII. COMPARATIVA INAPLICACIÓNS DE CONVENIOS REXISTRADAS. 2024-2023-2022

CADRO 8.VIII. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA. 2024-2023-2022

CADRO 8.IX

Capítulo 8. A negociación colectiva

Parte I.

A negociación colectiva en Galicia

Capítulo 8. A negociación colectiva

Parte I.

A negociación colectiva en Galicia

8.1. Introdución e metodoloxía

A primeira parte deste capítulo recolle unha análise dos convenios colectivos asinados e revisados durante o ano 2024 en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada.

O criterio de inclusión que se utiliza é o da vixencia económica, polo que os convenios que se teñen en conta son os asinados e revisados en 2024 que teñen vixencia e efectos económicos durante ese ano así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en 2024. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2024, non teñen efectos económicos para ese ano.

Tense en conta a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan.

Desde a posta en marcha do programa *Regcon* para o rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Para determinar a xornada media pactada tivéronse en conta unicamente os convenios que a regulan de xeito anual, que foron 113 en 2024 (o 72,44% do total de convenios asinados e revisados nese ano).

Inclúese así mesmo unha análise das inaplicacións rexistradas en 2024 en Galicia que se acompaña como anexo a este capítulo.

A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2024 ou posterior, combinando esta información coa extraída do programa *Regcon* co fin de recoller só os que afectan a persoas traballadoras nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de persoas traballadoras ás que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.

A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).

Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos extraídos do programa *Regcon* e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

8.2. Estrutura da negociación colectiva

A 31 de decembro de 2024 existen en Galicia 1.058 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 535.631 persoas traballadoras.

No Cadro 8.1 pode apreciarse a evolución no período 2019 – 2024.

Cadro 8.1

Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2019 - 2024

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	21	30	23	20	32	**126**
Empresa	51	321	101	86	348	**907**
Total 2019	72	351	124	106	380	**1.033**
Sector	21	30	23	20	32	**126**
Empresa	52	323	102	86	349	**912**
Total 2020	73	353	125	106	381	**1.038**
Sector	21	30	23	20	32	**126**
Empresa	51	330	103	80	349	**913**
Total 2021	72	360	126	100	381	**1.039**
Sector	21	30	23	20	29	**123**
Empresa	49	336	103	80	349	**917**
Total 2022	70	366	126	100	378	**1.040**
Sector	21	29	23	20	29	**122**
Empresa	50	342	106	81	347	**926**
Total 2023	71	371	129	101	376	**1.048**
Sector	21	29	23	20	29	**122**
Empresa	49	349	105	83	350	**936**
Total 2024	**70**	**378**	**128**	**103**	**379**	**1.058**

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores.
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.





Refírense estes datos a convenios colectivos de empresa e de sector negociados en Galicia, incluíndo neste total tamén os acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Asináronse e/ou revisáronse no ano 2024 en Galicia 156 convenios colectivos (110 convenios asinados e 46 revisados), dos que 43 son de sector (16 convenios asinados e 27 revisados) e 113 son de empresa (94 convenios asinados e 19 revisados).

O Cadro 8.2 reflicte estes datos por provincias.

Cadro 8.2

Convenios asinados e revisados. Galicia. Ano 2024.

	CONVENIOS ASINADOS			CONVENIOS REVISADOS			TOTAL ASINADOS E REVISADOS		
	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.									
Núm. Convenios	5	5	**10**	3	3	**6**	8	8	**16**
Núm. Traballad.	2.840	15.541	**18.381**	859	17.128	**17.987**	3.699	32.669	**36.368**
Homes	*2.168*	*6.565*	***8.733***	*663*	*2.275*	***2.938***	*2.831*	*8.840*	***11.671***
Mulleres	*672*	*8.976*	***9.648***	*196*	*14.853*	***15.049***	*868*	*23.829*	***24.697***
A Coruña									
Núm. Convenios	27	3	**30**	6	7	**13**	33	10	**43**
Núm. Traballad.	2.042	6.000	**8.042**	490	81.144	**81.634**	2.532	87.144	**89.676**
Homes	*1.578*	*3.380*	***4.958***	*209*	*57.272*	***57.481***	*1.787*	*60.652*	***62.439***
Mulleres	*464*	*2.620*	***3.084***	*281*	*23.872*	***24.153***	*745*	*26.492*	***27.237***
Lugo									
Núm. Convenios	8	2	**10**	1	8	**9**	9	10	**19**
Núm. Traballad.	475	3.485	**3.960**	85	13.587	**13.672**	560	17.072	**17.632**
Homes	*279*	*654*	***933***	*77*	*10.336*	***10.413***	*356*	*10.990*	***11.346***
Mulleres	*196*	*2.831*	***3.027***	*8*	*3.251*	***3.259***	*204*	*6.082*	***6.286***
Ourense									
Núm. Convenios	4	3	**7**	1	3	**4**	5	6	**11**
Núm. Traballad.	392	3.700	**4.092**	12	7.750	**7.762**	404	11.450	**11.854**
Homes	*335*	*1.150*	***1.485***	*4*	*5.850*	***5.854***	*339*	*7.000*	***7.339***
Mulleres	*57*	*2.550*	***2.607***	*8*	*1.900*	***1.908***	*65*	*4.450*	***4.515***
Pontevedra									
Núm. Convenios	50	3	**53**	8	6	**14**	58	9	**67**
Núm. Traballad.	13.143	3.950	**17.093**	550	35.451	**36.001**	13.693	39.401	**53.094**
Homes	*8.244*	*3.320*	***11.564***	*420*	*29.854*	***30.274***	*8.664*	*33.174*	***41.838***
Mulleres	*4.899*	*630*	***5.529***	*130*	*5.597*	***5.727***	*5.029*	*6.227*	***11.256***
Galicia									
Núm. Convenios	**94**	**16**	**110**	**19**	**27**	**46**	**113**	**43**	**156**
Núm. Traballad.	**18.892**	**32.676**	**51.568**	**1.996**	**155.060**	**157.056**	**20.888**	**187.736**	**208.624**
Homes	***12.604***	***15.069***	***27.673***	***1.373***	***105.587***	***106.960***	***13.977***	***120.656***	***134.633***
Mulleres	***6.288***	***17.607***	***23.895***	***623***	***49.473***	***50.096***	***6.911***	***67.080***	***73.991***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Nos Cadros 8.3a e 8.3b pode apreciarse a evolución no número de convenios asinados e revisados no período 2019 – 2024.

Cadro 8.3a

Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias. Galicia. 2019 - 2024

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	4	1	7	6	4	**22**
Empresa	3	34	10	9	38	**94**
Total 2019	**7**	**35**	**17**	**15**	**42**	**116**
Sector	4	2	2	0	1	**9**
Empresa	5	18	5	1	16	**45**
Total 2020	**9**	**20**	**7**	**1**	**17**	**54**
Sector	2	3	1	5	8	**19**
Empresa	3	18	12	5	45	**83**
Total 2021	**5**	**21**	**13**	**10**	**53**	**102**
Sector	2	5	2	1	4	**14**
Empresa	2	35	7	5	47	**96**
Total 2022	**4**	**40**	**9**	**6**	**51**	**110**
Sector	3	7	7	4	11	**32**
Empresa	5	24	13	6	45	**93**
Total 2023	**8**	**31**	**20**	**10**	**56**	**125**
Sector	5	3	2	3	3	**16**
Empresa	5	27	8	4	50	**94**
Total 2024	**10**	**30**	**10**	**7**	**53**	**110**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Cadro 8.3b

Evolución dos convenios colectivos revisados.
Por provincias. Galicia. 2019 - 2024

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	3	6	1	0	6	**16**
Empresa	2	7	4	2	16	**31**
Total 2019	**5**	**13**	**5**	**2**	**22**	**47**
Sector	3	2	1	2	3	**11**
Empresa	0	3	5	1	8	**17**
Total 2020	**3**	**5**	**6**	**3**	**11**	**28**
Sector	2	0	2	0	0	**4**
Empresa	0	2	1	2	5	**10**
Total 2021	**2**	**2**	**3**	**2**	**5**	**14**
Sector	4	2	1	0	1	**8**
Empresa	1	4	1	1	6	**13**
Total 2022	**5**	**6**	**2**	**1**	**7**	**21**
Sector	4	4	2	2	2	**14**
Empresa	2	5	0	2	8	**17**
Total 2023	**6**	**9**	**2**	**4**	**10**	**31**
Sector	3	7	8	3	6	**27**
Empresa	3	6	1	1	8	**19**
Total 2024	**6**	**13**	**9**	**4**	**14**	**46**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Segundo se pode apreciar con maior detalle nos Cadros 8.4 e 8.4bis que seguen a continuación, asináronse por primeira vez neste ano 12 convenios colectivos de empresa.

Afectan estes convenios a 692 persoas traballadoras das que 374 son homes e 318 mulleres.

Cadro 8.4

Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira. Por provincias e sectores económicos. Galicia. Ano 2024

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca						**0**
Industria						**0**
Construción						**0**
Servizos						**0**
Total	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-	-	-	-	-	**0**
Industria	-	1	-	-	1	**2**
Construción	-	-	-	-	-	**0**
Servizos	-	4	-	2	4	**10**
Total	**0**	**5**	**0**	**2**	**5**	**12**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial. Ano 2024.



Cadro 8.4bis

Convenios colectivos asinados por primeira vez. Galicia. 2024.

	EMPRESA	SECTOR	TOTAL
C. Autónoma / Interprov. C.A.			
Núm. Convenios	0	0	**0**
Núm. Traballad.	0	0	**0**
Homes			
Mulleres			
A Coruña			
Núm. Convenios	5	0	**5**
Núm. Traballad.	418	0	**418**
Homes	*238*		***238***
Mulleres	*180*		***180***
Lugo			
Núm. Convenios	0	0	**0**
Núm. Traballad.	0	0	**0**
Homes			
Mulleres			
Ourense			
Núm. Convenios	2	0	**2**
Núm. Traballad.	10	0	**10**
Homes	*4*		***4***
Mulleres	*6*		***6***
Pontevedra			
Núm. Convenios	5	0	**5**
Núm. Traballad.	264	0	**264**
Homes	*132*		***132***
Mulleres	*132*		***132***
Galicia			
Núm. Convenios	**12**	**0**	**12**
Núm. Traballad.	**692**	**0**	**692**
Homes	***374***	***0***	***374***
Mulleres	***318***	***0***	***318***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Se ademais dos convenios asinados neste ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para 2024 ou posterior, o número de convenios con vixencia expresa para 2024 é de 300.

Afectan estes convenios a 341.890 persoas traballadoras e deles 58 son de sector (o 47,5% do total dos convenios de sector existentes) e afectan a 305.989 persoas traballadoras e 242 son de empresa (o 25,9% do total dos de empresa existentes) e afectan a 35.901 persoas traballadoras.

Nos gráficos que seguen a continuación pode apreciarse o número de convenios existentes e o dos que teñen vixencia expresa por provincias.





Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.5 recolle a evolución dos convenios con vixencia expresa no período 2014 – 2024.

Cadro 8.5

Evolución convenios con vixencia expresa. Galicia. 2014 - 2024

	Empresa	Sector	Total	Núm. Traballad.
2014	276	44	320	264.723
2015	276	37	313	211.164
2016	244	33	277	135.558
2017	254	35	289	206.643
2018	284	52	336	347.567
2019	285	54	339	325.689
2020	228	37	265	166.677
2021	184	45	229	264.191
2022	222	34	256	265.473
2023	229	52	281	348.507
2024	**242**	**58**	**300**	**341.890**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Rexistráronse ademais este ano 25 acordos parciais que recollen incrementos para 2024 ou anos posteriores de convenios con vixencia expresa rematada con anterioridade a 2024. Deles 10 son de convenios de sector e 15 de convenios de empresa.

Os 10 de convenios de sector afectan a 59.510 persoas traballadoras e 4.390 empresas e son os catro convenios provinciais de *Transporte de viaxeiros por estrada*, o convenio de *Limpeza de edificios e locais da Coruña*, o convenio de *Primeira transformación da madeira de Lugo*, os convenios de Pontevedra de *Construción* e *Axencias marítimas, consignatarias, estibadoras de buques e actividades afíns*, e os convenios de ámbito autonómico de *Actores e actrices de teatro de Galicia* e *Residencias privadas de persoas de idade*.

Os 15 convenios de empresa afectan a 1.102 persoas traballadoras e son 1 de ámbito autonómico, 7 da Coruña, 1 de Ourense e 6 de Pontevedra.

8.3. Ámbitos de aplicación

8.3.1. Funcional

Dos 156 convenios asinados ou revisados este ano, o 27,56% son de sector (43 convenios) e o 72,44% de empresa (113 convenios).

Tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría das persoas traballadoras e das empresas están afectadas por convenios de sector.

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.6, concéntranse estes convenios no sector servizos e na industria.

Cadro 8.6

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2024.

	Agricul., gand., silvic. e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	1	-	4	**5**
Convenios de sector revisados	-	-	-	3	**3**
Convenios de empresa asinados	-	1	-	4	**5**
Convenios de empresa revisados	1	1	-	1	**3**
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	1	1	1	**3**
Convenios de sector revisados	-	3	1	3	**7**
Convenios de empresa asinados	-	14	-	13	**27**
Convenios de empresa revisados	-	2	-	4	**6**
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	-	-	2	**2**
Convenios de sector revisados	-	3	1	4	**8**
Convenios de empresa asinados	-	3	-	5	**8**
Convenios de empresa revisados	-	-	-	1	**1**
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	1	-	2	**3**
Convenios de sector revisados	-	-	1	2	**3**
Convenios de empresa asinados	-	1	-	3	**4**
Convenios de empresa revisados	-	-	-	1	**1**
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	2	-	1	**3**
Convenios de sector revisados	-	4	-	2	**6**
Convenios de empresa asinados	-	29	-	21	**50**
Convenios de empresa revisados	-	3	-	5	**8**
Galicia					
Convenios de sector asinados	**0**	**5**	**1**	**10**	**16**
Convenios de sector revisados	**0**	**10**	**3**	**14**	**27**
Convenios de empresa asinados	**0**	**48**	**0**	**46**	**94**
Convenios de empresa revisados	**1**	**6**	**0**	**12**	**19**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

A distribución destes convenios por provincias e por seccións da CNAE 2009 pode apreciarse no Cadro 8.6bis.

Cadro 8.6bis

Convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2024.

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2024	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓNS CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	-	-	-	-	**1**
B Industrias extractivas	1	-	1	-	-	**2**
C Industria manufactureira	1	14	3	2	31	**51**
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	**0**
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	6	2	-	7	**16**
F Construción	-	2	1	1	-	**4**
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-	1	3	-	3	**7**
H Transporte e almacenamento	-	6	1	1	9	**17**
I Hostalería	-	1	1	1	-	**3**
J Información e comunicacións	-	1	1	-	2	**4**
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	**0**
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	**0**
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	1	-	-	-	**3**
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	-	4	3	1	5	**13**
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	3	2	2	2	**9**
P Educación	-	1	-	-	-	**1**
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	3	2	1	1	5	**12**
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3	1	-	1	1	**6**
S Outros servizos	4	-	-	1	2	**7**
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	**0**
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	**0**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.2. Territorial

Respecto do ámbito territorial de negociación, cabe sinalar que o 10,26% dos convenios asinados e/ou revisados en 2024 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias foi Pontevedra a que tivo máis actividade negociadora, o 42,95% do total, seguida da Coruña cun 27,56%.

8.3.3. Persoal

Os convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2024 afectaron a 208.624 persoas traballadoras, das que 134.633 son homes e 73.991 mulleres (Cadros 8.7 e 8.8).

O 89,99% teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector.

Cadro 8.7

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2024.

	Agricul., gand., silvic. e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Núm. Empresas	-	50	-	3.612	**3.662**
Núm. Traballad.	-	2.400	-	30.269	**32.669**
Homes		*1.920*		*6.920*	***8.840***
Mulleres		*480*		*23.349*	***23.829***
A Coruña					
Núm. Empresas	-	2.262	5.000	1.776	**9.038**
Núm. Traballad.	-	19.376	36.500	31.268	**87.144**
Homes		*18.301*	*32.900*	*9.451*	***60.652***
Mulleres		*1.075*	*3.600*	*21.817*	***26.492***
Lugo					
Núm. Empresas	-	1.368	830	3.818	**6.016**
Núm. Traballad.	-	4.246	2.500	10.326	**17.072**
Homes		*3.231*	*2.400*	*5.359*	***10.990***
Mulleres		*1.015*	*100*	*4.967*	***6.082***
Ourense					
Núm. Empresas	-	200	260	2.930	**3.390**
Núm. Traballad.	-	1.100	3.500	6.850	**11.450**
Homes		*200*	*3.300*	*3.500*	***7.000***
Mulleres		*900*	*200*	*3.350*	***4.450***
Pontevedra					
Núm. Empresas	-	4.681	-	513	**5.194**
Núm. Traballad.	-	34.683	-	4.718	**39.401**
Homes		*29.108*		*4.066*	***33.174***
Mulleres		*5.575*		*652*	***6.227***
Galicia					
Núm. Empresas	**0**	**8.561**	**6.090**	**12.649**	**27.300**
Núm. Traballad.	**0**	**61.805**	**42.500**	**83.431**	**187.736**
Homes		***52.760***	***38.600***	***29.296***	***120.656***
Mulleres		***9.045***	***3.900***	***54.135***	***67.080***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.





O sector servizos é, nos convenios de sector, o que agrupa o maior número de persoas traballadoras no ano 2024 (44%).

Cadro 8.8

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados. Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2024.

	Agricul., gand., silvic. e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Núm. Empresas	2	2	-	5	**9**
Núm. Traballad.	264	2.586	-	849	**3.699**
Homes	*202*	*2.052*		*577*	***2.831***
Mulleres	*62*	*534*		*272*	***868***
A Coruña					
Núm. Empresas	-	16	-	21	**37**
Núm. Traballad.	-	1.145	-	1.387	**2.532**
Homes		*957*		*830*	***1.787***
Mulleres		*188*		*557*	***745***
Lugo					
Núm. Empresas	-	3	-	6	**9**
Núm. Traballad.	-	220	-	340	**560**
Homes		*144*		*212*	***356***
Mulleres		*76*		*128*	***204***
Ourense					
Núm. Empresas	-	1	-	4	**5**
Núm. Traballad.	-	369	-	35	**404**
Homes		*322*		*17*	***339***
Mulleres		*47*		*18*	***65***
Pontevedra					
Núm. Empresas	-	32	-	26	**58**
Núm. Traballad.	-	10.220	-	3.473	**13.693**
Homes		*7.512*		*1.152*	***8.664***
Mulleres		*2.708*		*2.321*	***5.029***
Galicia					
Núm. Empresas	**2**	**54**	**0**	**62**	**118**
Núm. Traballad.	**264**	**14.540**	**0**	**6.084**	**20.888**
Homes	***202***	***10.987***	***0***	***2.788***	***13.977***
Mulleres	***62***	***3.553***	***0***	***3.296***	***6.911***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Por provincias o maior número de persoas traballadoras afectadas pola negociación deste ano corresponde á Coruña seguida de Pontevedra.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2024 afectou a 27.418 empresas.

Os Cadros 8.9 e 8.10 agrupan os convenios de sector asinados e revisados en 2024 en función do número de persoas traballadoras e de empresas ás que afecta cada convenio.

Neles pode observarse que o maior número de convenios de sector asinados ou revisados nese ano concéntrase no tramo que afecta entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras (16 convenios, un 37,2%) seguido do tramo entre 501 e 1.000 persoas traballadoras (10 convenios, un 23,3%).

Tendo en conta o número de empresas afectadas nos convenios colectivos de sector asinados e revisados en 2024, obsérvase que o maior número deles está comprendido no tramo de 101 a 500 empresas (13 convenios, un 30,2%) seguido do tramo de 51 a 100 empresas (10 convenios, un 23,3%) e dos de ata 50 empresas (7 convenios, un 16,3%).

Cadro 8.9

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de persoas traballadoras afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
51-100 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
101-500 trab.	1	12,50	1	10,00	2	20,00	-	0,00	1	11,11	**5**	**11,63**
501-1.000 trab.	2	25,00	1	10,00	2	20,00	1	16,67	4	44,44	**10**	**23,26**
1.001-3.000 trab.	2	25,00	3	30,00	5	50,00	3	50,00	3	33,33	**16**	**37,21**
3.001-5.000 trab.	1	12,50	1	10,00	1	10,00	2	33,33	-	0,00	**5**	**11,63**
5.001-10.000 trab.	1	12,50	1	10,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**2**	**4,65**
10.001-20.000 trab.	1	12,50	2	20,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**3**	**6,98**
+20.000 trab.	-	0,00	1	10,00	-	0,00	-	0,00	1	11,11	**2**	**4,65**
Total convenios	**8**	**100**	**10**	**100**	**10**	**100**	**6**	**100**	**9**	**100**	**43**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Cadro 8.10

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	2	25,00	1	10,00	-	0,00	1	16,67	3	33,33	**7**	**16,28**
51-100 empresas	3	37,50	2	20,00	4	40,00	-	0,00	1	11,11	**10**	**23,26**
101-500 empresas	2	25,00	1	10,00	3	30,00	4	66,67	3	33,33	**13**	**30,23**
501-1.000 empresas	-	0,00	4	40,00	1	10,00	-	0,00	1	11,11	**6**	**13,95**
1.001-2.000 empresas	-	0,00	1	10,00	1	10,00	-	0,00	-	0,00	**2**	**4,65**
+ de 2.000 empresas	1	12,50	1	10,00	1	10,00	1	16,67	1	11,11	**5**	**11,63**
Total convenios	**8**	**100**	**10**	**100**	**10**	**100**	**6**	**100**	**9**	**100**	**43**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.11 agrupa os convenios de empresa asinados e revisados en 2024 en función do número de persoas traballadoras ás que afecta cada convenio.

Nel pode apreciarse que o maior número de convenios de empresa asinados ou revisados en 2024 concéntrase no tramo de 6 a 30 persoas traballadoras (34 convenios, un 30,1%) seguido do de 50 a 100 persoas traballadoras (28 convenios, un 24,8%), o de 101 a 250 persoas traballadoras (22 convenios, un 19,5%) e o de 31 a 49 persoas traballadoras (14 convenios, un 12,4%).

Cadro 8.11

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de persoas traballadoras afectadas. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	20,00	-	0,00	**1**	**0,88**
6-30 trab.	1	12,50	11	33,33	3	33,33	3	60,00	16	27,59	**34**	**30,09**
31-49 trab.	-	0,00	4	12,12	2	22,22	-	0,00	8	13,79	**14**	**12,39**
50-100 trab.	3	37,50	10	30,30	2	22,22	-	0,00	13	22,41	**28**	**24,78**
101-250 trab.	-	0,00	7	21,21	2	22,22	-	0,00	13	22,41	**22**	**19,47**
251-500 trab.	1	12,50	1	3,03	-	0,00	1	20,00	6	10,34	**9**	**7,96**
501-750 trab.	2	25,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**2**	**1,77**
751-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
1.001-2.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,72	**1**	**0,88**
2.001-3.000 trab.	1	12,50	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**0,88**
+ 3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,72	**1**	**0,88**
Total convenios	**8**	**100**	**33**	**100**	**9**	**100**	**5**	**100**	**58**	**100**	**113**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.12, o cadro de persoal medio das empresas afectadas pola negociación feita en 2024 é de 8 persoas traballadoras por empresa, 7 por empresa nos convenios colectivos de sector e 177 nos de empresa.

Cadro 8.12

Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	8,9	9,6	2,8	3,4	7,6	**6,9**
Empresa	411,0	68,4	62,2	80,8	236,1	**177,0**
Total	**9,9**	**9,9**	**2,9**	**3,5**	**10,1**	**7,6**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.4. Temporal

Os Cadros 8.13 e 8.14 reflicten as vixencias medias dos convenios colectivos de empresa e de sector asinados en 2024.

A vixencia que máis se repite nos 94 convenios de empresa asinados este ano é a de 3 anos (o 34,04%) seguida das de 4 anos (o 25,53%), 1 ano (o 10,64%) e 2 anos (o 8,51%). O 7,45% indica unha vixencia de 5 anos e un 6,38% indican máis de 5 anos.

Cadro 8.13

Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa.
Porcentaxe sobre o total de convenios de empresa asinados.
Por provincias. Galicia. Ano 2024

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	1	3,70	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**1,06**
1 ano	-	0,00	2	7,41	2	25,00	-	0,00	6	12,00	**10**	**10,64**
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	2,00	**1**	**1,06**
2 anos	-	0,00	2	7,41	1	12,50	-	0,00	5	10,00	**8**	**8,51**
De 2 a 3 anos	1	20,00	1	3,70	2	25,00	-	0,00	-	0,00	**4**	**4,26**
3 anos	-	0,00	11	40,74	2	25,00	3	75,00	16	32,00	**32**	**34,04**
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
4 anos	2	40,00	7	25,93	-	0,00	1	25,00	14	28,00	**24**	**25,53**
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	2,00	**1**	**1,06**
5 anos	1	20,00	1	3,70	1	12,50	-	0,00	4	8,00	**7**	**7,45**
Máis de 5 anos	1	20,00	2	7,41	-	0,00	-	0,00	3	6,00	**6**	**6,38**
Total	**5**		**27**		**8**		**4**		**50**		**94**	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Sinalar ao respecto que dos 6 convenios con vixencia de máis de 5 anos un inicia efectos en 2016 e remata en 2027, un inicia efectos en 2018 e remata en 2026, un inicia efectos en 2019 e remata en 2024, dous inician efectos en 2020 e rematan un en 2025 e o outro en 2027 e un inicia efectos en 2021 e remata en 2027.

Dos 7 convenios con vixencia de 5 anos un inicia efectos en 2020, dous en 2021, un en 2022, dous en 2023 e un en 2024. O convenio con vixencia de 4 a 5 anos inicia efectos o 02/12/2024 e remata o 31/12/2028.

Dos 24 convenios con vixencia de 4 anos dous inician efectos en 2021, cinco inician efectos en 2022, oito inician efectos en 2023 e nove inician efectos en 2024.

Dos 16 convenios de sector asinados en 2024 o 25% indica unha vixencia de 4 anos, un 18,75% indica 3 anos e outro 18,75% indica 5 anos. O 6,25% indica máis de 5 anos.

Cadro 8.14

Vixencias medias dos convenios colectivos de sector.
Porcentaxe sobre o total de convenios de sector asinados.
Por provincias. Galicia. Ano 2024

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
2 anos	1	20,00	-	0,00	-	0,00	1	33,33	-	0,00	**2**	**12,50**
De 2 a 3 anos	2	40,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**2**	**12,50**
3 anos	-	0,00	1	33,33	-	0,00	-	0,00	2	66,67	**3**	**18,75**
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	33,33	-	0,00	**1**	**6,25**
4 anos	2	40,00	1	33,33	-	0,00	1	33,33	-	0,00	**4**	**25,00**
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
5 anos	-	0,00	1	33,33	1	50,00	-	0,00	1	33,33	**3**	**18,75**
Máis de 5 anos	-	0,00	-	0,00	1	50,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**6,25**
Total	**5**		**3**		**2**		**3**		**3**		**16**	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Os convenios con vixencia de 4 anos son os do sector de *Establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análises clínicas da Coruña*, o de *Limpeza de edificios e locais de Ourense* e o de *Instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia* que inician efectos en 2023 e o de *Pompas Fúnebres de Comunidade Autónoma* que inicia efectos en 2024.

Os convenios con vixencia de 5 anos son o de *Pintura da Coruña* e o de *Limpeza de edificios e locais de Lugo* que inician efectos en 2022 e o de *Comercio de materiais de construción e saneamento de Pontevedra* que inicia efectos en 2020.

O convenio con vixencia de máis de 5 anos e o de *Sanidade privada de Lugo* que inicia efectos en 2017 e remata en 2026.

8.3.5. Ultraactividade

Teñen cláusulas respecto da ultraactividade 80 dos convenios asinados en 2024 (o 72,73% dos asinados neste ano). Afectan estes convenios a 28.593 persoas traballadoras (55,45%) das que 15.869 son homes e 12.724 mulleres.
Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 62,50% e nos de empresa do 74,47%.

O Cadro 8.15 reflicte estes datos por provincias.

As cláusulas que recollen indican maioritariamente que o convenio seguirá vixente ata a sinatura do seguinte.

Cadro 8.15

Convenios colectivos asinados con pacto de ultraactividade. Galicia. Ano 2024

	EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.						
Núm. Convenios	3	60,00%	2	40,00%	**5**	**50,00%**
Núm. Traballad.	781	27,50%	5.937	38,20%	**6.718**	**36,55%**
Homes	*556*	*19,58%*	*3.607*	*23,21%*	***4.163***	***22,65%***
Mulleres	*225*	*7,92%*	*2.330*	*14,99%*	***2.555***	***13,90%***
A Coruña						
Núm. Convenios	22	81,48%	2	66,67%	**24**	**80,00%**
Núm. Traballad.	1.674	81,98%	5.500	91,67%	**7.174**	**89,21%**
Homes	*1.338*	*65,52%*	*2.900*	*48,33%*	***4.238***	***52,70%***
Mulleres	*336*	*16,45%*	*2.600*	*43,33%*	***2.936***	***36,51%***
Lugo						
Núm. Convenios	5	62,50%	2	100,00%	**7**	**70,00%**
Núm. Traballad.	373	78,53%	3.485	100,00%	**3.858**	**97,42%**
Homes	*229*	*48,21%*	*654*	*18,77%*	***883***	***22,30%***
Mulleres	*144*	*30,32%*	*2.831*	*81,23%*	***2.975***	***75,13%***
Ourense						
Núm. Convenios	3	75,00%	1	33,33%	**4**	**57,14%**
Núm. Traballad.	23	5,87%	1.100	29,73%	**1.123**	**27,44%**
Homes	*13*	*3,32%*	*200*	*5,41%*	***213***	***5,21%***
Mulleres	*10*	*2,55%*	*900*	*24,32%*	***910***	***22,24%***
Pontevedra						
Núm. Convenios	37	74,00%	3	100,00%	**40**	**75,47%**
Núm. Traballad.	5.770	43,90%	3.950	100,00%	**9.720**	**56,87%**
Homes	*3.052*	*23,22%*	*3.320*	*84,05%*	***6.372***	***37,28%***
Mulleres	*2.718*	*20,68%*	*630*	*15,95%*	***3.348***	***19,59%***
Galicia						
Núm. Convenios	**70**	**74,47%**	**10**	**62,50%**	**80**	**72,73%**
Núm. Traballad.	**8.621**	**45,63%**	**19.972**	**61,12%**	**28.593**	**55,45%**
Homes	***5.188***	***27,46%***	***10.681***	***32,69%***	***15.869***	***30,77%***
Mulleres	***3.433***	***18,17%***	***9.291***	***28,43%***	***12.724***	***24,67%***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.15bis, establecen unha denuncia automática 44 convenios (o 40% dos asinados no ano 2024), dos que 6 son de sector (37,5% dos de sector asinados este ano) e 38 son de empresa (o 40,4% dos de empresa asinados este ano).

Destes 44 convenios con denuncia automática, o 86,4% (38 convenios) recollen pacto de ultraactividade (o 83,3% dos convenios de sector e o 86,8% dos de empresa).

Cadro 8.15bis

Convenios colectivos asinados con denuncia automática e pacto de ultraactividade. Galicia. Ano 2024

	EMPRESA				SECTOR				TOTAL			
	Denuncia automática		*Recollen Pacto ultraactividade*		Denuncia automática		*Recollen Pacto ultraactividade*		Denuncia automática		*Recollen Pacto ultraactividade*	
	Núm.	% (1)	*Núm.*	*% (2)*	Núm.	% (1)	*Núm.*	*% (2)*	Núm.	% (1)		*% (2)*
C. Autónoma / Interprov. C.A.												
Núm. Convenios	1	20,0%	*1*	*100,0%*	2	40,0%	*1*	50,0%	**3**	**30,0%**	***2***	***66,7%***
Núm. Traballad.	59	2,1%	*59*	*100,0%*	4.426	28,5%	*2.026*	45,8%	**4.485**	**24,4%**	***2.085***	***46,5%***
Homes	*13*	*0,5%*	*13*	*22,0%*	*3.358*	*21,6%*	*1.438*	*32,5%*	***3.371***	***18,3%***	***1.451***	***32,4%***
Mulleres	*46*	*1,6%*	*46*	*78,0%*	*1.068*	*6,9%*	*588*	*13,3%*	***1.114***	***6,1%***	***634***	***14,1%***
A Coruña												
Núm. Convenios	9	33,3%	*8*	*88,9%*	0	0,0%			**9**	**30,0%**	***8***	***88,9%***
Núm. Traballad.	569	27,9%	*358*	*62,9%*	0	0,0%			**569**	**7,1%**	***358***	***62,9%***
Homes	*441*	*21,6%*	*314*	*55,2%*					***441***	***5,5%***	***314***	***55,2%***
Mulleres	*128*	*6,3%*	*44*	*7,7%*					***128***	***1,6%***	***44***	***7,7%***
Lugo												
Núm. Convenios	2	25,0%	*1*	*50,0%*	2	100,0%	*2*	100,0%	**4**	**40,0%**	***3***	***75,0%***
Núm. Traballad.	186	39,2%	*170*	*91,4%*	3.485	100,0%	*3.485*	100,0%	**3.671**	**92,7%**	***3.655***	***99,6%***
Homes	*112*	*23,6%*	*100*	*53,8%*	*654*	*18,8%*	*654*	*18,8%*	***766***	***19,3%***	***754***	***20,5%***
Mulleres	*74*	*15,6%*	*70*	*37,6%*	*2.831*	*81,2%*	*2.831*	*81,2%*	***2.905***	***73,4%***	***2.901***	***79,0%***
Ourense												
Núm. Convenios	0	0,0%			0	0,0%			**0**	**0,0%**		
Núm. Traballad.	0	0,0%			0	0,0%			**0**	**0,0%**		
Homes												
Mulleres												
Pontevedra												
Núm. Convenios	26	52,0%	*23*	*88,5%*	2	66,7%	*2*	100,0%	**28**	**52,8%**	***25***	***89,3%***
Núm. Traballad.	3.604	27,4%	*3.093*	*85,8%*	3.300	83,5%	*3.300*	100,0%	**6.904**	**40,4%**	***6.393***	***92,6%***
Homes	*2.292*	*17,4%*	*2.001*	*55,5%*	*2.890*	*73,2%*	*2.890*	*87,6%*	***5.182***	***30,3%***	***4.891***	***70,8%***
Mulleres	*1.312*	*10,0%*	*1.092*	*30,3%*	*410*	*10,4%*	*410*	*12,4%*	***1.722***	***10,1%***	***1.502***	***21,8%***
Galicia												
Núm. Convenios	**38**	**40,4%**	***33***	***86,8%***	**6**	**37,5%**	***5***	***83,3%***	**44**	**40,0%**	***38***	***86,4%***
Núm. Traballad.	**4.418**	**23,4%**	***3.680***	***83,3%***	**11.211**	**34,3%**	***8.811***	***78,6%***	**15.629**	**30,3%**	***12.491***	***79,9%***
Homes	***2.858***	***15,1%***	***2.428***	***55,0%***	***6.902***	***21,1%***	***4.982***	***44,4%***	***9.760***	***18,9%***	***7.410***	***47,4%***
Mulleres	***1.560***	***8,3%***	***1.252***	***28,3%***	***4.309***	***13,2%***	***3.829***	***34,2%***	***5.869***	***11,4%***	***5.081***	***32,5%***

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

(1) Porcentaxe respecto do total de convenios asinados no ano
(2) Porcentaxe respecto dos convenios con denuncia automática

8.4. Desenvolvemento da negociación

- ***Duración das negociacións:***

Na elaboración deste dato empréganse como data inicial a da constitución da comisión negociadora, recollida da que se sinala na folla estatística do convenio ou nas actas se se dispón delas, e como data final a da sinatura do convenio.

Nos convenios de sector asinados este ano, un 37,50% empregou máis de 1 ano na negociación.

Nos convenios de empresa, o 28,72% empregou máis de 1 ano na negociación e un 17,02% empregou 1 mes ou menos.

O Cadro 8.16 reflicte a duración das negociacións nos convenios de sector e de empresa por provincias en 2024.

Cadro 8.16

Duración das negociacións. Convenios de Sector.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	1	20,00	1	33,33	-	0,00	-	0,00	1	33,33	**3**	**18,75**
Máis de 1 mes ata 3 meses	1	20,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**6,25**
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	66,67	1	33,33	**3**	**18,75**
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	1	33,33	1	50,00	-	0,00	-	0,00	**2**	**12,50**
Máis de 9 meses ata 1 ano	1	20,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**6,25**
Máis de 1 ano	2	40,00	1	33,33	1	50,00	1	33,33	1	33,33	**6**	**37,50**
Total convenios	**5**	**100**	**3**	**100**	**2**	**100**	**3**	**100**	**3**	**100**	**16**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Duración das negociacións. Convenios de Empresa.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2024.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	2	40,00	4	14,81	2	25,00	-	0,00	8	16,00	**16**	**17,02**
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	4	14,81	-	0,00	-	0,00	6	12,00	**10**	**10,64**
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	4	14,81	2	25,00	-	0,00	11	22,00	**17**	**18,09**
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	5	18,52	-	0,00	2	50,00	5	10,00	**12**	**12,77**
Máis de 9 meses ata 1 ano	-	0,00	2	7,41	3	37,50	2	50,00	5	10,00	**12**	**12,77**
Máis de 1 ano	3	60,00	8	29,63	1	12,50	-	0,00	15	30,00	**27**	**28,72**
Total convenios	**5**	**100**	**27**	**100**	**8**	**100**	**4**	**100**	**50**	**100**	**94**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- ***Participación de mulleres na composición das mesas negociadoras.***

A información para a elaboración destes cadros recóllese da que figura nas actas e nas follas estatísticas que acompañan aos convenios para o seu rexistro, e que foi extraída directamente do programa *Regcon* de rexistro telemático de convenios.

No ano 2024 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 89 convenios, o 80,9% do total dos asinados este ano. Afectan estes convenios a 46.195 persoas traballadoras (o 89,6%), das que 23.438 son homes e 22.757 mulleres.

Segundo recolle o Cadro 8.17, participaron nas comisión negociadoras 110 mulleres por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 33% fronte a 225 homes, un 67%) e 215 mulleres por parte das organizacións sindicais (un 30% fronte a 497 homes, un 70%).

Cadro 8.17

CONVENIOS ASINADOS ANO 2024
COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA

	EMPRESA / ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS		ORGANIZACIÓNS SINDICAIS		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Empresa	171	83	397	159	**568**	**242**
Sector	54	27	100	56	**154**	**83**
TOTAL	225	110	497	215	**722**	**325**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.





Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No Cadro 8.18 pode apreciarse a evolución na composición das comisións negociadoras no período 2014 - 2024.

Cadro 8.18

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS NEGOCIADORAS
Galicia. 2014 - 2024

	Empresa/ Organizacións empresariais		Organizacións sindicais		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Sector						
2014	48	5	77	17	**125**	**22**
2015	40	8	42	22	**82**	**30**
2016	62	8	93	24	**155**	**32**
2017	89	43	162	80	**251**	**123**
2018	94	35	179	65	**273**	**100**
2019	92	18	164	28	**256**	**46**
2020	28	13	65	16	**93**	**29**
2021	49	32	109	58	**158**	**90**
2022	54	26	78	34	**132**	**60**
2023	106	47	216	61	**322**	**108**
2024	54	27	100	56	**154**	**83**
Empresa						
2014	224	52	467	152	**691**	**204**
2015	155	33	286	69	**441**	**102**
2016	161	42	318	105	**479**	**147**
2017	213	60	427	123	**640**	**183**
2018	197	74	418	169	**615**	**243**
2019	166	34	343	93	**509**	**127**
2020	78	24	162	67	**240**	**91**
2021	143	45	303	109	**446**	**154**
2022	171	68	434	148	**605**	**216**
2023	140	70	342	101	**482**	**171**
2024	171	83	397	159	**568**	**242**
TOTAL						
2014	**272**	**57**	**544**	**169**	**816**	**226**
2015	**195**	**41**	**328**	**91**	**523**	**132**
2016	**223**	**50**	**411**	**129**	**634**	**179**
2017	**302**	**103**	**589**	**203**	**891**	**306**
2018	**291**	**109**	**597**	**234**	**888**	**343**
2019	**258**	**52**	**507**	**121**	**765**	**173**
2020	**106**	**37**	**227**	**83**	**333**	**120**
2021	**192**	**77**	**412**	**167**	**604**	**244**
2022	**225**	**94**	**512**	**182**	**737**	**276**
2023	**246**	**117**	**558**	**162**	**804**	**279**
2024	**225**	**110**	**497**	**215**	**722**	**325**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS NEGOCIADORAS. Galicia. 2014 - 2024





	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
HOMES	816	523	634	891	888	765	333	604	737	804	722
MULLERES	226	132	179	306	343	173	120	244	276	279	325



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.5. Réxime económico

8.5.1. Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2024 foi do 3,45% (Cadro 8.19).
Respecto da inflación, este incremento é superior ao IPC galego deste ano que foi do 2,7% e ao estatal que foi do 2,8%.

Cadro 8.19

Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias. Galicia. 2021-2024

	Convenios sector				Revisións sector				Convenios empresa				Revisións empresa				Media total			
	2021	2022	2023	**2024**	2021	2022	2023	**2024**	2021	2022	2023	**2024**	2021	2022	2023	**2024**	2021	2022	2023	**2024**
A Coruña	3,08	4,61	3,69	**5,03**	-	2,44	4,25	**3,61**	3,89	3,94	3,92	**2,91**	0,90	2,56	4,69	**2,82**	3,08	4,00	3,87	**3,69**
Lugo	2,00	3,04	3,32	**4,00**	1,39	7,25	12,2	**3,82**	2,69	4,94	3,00	**2,02**	0,50		-		1,75	4,16	5,26	**3,81**
Ourense	2,50	2,00	4,09	**3,00**	-	-	6,85	**2,94**	5,73	3,74	5,38	**3,90**	1,50	2,00	6,20		2,85	2,31	4,70	**2,99**
Pontevedra	2,18	4,46	5,65	**3,00**	-	6,50	11,3	**2,98**	2,10	4,04	4,51	**3,12**	3,22	6,47	5,77	**3,14**	2,18	5,53	5,73	**3,01**
C. Autónoma / Interprov. C.A.	1,00	6,50	5,25	**3,94**	6,50	4,68	3,89	**3,10**	1,08	1,51	3,34	**4,51**	-		2,74	**3,07**	3,29	5,80	4,02	**3,41**
Galicia	**2,46**	**4,63**	**4,50**	**4,09**	**3,20**	**4,94**	**5,05**	**3,40**	**2,47**	**4,02**	**4,15**	**3,32**	**2,49**	**6,27**	**5,02**	**3,04**	**2,49**	**4,76**	**4,63**	**3,45**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Estas medias ponderadas están calculadas tendo en conta o incremento salarial indicado en porcentaxe nos convenios asinados e revisados en 2024 e as cláusulas de revisión salarial que recollen o 51,82% dos convenios asinados e o 39,13% dos revisados este ano.

Sen ter en conta estas cláusulas de revisión salarial, o incremento pactado inicialmente foi do 3,40%.

O tipo de incremento que se pacta xeralmente consiste en sinalar unha porcentaxe concreta ou fixalo en función do IPC.

Nalgúns convenios fíxase de xeito lineal, combinado ás veces cun incremento porcentual.

Establecen algúns convenios o incremento ou unha parte del de xeito variable vinculado aos resultados da empresa.

No Cadro 8.20 pode apreciarse a evolución do incremento salarial pactado en relación co IPC en Galicia no período 2010 – 2024.

Cadro 8.20

Evolución do incremento salarial pactado e relación co IPC. Galicia

	Incremento salarial Galicia	IPC real Galicia
2010	2,69	3,1
2011	2,82	2,5
2012	1,47	2,6
2013	0,57	0,5
2014	0,52	-1,0
2015	0,82	-0,2
2016	0,97	1,6
2017	1,57	1,2
2018	1,84	1,0
2019	1,75	0,7
2020	1,61	-0,4
2021	2,49	6,7
2022	4,76	6,4
2023	4,63	3,2
2024	**3,45**	**2,7**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais e INE



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No cadro e gráfico que seguen a continuación (Cadro 8.20bis) pode observarse a comparativa do incremento salarial pactado en relación co IPC por provincias en 2024.

Cadro 8.20bis

Comparativa incremento salarial pactado e IPC por provincias

	Incremento 2024	IPC 2024
A Coruña	3,69	2,7
Lugo	3,81	2,9
Ourense	2,99	2,4
Pontevedra	3,01	2,7
Galicia	**3,45**	**2,7**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais e INE



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os incrementos por sectores económicos e provincias (media ponderada) pactados nos convenios asinados e revisados en 2024 foron os seguintes (Cadro 8.21).

Cadro 8.21

Media ponderada do incremento salarial pactado.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2024.

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricult., gand., silvic. e pesca	3,00	-	-	-	-	**3,00**
Industria	4,21	2,58	4,88	4,00	3,02	**3,06**
Construción	-	3,04	2,75	2,75	-	**3,00**
Servizos	3,32	5,13	3,61	3,08	2,97	**4,05**
Total	**3,41**	**3,69**	**3,81**	**2,99**	**3,01**	**3,45**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.21bis que segue a continuación recolle os incrementos por provincias e seccións da CNAE 2009 para este ano.

Cadro 8.21bis

Incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados.
Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2024.

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2024	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓNS CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	3,00	-	-	-	-	**3,00**
B Industrias extractivas		-	3,10	-	-	**3,10**
C Industria manufactureira	4,50	2,58	5,05	4,00	3,02	**3,06**
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	**-**
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	3,10	2,47	1,15	-	4,26	**2,91**
F Construción	-	3,04	2,75	2,75	-	**3,00**
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-	3,00	2,67	-	3,02	**2,99**
H Transporte e almacenamento	-	3,18	4,35	3,10	3,07	**3,55**
I Hostalería	-	2,75	3,00	3,10	-	**3,05**
J Información e comunicacións	-	2,50	3,00	-		**2,83**
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	**-**
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	**-**
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	4,62	2,00	-	-	-	**4,03**
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	-	9,79	3,99	3,00	2,00	**7,79**
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	2,00	2,00	2,00	2,00	**2,00**
P Educación	-	2,00	-	-	-	**2,00**
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	3,10	3,50	4,00		3,08	**3,19**
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3,80	2,00	-	2,53	4,00	**3,77**
S Outros servizos	3,59	-	-		3,00	**3,52**
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	**-**
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	**-**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No cadro e gráficos que seguen poden apreciarse os tramos de incremento salarial nos que se atopan o maior número de convenios asinados e revisados no ano 2024 en Galicia e os que agrupan o maior número de persoas traballadoras afectadas.

Cadro 8.22a

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS
Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final.
Porcentaxe sobre o total negociado. Galicia. 2024.

Ourense	1.442	1.429	1.259	1.150	941	813	744	806	657	606
Pontevedra	5.271	5.027	4.643	4.255	3.387	2.600	2.405	2.630	1.961	1.811
Galicia	**13.014**	**12.524**	**11.321**	**10.303**	**8.474**	**7.004**	**6.435**	**6.804**	**4.939**	**4.540**
España (1)	**265.098**	**249.470**	**225.879**	**199.614**	**166.082**	**140.973**	**128.923**	**144.072**	**106.103**	**97.474**

	Total									
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	50.513	44.437	38.992	35.886	33.680	34.631	60.026	38.793	32.625	32.135
Lugo	13.542	11.907	10.721	9.864	9.077	9.159	14.238	10.126	8.919	8.729
Ourense	14.033	12.835	11.502	10.458	9.707	9.951	14.889	10.860	9.605	9.287
Pontevedra	50.910	45.389	40.126	36.441	33.573	34.442	54.181	36.805	33.039	32.365
Galicia	**128.998**	**114.568**	**101.340**	**92.650**	**86.037**	**88.182**	**143.334**	**96.584**	**84.188**	**82.515**
España	**2.417.742**	**2.224.172**	**2.010.245**	**1.862.400**	**1.804.668**	**1.861.100**	**2.974.850**	**2.036.344**	**1.761.916**	**1.774.534**

Fonte: SEPE. Ministerio de Traballo e Economía Social

12.6. Pensións de carácter non contributivo e asistencial

As pensións non contributivas son prestacións periódicas vitalicias destinadas a aquelas persoas que non cotizaron nunca ou non o fixeron o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo.

A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social as prestacións non contributivas e o Real Decreto 357/1991, de 15 de marzo, que desenvolve a citada norma, tratou de integrar as diferentes pensións non contributivas nun único nivel, a favor daquelas e daqueles cidadáns que se atopen en situación de necesidade protexible e carezan de recursos económicos suficientes para a súa subsistencia. Porén, estas pensións non contributivas substitúen, aínda con maior contía, as de vellez e enfermidade do Fondo de Asistencia Social (FAS), e os subsidios de garantía de ingresos mínimos e o de axuda de terceiras persoas da Lei de integración social das persoas con discapacidade (LISMI).

Complementariamente, a Xunta de Galicia estableceu unha prestación, a renda de inserción social (RISGA), regulada actualmente pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e polo Decreto 14/2019, de 31 de xaneiro de desenvolvemento da citada norma, no relativo a tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social. O obxecto desta prestación é garantir un mínimo de subsistencia persoal a persoas entre 25 (nalgúns casos dende os 18) e 65 anos. Este programa articúlase a través dun proxecto individualizado, mediante un conxunto de accións que posibiliten unha integración persoal, familiar, social e laboral. En Galicia, a maior parte das persoas beneficiarias (case un 70%) son mulleres.

As 164 persoas beneficiarias da LISMI en Galicia a decembro de 2024, representan o 1,09% dos 7.609 beneficiarios a nivel nacional. A maior parte das persoas beneficiarias do LISMI están na provincia de Pontevedra e A Coruña (30,5% e 39,7% do total).

Cadro 12.25

Persoas beneficiarias das prestacións da LISMI[(1)]. Por provincias. Galicia/España. 2010-2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
	Subsidio de garantía ingresos mínimos					
2010	304	38	88	350	**780**	21.424
2011	264	29	74	299	**666**	18.281
2012	236	25	64	256	**581**	15.603
2013	193	21	54	224	**492**	13.364
2014	169	17	51	196	**433**	11.519
2015	139	13	37	162	**351**	9.855
2016	122	12	34	142	**310**	8.470
2017	101	11	28	127	**267**	7.286
2018	87	8	24	112	**231**	6.201
2019	77	7	18	93	**195**	5.334
2020	66	5	15	81	**167**	4.632
2021	61	5	15	75	**154**	3.932
2022	53	4	13	67	**137**	3.394
2023	46	4	12	56	**118**	2.943
2024	39	4	9	51	**104**	2.548
	Subsidio axuda de terceira persoa					
2010	57	10	7	50	**124**	2.446
2011	52	8	5	41	**106**	1.997
2012	50	6	3	31	**90**	1.657
2013	39	6	2	24	**71**	1.379
2014	36	4	2	20	**62**	1.175
2015	30	4	2	17	**53**	1.001
2016	27	3	2	15	**47**	871
2017	22	2	2	14	**40**	744
2018	19	2	2	12	**35**	627
2019	18	2	1	10	**31**	544
2020	15	1	1	8	**25**	470
2021	13	1	1	7	**22**	391
2022	9	-	1	6	**16**	335
2023	7	-	-	5	**12**	282
2024	7	-	-	5	**12**	239
	Subsidio de mobilidade e compensación por pagos de transporte					
2010	103	22	2	11	**138**	2.189
2011	96	19	2	10	**127**	1.887
2012	84	19	2	8	**113**	1.667
2013	76	17	2	5	**100**	1.554
2014	67	13	1	6	**87**	1.464
2015	49	13	1	5	**68**	1.384
2016	41	13	2	5	**61**	1.265
2017	37	11	2	2	**52**	1.134
2018	33	11	2	4	**50**	882
2019	31	11	1	3	**46**	896
2020	29	11	1	4	**45**	856
2021	28	11	1	4	**43**	797
2022	27	10	1	4	**42**	767
2023	10	9	1	3	**23**	732
2024	3	9	1	4	**17**	683
	Asistencia sanitaria e prestación farmaceútica					
2010	143	47	242	247	**679**	12.259
2011	130	48	245	238	**661**	11.559
2012	121	44	121	199	**485**	10.874
2013	109	41	100	93	**343**	9.718
2014	96	37	74	61	**268**	8.739
2015	88	28	26	56	**198**	7.955
2016	4	28	22	32	**86**	7.661
2017	4	26	20	32	**82**	7.095
2018	4	18	18	27	**67**	6.364
2019	3	17	17	24	**61**	6.119
2020	1	17	17	17	**52**	5.532
2021	1	16	16	13	**46**	5.092
2022	-	15	12	11	**38**	4.741
2023	-	13	9	10	**32**	4.633
2024	-	12	9	7	**28**	4.515
	Total					
2010	528	101	331	556	**1.516**	34.687
2011	475	90	322	500	**1.387**	30.673
2012	426	83	186	423	**1.118**	27.262
2013	366	74	155	292	**887**	23.865
2014	324	64	125	237	**750**	21.053
2015	272	53	63	203	**591**	18.626
2016	168	52	57	160	**437**	16.902
2017	143	47	50	144	**384**	15.097
2018	125	36	44	127	**332**	13.091
2019	112	34	36	107	**289**	12.043
2020	97	32	33	90	**252**	10.756
2021	90	30	32	82	**234**	9.591
2022	81	27	26	74	**207**	8.706
2023	56	25	22	62	**164**	8.141
2024	43	24	19	56	**141**	7.609

Elaboración propia.

(1) A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, suprime estes subsidios pero seguen cobrándoos os que os percibían con anterioridade á entrada en vigor da lei, agás que os interesados pasen a percibir unha pensión non contributiva.

A suma de cada unha das rúbricas dos beneficiarios, segundo a clase de prestación, non coincide necesariamente co total de beneficiarios, xa que un mesmo beneficiario pode recibir máis dunha prestación.

Os datos son relativos a 31de decembro de cada ano.

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

As pensións non contributivas poden obterse por estar en situación de invalidez-discapacidade igual ou superior ao 65%, ou en idade de xubilación. Ademais, é necesario cumprir outros requisitos, como carecer de rendas ou ingresos suficientes.

En 2024 (último ano dispoñible) produciuse en Galicia un descenso de 236 pensionistas de pensións non contributivas (cadro 12.26). A partir de 1996, e como quedou reflectido en informes anteriores, o número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas de invalidez supera ás de xubilación. En 2024, en Galicia, as pensións de invalidez diminuíron en 475, e as de xubilación aumentaron en 239. Non obstante, estas, en número de 24.318, constitúen as maioritarias. Por provincias, a maior parte das persoas que perciben unha pensión non contributiva en 2024 son das provincias da Coruña e Pontevedra (13.505 e 13.755, respectivamente).

Cadro 12.26

Pensións non contributivas. Por provincias. Galicia/España. 1994/2011-2024

	Invalidez														
	1994	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	5.179	6.458	6.295	6.161	6.006	5.905	5.770	5.527	5.323	5.173	5.046	4.946	4.774	4.615	4.435
Lugo	1.406	1.870	1.831	1.755	1.739	1.720	1.720	1.645	1.632	1.591	1.522	1.481	1.415	1.376	1.274
Ourense	2.909	2.446	2.397	2.346	2.275	2.205	2.141	2.091	2.031	1.953	1.882	1.878	1.836	1.814	1.784
Pontevedra	3.764	6.278	6.151	6.118	6.030	5.908	5.880	5.752	5.592	5.493	5.376	5.269	5.106	4.983	4.818
Galicia	**13.258**	**17.052**	**16.674**	**16.380**	**16.050**	**15.738**	**15.511**	**15.015**	**14.578**	**14.210**	**13.826**	**13.574**	**13.132**	**12.787**	**12.312**
España	**114.487**	**194.712**	**194.876**	**195.478**	**196.934**	**199.518**	**199.761**	**199.120**	**194.757**	**191.113**	**185.852**	**182.791**	**179.967**	**175.792**	**171.353**

	Xubilación														
	1994	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	7.406	11.763	11.579	11.343	11.021	10.691	10.250	9.908	9.546	9.503	9.385	9.298	9.208	9.086	9.070
Lugo	1.437	3.541	3.486	3.342	3.279	3.218	3.150	3.077	3.026	3.025	2.954	2.963	2.956	2.916	2.877
Ourense	2.312	4.087	4.012	3.926	3.818	3.736	3.669	3.554	3.508	3.481	3.404	3.419	3.415	3.425	3.434
Pontevedra	4.133	8.935	8.697	8.520	8.564	8.452	8.291	8.010	8.144	8.293	8.272	8.271	8.392	8.653	8.937
Galicia	**15.288**	**28.326**	**27.774**	**27.131**	**26.682**	**26.097**	**25.360**	**24.549**	**24.224**	**34.301**	**34.014**	**23.877**	**23.971**	**24.079**	**24.318**
España	**154.486**	**254.295**	**251.549**	**250.815**	**253.702**	**254.029**	**254.741**	**256.690**	**257.023**	**261.044**	**260.169**	**263.328**	**265.830**	**272.188**	**282.403**

	Total														
	1994	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	12.585	18.221	17.874	17.504	17.027	16.596	16.020	15.435	14.869	14.676	14.431	14.244	13.982	13.700	13.505
Lugo	2.843	5.411	5.317	5.097	5.018	4.938	4.870	4.722	4.658	4.616	4.476	4.444	4.371	4.291	4.151
Ourense	5.221	6.533	6.409	6.272	6.093	5.941	5.810	5.645	5.539	5.434	5.286	5.297	5.252	5.239	5.219
Pontevedra	7.897	15.213	14.848	14.638	14.594	14.360	14.171	13.762	13.736	13.786	13.648	13.540	13.498	13.636	13.755
Galicia	**28.546**	**45.378**	**44.448**	**43.511**	**42.732**	**41.835**	**40.871**	**39.564**	**38.802**	**48.511**	**47.840**	**37.451**	**37.103**	**36.866**	**36.630**
España	**268.973**	**449.007**	**446.425**	**446.293**	**450.636**	**453.547**	**454.502**	**455.810**	**451.780**	**452.157**	**446.021**	**446.119**	**445.797**	**447.980**	**453.756**

Elaboración propia.

Medias anuais para 1994. O resto de datos son a 31 de decembro.

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

No cadro 12.27 figura o número de pensións non contributivas por CC. AA. para 1997/2007-2024. Galicia é sexta, despois de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e Canarias. As 36.630 persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2024 representan o 8,1% do total estatal, moi por riba de CC. AA. con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso de Madrid.

Cadro 12.27

Pensións non contributivas da Seguridade Social. Por comunidade autónomas. 1997/2010-2024

	Total núm. pensionistas															
	1997	**2010**	**2011**	**2012**	**2013**	**2014**	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**
Andalucía	94.445	104.104	102.924	101.768	101.707	102.447	102.025	101.669	101.173	97.847	96.210	95.365	95.294	94.785	92.658	91.768
Aragón	12.123	8.093	7.923	7.762	7.701	7.631	7.546	7.515	7.402	7.366	7.294	7.275	7.205	7.160	7.148	7.149
Asturias	10.618	9.813	9.729	8.565	9.489	9.300	9.184	9.138	9.038	8.630	8.619	8.599	8.565	8.585	8.653	8.827
Baleares	7.270	7.621	7.638	7.590	7.509	7.647	7.802	7.929	7.938	7.882	7.861	7.865	8.001	8.050	8.083	8.174
Canarias	34.188	42.258	42.160	42.603	42.714	43.005	43.712	43.869	43.704	43.246	43.216	43.135	42.440	42.159	42.562	42.289
Cantabria	5.616	6.163	6.181	6.309	6.424	6.609	6.720	6.896	7.010	7.125	7.093	7.061	7.059	7.120	7.210	7.304
Castela-A Mancha	21.281	21.039	20.798	20.375	20.174	19.902	19.682	19.497	19.645	21.770	21.651	19.158	18.984	19.050	19.210	19.516
Castela e León	27.457	23.150	22.740	22.424	22.386	22.276	22.128	22.051	21.966	19.382	19.427	21.402	21.011	21.010	21.140	21.420
Cataluña	49.581	56.194	55.905	56.012	55.659	56.527	57.884	58.400	58.854	59.676	60.603	60.871	60.599	61.238	63.390	66.750
C. Valenciana	37.248	46.723	46.656	46.332	46.400	46.952	47.629	48.394	48.921	48.843	48.911	48.907	48.411	48.446	49.086	50.154
Estremadura	1.343	15.239	14.868	14.446	14.202	14.282	14.115	13.959	13.575	13.119	12.970	12.758	12.287	12.170	12.223	12.285
Galicia	**46.508**	**47.275**	**45.930**	**44.878**	**43.925**	**43.146**	**42.247**	**41.277**	**40.098**	**38.802**	**38.511**	**38.230**	**37.525**	**37.103**	**36.866**	**36.630**
Madrid	30.512	32.891	32.846	33.599	34.645	35.722	37.315	38.415	39.989	41.722	42.660	42.407	42.258	40.984	41.429	42.132
Murcia	11.798	14.096	13.957	13.923	14.175	14.503	14.670	14.954	15.128	15.337	15.481	15.437	15.252	15.357	15.498	15.946
Navarra	3.449	2.711	2.687	2.653	2.635	2.616	2.625	2.686	2.678	2.651	1.734	2.733	2.806	3.312	2.969	3.017
País Vasco	10.692	9.949	10.107	10.230	10.449	10.772	10.991	11.298	11.586	11.846	12.093	12.135	12.362	12.742	13.216	13.606
A Rioxa	2.415	1.781	1.763	1.732	1.772	1.807	1.829	1.865	1.893	1.940	1.975	1.966	1.976	2.001	2.055	2.157
Ceuta y Melilla	3.960	4.195	4.194	4.225	4.326	4.487	4.624	4.692	4.706	4.696	4.768	4.691	4.523	4.526	4.586	4.633
España	**410.504**	**453.295**	**449.006**	**445.426**	**446.292**	**449.631**	**452.728**	**454.504**	**455.304**	**451.780**	**452.157**	**449.995**	**446.555**	**445.797**	**447.980**	**453.756**

Elaboración propia.
Media anual.
Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

O cadro 12.28 mostra que o número de persoas beneficiarias da RISGA en Galicia redúcese en 2024 respecto a 2023 (612 menos), despois dos fortes incrementos de 2012 e 2013, acadando a 31 de decembro de 2024 as 4.896 persoas. Hai que destacar o elevado número de persoas beneficiarias na provincia de Pontevedra (2.874) e A Coruña (1.009), mentres que as de Ourense (350) e Lugo (663) son moito menores.

Cadro 12.28

Persoas beneficiarias da renda de inclusión social (RISGA). Por provincias. Galicia. 1998-2024

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	1.731	1.887	1.825	1.904	1.844	1.844	1.769	1.769	1.700	1.717	1.654	1.528	1.474
Lugo	426	453	477	540	464	464	427	427	403	405	492	468	559
Ourense	421	447	529	543	559	559	635	635	600	658	730	779	930
Pontevedra	1.578	1.570	1.479	1.515	1.306	1.306	1.334	1.334	1.399	1.570	1.920	2.213	2.453
Galicia	**4.156**	**4.357**	**4.310**	**4.502**	**4.173**	**4.173**	**4.165**	**4.165**	**4.102**	**4.350**	**4.796**	**4.988**	**5.416**
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	1.638	2.532	2.354	2.808	3.090	2.948	3.017	2.932	2.459	1.521	1.116	993	1.009
Lugo	725	990	1.169	1.226	1.335	1.294	1.297	1.294	1.099	887	793	728	663
Ourense	1.079	1.361	1.445	1.278	1.448	1.295	1.174	1.082	935	827	643	447	350
Pontevedra	3.276	4.417	4.207	4.401	4.888	4.834	4.675	4.475	4.527	3.976	3.695	3.340	2.874
Galicia	**6.718**	**9.300**	**9.175**	**9.713**	**10.761**	**10.371**	**10.163**	**9.783**	**9.020**	**7.211**	**6.247**	**5.508**	**4.896**

Elaboración propia.
Datos a 31de decembro.
Fonte: Xunta de Galicia.

No cadro 12.29 figura o importe medio da prestación da RISGA en cada unha das provincias galegas para 2014-2024. A contía maior sempre corresponde as provincias de Pontevedra e A Coruña. A RISGA supón un desembolso de 31,2 millóns de euros en 2024, dos que o 58,4% (18,2 millóns) corresponde á provincia de Pontevedra.

Cadro 12.29

Importe medio e total pagos RISGA. 2014-2024

	Importe medio mensual[1]										
	2014	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**
A Coruña	448,97	441,64	446,58	451,73	446,62	443,08	423,34	429,67	474,67	527,43	499,62
Lugo	446,75	444,09	441,56	445,71	442,87	437,00	411,06	430,49	443,38	406,71	485,34
Ourense	454,97	438,04	438,02	446,42	443,97	447,37	436,08	441,74	477,48	540,94	537,70
Pontevedra	420,17	417,65	422,93	429,12	432,11	436,68	423,69	437,03	449,95	493,10	503,81
Galicia	**462,01**	**430,61**	**434,07**	**439,78**	**439,16**	**439,82**	**423,34**	**435,21**	**456,37**	**506,79**	**502,87**

	Total neto										
	2014	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**
A Coruña	12.236.151	14.569.902	16.770.507	17.296.654	17.151.711	16.505.566	15.642.945	10.916.743	7.340.316	6.298.061	6.333.397
Lugo	4.784.688	5.994.371	7.005.188	7.310.056	6.919.033	6.909.719	6.746.063	5.203.863	4.317.896	4.476.738	4.118.839
Ourense	6.529.649	7.280.262	7.582.359	7.792.707	6.698.155	6.194.138	6.038.462	4.932.679	4.113.910	3.269.158	2.502.321
Pontevedra	20.499.662	22.368.646	24.896.143	26.360.007	24.927.313	24.251.382	25.010.473	23.329.919	20.871.812	20.028.517	18.261.142
Galicia	**44.050.150**	**50.213.181**	**56.254.197**	**58.759.425**	**55.696.213**	**53.860.805**	**53.437.943**	**44.383.203**	**36.643.934**	**34.072.474**	**31.215.700**

Elaboración propia.
(1) Importe medio por beneficiario. Datos de decembro de cada ano.
Fonte: Xunta de Galicia.

O cadro 12.30 inclúe o conxunto de prestacións periódicas de carácter asistencial en Galicia: as derivadas da LISMI, as do FAS (ata 2013), as non contributivas da Seguridade Social e as da RISGA.

As do FAS extinguíronse en 2014; as pensións do LISMI vanse reducindo notablemente. A partir de 1994 aparecen as pensións non contributivas como as máis importantes numericamente. A maior

parte das persoas beneficiarias dunha prestación de carácter asistencial residen nas provincias de Pontevedra (16.685) e A Coruña (14.557).

Cadro 12.30

Conxunto das prestacións periódicas de carácter asistencial.
Por provincias. 2010-2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
			LISMI		
2010	528	101	331	556	**1.516**
2011	475	90	322	500	**1.387**
2012	426	83	186	423	**1.118**
2013	366	74	155	292	**887**
2014	324	64	125	237	**750**
2015	272	53	63	203	**591**
2016	168	52	57	160	**437**
2017	143	47	50	144	**384**
2018	125	36	44	127	**332**
2019	112	34	36	107	**289**
2020	97	32	33	90	**252**
2021	90	30	32	82	**234**
2022	81	27	26	74	**207**
2023	56	25	22	62	**164**
2024	43	24	19	56	**141**
			Asistenciais (1)		
2010	6	7	12	11	**36**
2011	4	6	10	9	**29**
2012	3	3	6	7	**19**
2013	1	3	2	6	**12**
			Non contributivas da Seguridade Social		
2010	18.751	5.505	6.702	15.553	**46.511**
2011	18.221	5.411	6.533	15.213	**45.378**
2012	17.874	5.317	6.409	14.848	**44.448**
2013	17.504	5.097	6.272	14.638	**43.511**
2014	17.027	5.018	6.093	14.594	**42.732**
2015	16.645	4.938	5.941	14.360	**41.884**
2016	16.020	4.870	5.810	14.171	**40.871**
2017	15.435	4.722	5.645	13.762	**39.564**
2018	14.869	4.658	5.539	13.736	**38.802**
2019	14.676	4.616	5.434	13.786	**38.512**
2020	14.431	4.476	5.286	13.648	**37.841**
2021	14.244	4.444	5.297	13.540	**37.525**
2022	13.982	4.371	5.252	13.498	**37.103**
2023	13.700	4.291	5.239	13.636	**36.866**
2024	13.505	4.151	5.219	13.755	**36.630**
			RISGA		
2010	1.523	468	779	2.213	**4.983**
2011	1.474	559	930	2.453	**5.416**
2012	1.638	725	1.079	3.276	**6.718**
2013	2.532	990	1.361	4.417	**9.300**
2014	2.354	1.169	1.445	4.207	**9.175**
2015	2.808	1.226	1.278	4.401	**9.713**
2016	3.090	1.335	1.448	4.888	**10.761**
2017	2.948	1.294	1.295	4.834	**10.371**
2018	3.017	1.297	1.174	4.675	**10.163**
2019	2.932	1.294	1.082	4.475	**9.783**
2020	2.459	1.099	935	4.527	**9.020**
2021	1.521	887	935	3.976	**7.211**
2022	1.116	793	643	3.695	**6.247**
2023	993	728	447	3.340	**5.508**
2024	1.009	663	350	2.874	**4.896**
			Total		
2010	20.808	6.081	7.824	18.333	**53.046**
2011	20.174	6.066	7.795	18.175	**52.210**
2012	19.941	6.128	7.680	18.554	**52.303**
2013	20.403	6.164	7.790	19.353	**53.710**
2014	19.705	6.251	7.663	19.038	**52.657**
2015	19.725	6.217	7.282	18.964	**52.188**
2016	19.278	6.257	7.315	19.219	**52.069**
2017	18.526	6.063	6.990	18.740	**50.319**
2018	18.011	5.991	6.757	18.538	**49.297**
2019	17.720	5.944	6.552	18.368	**48.584**
2020	16.987	5.607	6.254	18.265	**47.113**
2021	15.855	5.361	6.263	17.598	**45.078**
2022	15.179	5.192	5.920	17.267	**43.557**
2023	14.749	5.044	5.707	17.038	**42.537**
2024	14.557	4.838	5.588	16.685	**41.667**

Elaboración propia.

(1) A partir de 2014 xa non hai beneficiarios.

Datos a 31de decembro de cada ano.O total inclúe a suma das categorías indicadas (LISMI, asistenciais, non contributivas da SS e RISGA).

Fonte: Xunta de Galicia e Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

12.7. Dependencia

A Lei de autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia recoñece o dereito ás persoas que non poidan valerse por si mesmas a que sexan atendidas polo sector público. Trátase de garantir unha serie de prestacións económicas vinculadas ao servizo, para coidados na contorna familiar e para asistencia persoal e en especie (servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal, teleasistencia, axuda a domicilio, coidados persoais, servizo de centro de día e de noite e servizo de atención residencial). As situacións de dependencia fíxanse en tres grados: moderada, severa e gran dependencia.

As contías das prestacións económicas fíxanse polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), tendo en conta a capacidade económica da persoa beneficiaria para os efectos de determinar a contía individual das prestacións económicas.

No cadro 12.31 contémplase por CC. AA. o número de persoas beneficiarias con dereito a prestación por cada un dos seus tipos, xunto á ratio de número de prestacións por persoa. As prestacións por coidados familiares constitúen no conxunto do Estado as prestacións máis numerosas, a 31 de decembro de 2024, o 29,9% (636.030). En Galicia o 23,4 % son para axuda a domicilio e o 20,0 % para coidados familiares.

Cadro 12.31

Persoas beneficiarias e prestacións do sistema de dependencia a 31-12-2024

	Beneficiarios dereito a prestación	Prev. dep. e prom. a. persoal	Tele-asistencia	Axuda a domicilio	Centros de día/noite	Atención residencial	P.e. vinculada ao servizo	P.e. cuidados familiares	P.e. asistencia persoal	Total	Ratio prest. por beneficiario
Andalucía	296.663	599	142.999	163.692	14.823	28.290	4.991	86.835	12	442.241	1,49
Aragón	45.264	4.504	10.563	5.649	1.787	4.113	9.837	23.465	0	59.918	1,32
Asturias	33.127	7.690	6.525	7.714	2.243	3.827	5.051	12.458	24	45.532	1,37
Baleares	31.849	4.256	16.606	2.305	1.763	3.000	802	24.138	0	52.870	1,66
Canarias	45.025	5.422	4.381	3.335	6.903	6.309	15.351	20.464	0	62.165	1,38
Cantabria	18.175	6.683	3.912	1.439	2.294	4.611	319	9.396	0	28.654	1,58
C.astela e León	126.194	14.284	32.771	21.691	8.191	9.092	52.187	36.852	2.717	177.785	1,41
Castela-A Mancha	78.035	10.564	31.893	15.619	4.279	12.485	12.015	19.651	21	106.527	1,37
Cataluña	229.333	17	36.176	33.811	14.187	38.650	24.245	135.641	85	282.812	1,23
C. Valenciana	164.565	1.628	82.468	6.188	9.422	13.783	25.305	110.114	752	249.660	1,52
Estremadura	37.168	1.715	6.883	939	2.422	5.358	20.304	6.927	0	44.548	1,20
Galicia	**77.196**	**6.210**	**21.170**	**24.636**	**9.033**	**6.780**	**16.339**	**21.018**	**135**	**105.321**	**1,36**
Madrid	190.951	5.944	81.046	54.375	18.768	24.716	29.233	51.712	82	265.876	1,39
Murcia	44.630	3.552	12.962	3.861	4.188	5.312	1.370	26.724	3	57.972	1,30
Navarra	16.475	2.286	3.533	1.135	831	2.571	2.994	9.759	42	23.151	1,41
País Vasco	70.761	1.144	26.175	6.133	7.737	13.421	1.390	37.808	7.161	100.969	1,43
A Rioxa	9.334	1.156	3.714	3.694	1.412	2.006	1.049	1.203	0	14.234	1,52
Ceuta e Melilla	3.679	688	784	1.281	66	221	5	1.865	0	4.910	1,33
España	**1.518.424**	**78.342**	**524.561**	**357.497**	**110.349**	**184.545**	**222.787**	**636.030**	**11.034**	**2.125.145**	**1,40**

Fonte: Imserso.

No cadro 12.32 figura o número de persoas beneficiarias con dereito a prestación en relación coa poboación por CC. AA. e a nivel estatal. En 2024 Galicia sitúase medio punto por baixo da media estatal, cun número a 31 de decembro de 2024 de 78.452 perceptores, 4.761 máis que o ano anterior.

Cadro 12.32

Persoas beneficiarias con prestación do sistema de dependencia en relación coa poboación. Por comunidades autónomas. 2014-2024

	Poboación[1]										
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Andalucía	8.402.305	8.399.043	8.388.107	8.379.820	8.384.408	8.414.240	8.478.084	8.472.407	8.511.520	8.500.187	**8.584.147**
Aragón	1.325.385	1.317.847	1.308.563	1.308.750	1.308.728	1.319.291	1.330.333	1.326.261	1.337.108	1.326.315	**1.341.289**
Asturias	1.061.756	1.051.229	1.042.688	1.034.960	1.028.244	1.022.800	1.018.899	1.011.792	1.005.686	1.004.686	**1.006.060**
Baleares	1.103.442	1.104.479	1.107.220	1.115.999	1.128.908	1.149.460	1.210.725	1.173.008	1.186.921	1.176.659	**1.209.906**
Canarias	2.104.815	2.100.306	2.101.924	2.108.121	2.127.685	2.153.389	2.236.992	2.172.944	2.186.351	2.177.701	**2.213.016**
Cantabria	588.656	585.179	582.206	580.295	580.229	581.078	582.388	584.507	585.687	585.402	**588.387**
Castela e León	2.494.790	2.472.052	2.447.519	2.425.801	2.409.164	2.399.548	2.401.307	2.383.139	2.376.453	2.372.640	**2.383.703**
Castela-A Mancha	2.078.611	2.059.191	2.041.631	2.031.479	2.026.807	2.032.863	2.045.554	2.049.562	2.057.976	2.053.328	**2.084.086**
Cataluña	7.518.903	7.508.106	7.522.596	7.555.830	7.600.065	7.675.217	7.652.348	7.763.362	7.770.689	7.792.611	**7.901.963**
C. Valenciana	5.004.844	4.980.689	4.959.968	4.941.509	4.963.703	5.003.769	5.029.341	5.058.138	5.107.827	5.097.967	**5.216.195**
Estremadura	1.099.632	1.092.997	1.087.778	1.079.920	1.072.863	1.067.710	1.061.979	1.059.501	1.057.552	1.054.776	**1.054.306**
Galicia	**2.748.695**	**2.732.347**	**2.718.525**	**2.708.339**	**2.701.743**	**2.699.499**	**2.702.592**	**2.695.645**	**2.692.996**	**2.690.464**	**2.699.424**
Madrid	6.454.440	6.436.996	6.466.996	6.507.184	6.578.079	6.663.394	6.747.068	6.751.251	6.728.055	6.750.336	**6.871.903**
Murcia	1.466.818	1.467.288	1.464.847	1.470.273	1.478.509	1.493.896	1.504.869	1.518.486	1.531.642	1.531.878	**1.551.692**
Navarra	640.790	640.476	640.647	643.234	647.554	654.214	656.509	661.537	664.480	664.117	**672.155**
País Vasco	2.188.985	2.189.257	2.189.534	2.194.158	2.199.088	2.207.776	2.189.138	2.213.993	2.207.946	2.208.174	**2.216.302**
A Rioxa	319.002	317.053	315.794	315.381	315.675	316.798	315.931	319.796	319.754	319.892	**322.282**
Ceuta y Melilla	169.472	169.847	170.545	171.079	171.528	171.264	168.558	169.778	168.260	168.287	**168.545**
España	**46.771.341**	**46.624.382**	**46.557.008**	**46.572.132**	**46.722.980**	**47.026.208**	**47.332.614**	**47.385.107**	**47.496.903**	**47.475.420**	**48.085.361**

	Beneficiarios/as con dereito a prestación										
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Andalucía	163.348	179.239	183.962	196.730	212.243	220.375	285.089	257.227	270.632	286.600	**313.855**
Aragón	17.076	17.828	21.038	25.617	29.146	32.952	36.344	35.145	37.547	40.334	**45.350**
Asturias	15.354	17.524	20.034	21.242	22.049	21.083	27.263	27.700	28.977	31.214	**33.572**
Baleares	11.483	11.630	14.587	16.761	17.328	20.674	25.528	24.476	26.198	29.233	**35.599**
Canarias	23.196	13.885	16.852	19.417	21.638	23.390	33.152	26.787	34.697	40.697	**52.503**
Cantabria	13.774	13.945	13.370	15.283	15.734	17.179	21.022	17.369	17.553	17.166	**18.551**
Castela e León	62.047	73.546	85.301	88.709	93.374	104.776	105.708	108.712	114.173	122.589	**126.345**
Castela-A Mancha	36.322	36.796	41.338	51.473	57.838	62.182	64.772	63.814	67.338	72.357	**80.045**
Cataluña	125.821	126.450	126.668	141.058	155.037	163.730	230.320	166.875	187.874	201.720	**269.088**
C. Valenciana	41.809	43.239	51.564	61.488	74.354	88.242	115.485	117.265	133.839	146.290	**172.554**
Estremadura	21.697	22.242	24.435	25.582	29.189	28.237	34.750	31.070	32.795	35.293	**40.991**
Galicia	**39.004**	**41.823**	**49.101**	**55.370**	**60.099**	**61.636**	**67.467**	**65.061**	**68.103**	**73.691**	**78.452**
Madrid	90.038	101.304	108.817	117.758	141.699	143.622	161.936	152.686	163.762	177.795	**201.810**
Murcia	27.029	27.485	32.134	33.962	34.999	35.054	40.012	37.047	37.762	40.484	**51.617**
Navarra	8.454	9.038	9.754	12.284	13.668	13.801	14.462	14.164	15.245	16.142	**16.933**
País Vasco	41.049	51.044	56.449	62.070	65.017	67.062	79.315	65.741	65.206	67.674	**85.082**
A Rioxa	6.320	6.743	7.592	7.396	8.100	8.282	10.806	8.004	8.548	9.180	**10.406**
Ceuta y Melilla	1.899	2.348	2.568	2.631	2.763	2.906	3.042	2.999	3.188	3.407	**4.004**
España	**745.720**	**796.109**	**865.564**	**954.831**	**1.054.275**	**1.115.183**	**1.356.473**	**1.222.142**	**1.313.437**	**1.411.866**	**1.636.757**

	% persoas beneficiarias/poboación										
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Andalucía	1,94	2,13	2,19	2,35	2,53	2,62	3,36	3,04	3,18	3,37	**3,66**
Aragón	1,29	1,35	1,61	1,96	2,23	2,50	2,73	2,65	2,81	3,04	**3,38**
Asturias	1,45	1,67	1,92	2,05	2,14	2,06	2,68	2,74	2,88	3,11	**3,34**
Baleares	1,04	1,05	1,32	1,50	1,53	1,80	2,11	2,09	2,21	2,48	**2,94**
Canarias	1,10	0,66	0,80	0,92	1,02	1,09	1,48	1,23	1,59	1,87	**2,37**
Cantabria	2,34	2,38	2,30	2,63	2,71	2,96	3,61	2,97	3,00	2,93	**3,15**
Castela e León	2,49	2,98	3,49	3,66	3,88	4,37	4,40	4,56	4,80	5,17	**5,30**
Castela-A Mancha	1,75	1,79	2,02	2,53	2,85	3,06	3,17	3,11	3,27	3,52	**3,84**
Cataluña	1,67	1,68	1,68	1,87	2,04	2,13	3,01	2,15	2,42	2,59	**3,41**
C. Valenciana	0,84	0,87	1,04	1,24	1,50	1,76	2,30	2,32	2,62	2,87	**3,31**
Estremadura	1,97	2,03	2,25	2,37	2,72	2,64	3,27	2,93	3,10	3,35	**3,89**
Galicia	**1,42**	**1,53**	**1,81**	**2,04**	**2,22**	**2,28**	**2,50**	**2,41**	**2,53**	**2,74**	**2,91**
Madrid	1,39	1,57	1,68	1,81	2,15	2,16	2,40	2,26	2,43	2,63	**2,94**
Murcia	1,84	1,87	2,19	2,31	2,37	2,35	2,66	2,44	2,47	2,64	**3,33**
Navarra	1,32	1,41	1,52	1,91	2,11	2,11	2,20	2,14	2,29	2,43	**2,52**
País Vasco	1,88	2,33	2,58	2,83	2,96	3,04	3,62	2,97	2,95	3,06	**3,84**
A Rioxa	1,98	2,13	2,40	2,35	2,57	2,61	3,42	2,50	2,67	2,87	**3,23**
Ceuta y Melilla	1,12	1,38	1,51	1,54	1,61	1,70	1,80	1,77	1,89	2,02	**2,38**
España	**1,59**	**1,71**	**1,86**	**2,05**	**2,26**	**2,37**	**2,87**	**2,58**	**2,77**	**2,97**	**3,40**

* Cifras INE de poboación a 1de xaneiro.

** Persoas beneficiarias a 31de decembro.

Fonte: Imserso.

Finalmente, no Cadro 12.33 figura, a partires da información publicada pola Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migración sobre a incapacidade temporal ao peche do ano 2024.

Cadro 12.33

Prestacións por incapacidade temporal. Por provincias. Galicia/España 2024

	Duración media dos procesos finalizados no periodo	Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	Número de procesos iniciados no periodo	Número de procesos finalizados no periodo	Prevalencia por cada mil traballadores protexidos	Número de procesos en vigor ao final do periodo considerado	Traballadores protexidos ao final do periodo considerado	Media de traballadores protexidos
A Coruña	73,91	23,20	136.375	131.585	69,69	32.825	470.989	489.827
Lugo	98,96	19,97	31.180	30.074	70,14	8.772	125.060	130.113
Ourense	70,32	24,78	33.288	32.215	62,19	6.682	107.448	111.962
Pontevedra	78,09	23,76	112.196	109.661	64,17	23.980	373.678	393.525
Galicia	**77,52**	**23,18**	**313.039**	**303.535**	**67,08**	**72.259**	**1.077.175**	**1.125.426**
España	43,13	32,13	8.552.266	8.370.019	50,87	1.090.619	21.437.704	22.182.090

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migración

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 13 —

ELECCIÓNS SINDICAIS

13

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL)

Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA

INSPECTOR DE TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

CADRO 13.1.1. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS SEGUNDO XÉNERO E PORCENTAXES CORRESPONDENTES. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.1.2. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS AVISOS PREVIOS, ACTAS REXISTRADAS, REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS E PORCENTAXE DE REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS. GALICIA. 01.01.2024/31.12.2024

CADRO 13.2. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DA PARTICIPACIÓN ELECTORAL. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.3. CARACTERÍSTICAS DOS VOTOS EMITIDOS. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.4. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS/AS ELECTORES/AS, VOTANTES E PARTICIPACIÓN ELECTORAL. POR XÉNERO. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.5. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO NÚMERO DE ACTAS REXISTRADAS SEGUNDO O TAMAÑO DO CENTRO DE TRABALLO. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.6. IMPUGNACIÓNS, DESISTENCIAS E LAUDOS. GALICIA. 2024

CADRO 13.7.1. REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS POR SINDICATO E PROVINCIA. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.7.2. REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS POR SINDICATO E PROVINCIA. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.8. COMPARATIVA, A NIVEL PROVINCIAL, DOS/AS REPRESENTANTES ELIXIDOS/AS ENTRE O PERÍODO ACTUAL (PA: 01.01.21/31.12.24) E O PERÍODO ANTERIOR (PRM: 01.01.20/31.12.23). GALICIA

CADRO 13.9.1. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. GALICIA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.9.2. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADOS POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. GALICIA. 01.01.2024/31.12.2024

CADRO 13.10.1. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADOS POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. A CORUÑA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.10.2. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADOS POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. A CORUÑA. 01.01.2024/31.12.2024

CADRO 13.11.1. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. LUGO. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.11.2. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. LUGO. 01.01.2024/31.12.2024

CADRO 13.12.1. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. OURENSE. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.12.2. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. OURENSE. 01.01.2024/31.12.2024

CADRO 13.13.1. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. PONTEVEDRA. 01.01.2021/31.12.2024

CADRO 13.13.2. NÚMERO TOTAL DE REPRESENTANTES DIFERENCIADO POR SEXO E POR CADA ORGANIZACIÓN SINDICAL OU PROFESIONAL, SEGUNDO AS ACTAS REXISTRADAS. PONTEVEDRA. 01.01.2024/31.12.2024

Capítulo 13. ELECCIÓNS SINDICAIS

Neste apartado reflíctese o mecanismo de conformación da representación sindical das persoas traballadoras, para o cal se procede á análise dos resultados dos procesos electorais desenvolvidos na Comunidade Autónoma Galega, e das súas continxencias, en 2024 e nos catro últimos anos. Todo iso coa finalidade de expresar a realidade, nunca estática, da representatividade sindical en Galicia.

Como se vén de avanzar, para facer unha primeira análise desa representatividade sindical non sería suficiente co exame dos datos referidos a 2024, senón que tamén se contempla como período máis amplo o dos últimos catro anos (de 2021 a 2024) e, nalgunha outra ocasión, o período anterior a este (de 2020 a 2023).

Se tomamos en consideración (cadro 13.1.1) o período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2024, o número de persoas elixidas foi de 17.121. A Coruña foi, unha vez máis, a provincia onde máis representantes se elixiron, co 43,21% do total, algo máis de 7 puntos por riba da provincia de Pontevedra. Non obstante, A Coruña viña sendo tamén a provincia onde a porcentaxe de mulleres representantes era menor, algo corrixido nos últimos dous períodos de catro anos, en que a porcentaxe de mulleres elixidas foi moi similar en tres das catro provincias galegas. A excepción foi Pontevedra, que no último período 2021/2024 ten 5 puntos menos que A Coruña, esta vez a que máis representantes mulleres elixiu.

Cadro 13.1.1
Distribución provincial de representantes elixidos/as segundo xénero e porcentaxes correspondentes. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

	Representantes elixidos/as	% de representantes elixidos/as sobre o total	Homes	Mulleres	% mulleres sobre o total provincial
A Coruña	7.398	43,21	4.269	3.129	42,30
Lugo	1.901	11,10	1.100	801	42,14
Ourense	1.659	9,69	973	686	41,35
Pontevedra	6.163	36,00	3.874	2.289	37,14
Galicia	**17.121**	**100,00**	**10.216**	**6.905**	**40,33**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Se tomamos en consideración tan só o ano 2024 (cadro 13.1.2), rexistráronse un total de 1.327 actas de procesos electorais, elixíndose 3.981 representantes (8.226 representantes en 2023; 3.168 representantes en 2022 e 2.168 representantes en 2021), coa distribución dende o punto de vista sindical que se dirá máis adiante. A provincia da Coruña foi, tamén aquí, na que se elixiron máis representantes, o 48,15%, case que a metade do total de Galicia.

Cadro 13.1.2

Distribución provincial dos avisos previos, actas rexistradas, representantes elixidos/as e porcentaxe de representantes elixidos/as. Galicia. 01.01.2024/31.12.2024

	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas rexistradas	Representantes elixidos/as	Porcentaxe de representantes elixidos/as sobre o total %
A Coruña	488	594	1.917	48,15
Lugo	129	170	441	11,08
Ourense	106	131	402	10,10
Pontevedra	338	432	1.221	30,67
Galicia	**1.061**	**1.327**	**3.981**	**100,00**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

No que se refire á participación das persoas traballadoras nos procesos electorais (cadros 13.2 e 13.3), nos últimos catro anos participaron (votaron) en Galicia un 71,04% das persoas afectadas polas eleccións (cifra practicamente idéntica á dos períodos 2020/2023; 2019/2022; 2018/2021 e 2017/2020), producíndose a maior porcentaxe de participación na provincia de Lugo e a menor na da Coruña, ao igual que nos catro períodos anteriores.

Cadro 13.2

Distribución provincial da participación electoral. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

	Persoas traballadoras afectadas(1)		Participantes/ votantes(2)		Porcentaxe de participación por provincias(3)
	N.º	% (1)	N.º	% (2)	%
A Coruña	163.165	42,69	110.941	40,86	67,99
Lugo	39.644	10,37	30.568	11,26	77,11
Ourense	38.006	9,94	28.112	10,35	73,97
Pontevedra	141.374	36,99	101.893	37,53	72,07
Galicia	**382.189**	**100,00**	**271.514**	**100,00**	**71,04**

(1) Porcentaxe de persoas traballadoras afectadas en relación co total.
(2) Porcentaxe de participantes en relación co total das catro provincias.
(3) Porcentaxe de participantes en relación co total de cada provincia.
Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.



No cadro 13.3 pódese constatar a casuística dos votos emitidos.

Cadro 13.3

Características dos votos emitidos. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

	A candidaturas (válidos)	Nulos	En branco	Total votos	%
A Coruña	119.893	930	3.208	124.031	43,21
Lugo	30.492	300	703	31.495	10,97
Ourense	27.311	263	745	28.319	9,87
Pontevedra	98.521	1.025	3.661	103.207	35,95
Galicia	**276.217**	**2.518**	**8.317**	**287.052**	**100,00**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Dende unha perspectiva de xénero, nestes últimos catro anos a participación de homes e mulleres foi moi parecida, consolidándose a tendencia dos períodos inmediatamente anteriores. A maior porcentaxe de participación, tanto das mulleres (77,31%) coma dos homes (76,94%), deuse, un ano máis, na provincia de Lugo.

Cadro 13.4
Distribución provincial dos/as electores/as, votantes e participación electoral. Por xénero. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

	Electores			Votantes			% Participación electoral		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Coruña	80.027	83.138	**163.165**	54.471	56.470	**110.941**	68,07	67,92	**67,99**
Lugo	17.979	21.665	**39.644**	13.900	16.668	**30.568**	77,31	76,94	**77,11**
Ourense	11.980	26.026	**38.006**	8.980	19.132	**28.112**	74,96	73,51	**73,97**
Pontevedra	67.230	74.144	**141.374**	46.817	55.076	**101.893**	69,64	74,28	**72,07**
Galicia	**177.216**	**204.973**	**382.189**	**124.168**	**147.346**	**271.514**	**70,07**	**71,89**	**71,04**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emprego. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laboais.



No que ten que ver coa dimensión dos centros de traballo (cadro 13.5), o maior número de procesos electorais, no período 2021/2024, medido en termos de actas rexistradas, deuse nas empresas de ata 30 persoas traballadoras (o 60,78%; o 60,90% no período anterior), seguido polo das empresas de entre 50 e 100 (o 14,76%; o 14,43% no período anterior). A provincia da Coruña concentra o maior número de procesos electorais en todos os tramos, agás no das empresas de entre 251 e 500 traballadores, en que se viu superada pola provincia de Pontevedra, e nas de máis de 5.000

persoas traballadoras, en que o número foi o mesmo que na provincia de Pontevedra, nestas dúas excepcións exactamente igual que ocorreu no período anterior.

Cadro 13.5
Distribución provincial do número de actas rexistradas segundo o tamaño do centro de traballo. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

	Ata 30 trab.	De 31-49 trab.	50-100 trab.	101-250 trab.	251-500 trab.	501-750 trab.	751-1000 trab.	1001-5000 trab.	> de 5000 trab.	Total
A Coruña	1.345	311	338	208	45	23	11	17	3	**2.301**
Lugo	450	74	94	46	12	2	1	6	0	**685**
Ourense	380	70	73	38	15	3	2	2	1	**584**
Pontevedra	1.251	264	327	149	46	8	10	8	3	**2.066**
Galicia	**3.426**	**719**	**832**	**441**	**118**	**36**	**24**	**33**	**7**	**5.636**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Polo que respecta ás impugnacións dos procesos electorais en 2024, o cadro 13.6 reflicte que foi a provincia da Coruña a de maior conflitividade neste terreo, destacando o número de laudos arbitrais ditados, o 48,95% do total.

Cadro 13.6
Impugnacións, desistencias e laudos. Galicia. 2024

	Impugnacións presentadas	Desistencias	Laudos ditados	Impugnacións pendentes
A Coruña	70	1	70	0
Lugo	14	0	13	0
Ourense	11	0	11	0
Pontevedra	48	12	36	0
Galicia	**143**	**13**	**130**	**0**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia do período 2021/2024 (cadro 13.7.1) podemos constatar que a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 30,56% do total de persoas elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida pola Unión Xeral de Traballadores (UGT- Galicia), co 25,93%, e polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 24,90%. O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%. En todos os casos, os resultados son similares aos do período 2020/2023.

Ademais, no período reflectido, a CIG foi primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, segunda en Ourense (se ben a suma de "outros" en Ourense, representaría ese segundo lugar); e terceira en Lugo.

A UGT- Galicia foi a primeira forza en Lugo e Ourense, e a segunda na Coruña e Pontevedra.

Finalmente, o SN de CCOO de Galicia resultou ser a segunda forza en Lugo; e a terceira na Coruña, Pontevedra e Ourense.

A posición relativa entre as tres organizacións sindicais máis representativas de Galicia tampouco ten variacións no total da Comunidade Autónoma, se o que consideramos é tan só o último dos anos do período analizado, 2024 (cadro 13.7.2).

Cadro 13.7.1

Representantes elixidos/as por sindicato e provincia. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	%
CIG	2.306	482	393	2.051	**5.232**	**30,56**
UGT	1.872	540	483	1.544	**4.439**	**25,93**
CCOO	1.848	519	364	1.532	**4.263**	**24,90**
Outros	1.372	360	419	1.036	**3.187**	**18,61**
Totais	**7.398**	**1.901**	**1.659**	**6.163**	**17.121**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia con datos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.



Cadro 13.7.2

Representantes elixidos/as por sindicato e provincia. Galicia. 01.01.2024/31.12.2024

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	%
CIG	699	140	92	386	**1.317**	**33,08**
UGT	485	131	114	323	**1.053**	**26,45**
CCOO	463	117	91	328	**999**	**25,09**
Outros	270	53	105	184	**612**	**15,37**
Totais	**1.917**	**441**	**402**	**1.221**	**3.981**	**100,00**

Fonte: elaboración propia con datos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.



Agora imos tomar como referencia a comparativa entre o período dos últimos catro anos (2021/2024) e o período inmediatamente anterior (2020/2023). E para iso hai que partir da base de que, no período dos últimos catro anos, en relación co período inmediatamente anterior, foron elixidos 1.624 representantes máis. Dese número, o sindicato que máis representantes gañou foi a CIG (+521); seguida da UGT- Galicia (+466) e do SN de CCOO (+369). O resto das entidades sindicais conseguiron 268 representantes máis que no período anterior.

Cadro 13.8

Comparativa, a nivel provincial, dos/as representantes elixidos/as entre o período actual (PA: 01.01.2021/31.12.2024) e o período anterior (PRM: 01.01.2020/31.12.2023). Galicia

Provincia	Centrais sindicais									
	CIG		CCOO		UGT		Outros		Totais	
	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM
A Coruña	2.306	2.049	1.848	1.703	1.872	1.683	1.372	1.258	**7.398**	**6.693**
Lugo	482	445	519	472	540	475	360	344	**1.901**	**1.736**
Ourense	393	342	364	309	483	414	419	348	**1.659**	**1.413**
Pontevedra	2.051	1.875	1.532	1.410	1.544	1.401	1.036	969	**6.163**	**5.655**
Galicia	**5.232**	**4.711**	**4.263**	**3.894**	**4.439**	**3.973**	**3.187**	**2.919**	**17.121**	**15.497**

Fonte: elaboración propia con datos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego Relacións Laborais.

Nos cadros 13.9.1 e seguintes detállase o número de representantes que obtivo en Galicia, e en cada unha das catro provincias, o conxunto das organizacións sindicais e profesionais concorrentes aos procesos electorais producidos no período 2021/2024 e en 2024.

Cadro 13.9.1

Número total de representantes diferenciados por sexo e por cada organización sindical ou profesional, segundo as actas rexistradas. Galicia. 01.01.2021/31.12.2024

Código	Organizacións	Homes	Mulleres	Totais
02	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	3.226	2.006	**5.232**
04	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES- UGT GALICIA (UGT)	2.703	1.736	**4.439**
03	SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA (CCOO)	2.560	1.703	**4.263**
05	CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE Y DE FUNCIONARIOS (CSI-CSIF)	425	310	**735**
06	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	288	154	**442**
07	CONFEDERACIÓN SINDICAL INDEPENDIENTE FETICO	143	264	**407**
08	NON SINDICADOS (NON SIND)	205	144	**349**
09	FEDERACIÓN SINDICATOS INDEPENDIENTES ENSEÑANZA (FSIE)	88	169	**257**
720290	CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES (C.U.T.)	83	73	**156**
01	CONFEDERACION GENERAL DEL TRABAJO (C.G.T.)	95	60	**155**
39	VALORIAN	16	36	**52**
720293	UNION SINDICAL TRABALLADORES DE GALICIA (U.S.T.G.)	30	15	**45**
720307	SINDICATO DE TRABALLADORES DE LIMPEZA	24	14	**38**
170001	SINDICATO DE ENFERMERIA (ADHERIDO A FSES.-Cód.17)	11	26	**37**
720321	Sindicato Nacional do Ensino Privado de Galicia-SNEPdG	14	18	**32**
821811	UNIÓN SINDICAL Y TÉCNICOS SANITARIAS	5	23	**28**
170003	ANPE-SINDICATO INDEPENDIENTE (ADHERIDO A FSES.-Cód.17)	10	17	**27**
720299	MÉDICOS DE GALICIA INDEPENDIENTES (O´MEGA)	17	10	**27**
821911	Sindicato independiente de banca y servicios financieros	16	9	**25**
720331	GRUPO DE TRABAJADORES DE COREN OURENSE	14	9	**23**
720218	Sindicato Independiente de trabajadores de CITROEN (SITC)	18	3	**21**
100024	ALTERNATIVA SINDICAL DE CAJAS (afiliado a la Confederac.cód.10)	13	6	**19**
821791	SIND.DE TRABAJAD.DE LA ADMINIST.DE JUSTICIA (STAJ)	7	8	**15**
821114	SIND.EMPLEAD. CAJA AHORROS Y PENSIO. BARC. (SECPB)	10	3	**13**
